

galicia

aloxamentos  
accessibles



XUNTA DE GALICIA

Tel. 902 200 432  
[www.turgalicia.es](http://www.turgalicia.es)



**Edita**

Turgalicia

**Textos e Fotos**

PREDIF

**Realiza**

Taller de Insomnios S.L.

**Imprime**

La Ibérica

**D. Legal**

C 4045-2010

Dentro do Plan de Acción de Turismo de Galicia 2010-2013 contéplase na súa política de desenvolvemento unha estratexia de actuación orientada ao apoio do turismo accesible a través da eliminación de barreiras e impulso á accesibilidade nos recursos turísticos.

Desde formulacións sociais e económicas, hai razóns obxectivas para posibilitar o turismo a todas aquelas persoas que padecen algún grao de diversidade funcional. Galicia encóntrase enriquecida por numerosos recursos turísticos que poden presentar dificultades para un goce real, especialmente para aquelas persoas que teñen algunha discapacidade física. A través destas actuacións preténdese que, de xeito sucesivo, se reduza o maior número de dificultades para o seu acceso a esta oferta en Galicia.

Razóns de concienciación cidadá e de cumprimento de principios de xustiza e non discriminación, así como outros argumentos de carácter económico, tendo en conta que en España existen máis de catro millóns de persoas e cincuenta millóns en Europa que por causa dunha diversidade funcional teñen limitada a posibilidade do desfrute dun turismo en igualdade de condicións, xustifican a necesidade de tomar parte activa nesta cuestión. Desde Galicia queremos posibilitar o goce da nosa terra a todos os que o desexen, sen barreiras.

Esta guía é o primeiro paso no desenvolvemento de actuacións de mentalización e convencemento dos axentes turísticos dos nosos destinos para que adecúen áreas con mala accesibilidade, e faciliten o coñecemento dos recursos turísticos a persoas con diversidade funcional.

Nesta actuación, tamén contemplada no Plan de Acción Integral para as Persoas con Discapacidade de Galicia 2010-2013 da Consellería de Traballo e Benestar, xorde como unha primeira necesidade analizar a accesibilidade da oferta aloxativa turística de Galicia, como elemento fundamental para o movemento de turistas cara ao noso destino. Os obxectivos que se perseguen son sensibilizar e asesorar en materia de accesibilidade universal e deseño a todos os axentes turísticos, ofrecer unha información pormenorizada do grao de accesibilidade dos aloxamentos turísticos de Galicia e, por último, facilitar aos turistas unha ferramenta veraz e obxectiva de información turística accesible. Agardamos que para a persoa que a teña nas súas mans, a guía constitúa un instrumento útil para facer realidade o lema 'Turismo para Todos'.

María Carmen Pardo López  
Secretaría Xeral para o Turismo

A accesibilidade constitúe un elemento de mellora da competitividade, posto que incorpora un importante segmento de novos turistas, tendo en conta que o 9% da poboación mundial ten algunha discapacidade. A integración da accesibilidade no sector turístico incrementa a calidade da oferta, xa que as melloras de accesibilidade nas infraestruturas levan consigo a optimización do confort para todas as persoas.

Para poder levar a cabo accións que se axusten ás necesidades específicas da oferta turística de Galicia, é fundamental realizar unha análise exhaustiva que diagnostique o grao de accesibilidade que presentan os aloxamentos da Comunidade Autónoma. Esta actuación tivo unha dobre liña de resultados:

- **Diagnóstico da accesibilidade.** Avaliación das condicións de accesibilidade que presentan os aloxamentos da oferta turística da Comunidade. Esta análise permite coñecer a realidade nesta materia e poder levar a cabo actuacións que se axusten ás necesidades detectadas.
- **Guía de aloxamentos accesibles de Galicia.** Os establecementos avaliados que presentan as mellores condicións de accesibilidade recolleranse na “Guía de aloxamentos accesibles de Galicia”. O obxectivo desta publicación é dar a coñecer aos posibles turistas ou visitantes con necesidades especiais, de forma obxectiva e descritiva, as características específicas da oferta de Galicia.

Para a realización dos traballos de avaliación e diagnóstico contouse con PREDIF, aproveitando que desde o ano 2004, conta cun protocolo de comprobación de accesibilidade específico para realizar un diagnóstico de accesibilidade de establecementos turísticos. Este protocolo foi deseñado en colaboración co CEAPAT, Vía Libre (Grupo FUNDOSA) e FESORCAM. Reúne os parámetros de accesibilidade que acordou este equipo multidisciplinar para analizar todos os elementos que compoñen os diferentes establecementos da oferta turística. Estes requisitos recollidos son resultado da análise comparativa das diverxentes esixencias que hai na lexislación en materia de accesibilidade a nivel europeo, estatal e autonómico e da información achegada polos socios destas entidades que representan a discapacidade en España.

Posto que neste proxecto se trataba de analizar o cumprimento dos requisitos de accesibilidade dos aloxamentos turísticos de Galicia, adaptouse o protocolo ás esixencias da nosa lexislación específica en materia de accesibilidade, en concreto á seguinte:

- Decreto 286/1992, de 8 de outubro de accesibilidade e eliminación de barreiras.
- Lei 8/1997, de 20 de agosto, de accesibilidade e supresión de barreiras da Comunidade Autónoma de Galicia.
- Decreto 35/2000, de 28 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento de desenvolvemento e execución da Lei de accesibilidade e supresión de barreiras na Comunidade Autónoma de Galicia.

Unha vez finalizado o traballo de campo e baseándose nos datos recollidos durante a visita de diagnóstico de cada establecemento realizouse a selección dos aloxamentos (accesibles e practicables) que aparecerán na Guía, tendo en conta os seguintes criterios:



## ALOXAMENTOS ACCESIBLES

Nesta categoría están incluídos aqueles establecementos que reúnen as seguintes características:

- O establecemento debe garantir o acceso ás estancias de uso común fundamentais (recepción, cafetería, comedor, restaurante, etc.). Poden incluírse aqueles que non teñan accesibles a piscina, salóns de lectura ou salas de xogos.
- Dispor de polo menos un cuarto adaptado:
  - Portas do cuarto e do cuarto de baño  $\geq$  a 75 cm.
  - No baño:
    - Debe haber un espazo que permita un xiro de polo menos 150 cm de diámetro.
    - O inodoro debe ter polo menos un lado que permita realizar a transferencia
    - O inodoro debe dispor de dúas barras de apoio correctamente situadas
    - A ducha ou o prato debe estar a rentes do chan (<1 cm)
    - A bañeira debe permitir o acceso ao vaso
    - A ducha e a bañeira deben ter un asento ou táboa de transferencia e unha barra de apoio.

## ALOXAMENTOS PRACTICABLES

Nesta categoría están incluídos aqueles establecementos que reúnen as seguintes características:

- O establecemento debe garantir o acceso ás estancias de uso común fundamentais (recepción, cafetería, comedor, restaurante, etc.). Poden incluírse aqueles que non teñan accesibles a piscina, salóns de lectura ou salas de xogos.
- Dispor de polo menos un cuarto practicable:
  - Portas do cuarto e do cuarto de baño  $\geq$  a 70 cm.
  - No baño:
    - Debe haber un espazo que permita un xiro de polo menos 120 cm de diámetro.
    - O inodoro debe ter polo menos un lado que permita realizar a transferencia
    - O inodoro debe dispor de polo menos unha barra de apoio
    - A ducha ou o prato debe estar a rentes do chan (<1 cm)
    - A bañeira debe permitir o acceso ao vaso
    - A ducha e a bañeira deben ter polo menos un asento ou táboa de transferencia ou unha barra de apoio.
  - Tamén se aceptarán nesta categoría excepcionalmente, aqueles que teñen unha ducha con chanzo, sen pranchas de separación e con asento fixo e unha barra de apoio correcta que permitan a súa utilización sen presentar dificultade.

## Índice de aloxamentos

Accesibles 

Practicables 

Nome	Pág.	Nome	Pág.	Nome	Pág.
Hotel AC A Coruña	10	Gran Hotel Santiago	122	Casa Berdeal	180
Hotel Eurostars Ciudad de La Coruña	14	Hotel NH Obradoiro	124	Casa de Bola	182
Hotel A Quinta da Auga Spa	18	Hotel Tryp San Lázaro	126	Casa Calvo	184
Hotel Zenit Coruña	22	Hotel A Marisqueira	128	Casa de Casal	186
Hotel Puerta del Camino	26	Hotel-Apartamentos As Galeras	130	Casa do Caseiro de Riba	188
Hotel Balneario Compostela	30	Hotel Casa Barreiro	132	Casa do Cruceiro	190
Hotel Herbeira	34	Hotel Fonte do Fraile	134	Pazo da Cruz	192
Parador de Ferrol	38	Hotel Playa de Laxe	136	Casa Dona María Apartamentos	194
Hotel Pontes do Eume	42	Hotel Punta del Este	138	Casa Rural "Finca Cabaneiro"	196
Hotel Muiño do Castelo	46	Hotel Riazor	140	A Graña da Acea	198
Hotel ABC	50	Hotel As Brisas do Freixo	142	Casa Lourán	200
Hotel Valdoviño	54	Hotel Balneario de Arteixo	144	Casa Lucas Habitaciones y Apartamentos	202
Pensión Rural O Regueiro do Allo	58	Hotel Florida	146	Casa O Mesón	204
Casa Raúl	62	Hotel Rustico Fontequeroso	148	Casa do Morcego	206
Casa de Trillo	66	Hotel Rustico Insula Finisterrae	150	Casa do Patín Turismo Rural	208
Hotel EGO	70	Hotel Xallas	152	Casa Penaquente	210
Gran Hotel Lugo	74	Hotel La Casona del Abuelo	154	Casa Quinto	212
Hotel Parador de Vilalba	78	Hotel Playa Langosteira	156	Casa Rei	214
Hotel O Cabazo	82	Casa das Bentinas	158	Rodeo da Casa	216
Hotel Piornedo	86	Hotel R. Crisol de Las Rias	160	Pazo de Santa María	218
Pazo de Verdes	90	Hotel Narón	162	Casa Souto de Abaixo	220
Casa Fandín	94	Pazo de Rilo Hotel Monumento	164	Casa O Vilar	222
Casa da Feiravella	98	Casa Castiñeira	166	Camping Punta Batuda	224
Hotel Augusta Spa Resort I	102	Albergue Santiago Apostol	168	Camping Valdoviño	226
Hotel Canelas	106	Casa Vaamonde	170	Camping Barraña	228
Hotel Susuquí	110	Pensión Residencia Rosarosae	172	Camping Fontesín	230
Hesperia Finisterre	116	Hotel Tijuana Narón	174	Camping Río Xuvia	232
Hotel AC Palacio del Carmen	118	Casa Quintás	176	Apartamentos Divina Pastora	234
Parador Hostal dos Reis Católicos	120	Casa de Arrueiro	178	Hotel Fonte Sacra	236
				Parador de Monforte de Lemos	238

Nome	Páx.
Hotel EO	240
Hotel Ceao Express	242
Bi-Terra (Hotel Residencia)	244
Hotel Casa Benilde	246
Hotel Darío II	248
Hotel Balneario do Río Pambre	250
Hotel Jorge I	252
Casa do Fidalgo	254
Hotel Casa Doñano	256
Casa de Turismo Rural O Foilebar	258
Pazo de Ludeiro	260
Casa do Merlo	262
A Casa do Mudo	264
Casa do Pacio	266
A Parada das Bestas	268
A Casa de Piego	270
Casa de Turismo Rural Solariega de Cervantes	272
Casa da Vila	274
Apartamentos Casoa de Braña	276
Apartamentos Turísticos O Castro de Villaosende	278
Hotel Francisco II	280
Parador de Santo Estevo	282
Hotel Spa Vilavella	284
Hotel Balneario Arnoia Caldaria	286
Hotel Rústico La Churra	288
Hotel Xinzo	290
Hotel Rústico A Palleira	292
Pensión Rústica A Revolta	294

Nome	Páx.
Pensión Casa O Torgal	296
Casa Grande de Cristosende	298
Casa Lar das Pías	300
Casa O Outeiriño,	302
Turismo Rural Casa Quina	304
Casa Ramirás	306
A Casa da Tulla	308
Camping A Massía Bungalows	310
Camping Municipal Arenteiro	312
Apartamentos As Casiñas da Avoa Carlota	314
Hotel Augusta Spa Resort II	316
Hotel Carril	318
Hotel Balneario Louxo La Toja	320
Hotel Parador de Tui San Telmo	322
Hotel Bosque Mar	324
Hotel Restaurante Costa Verde	326
Hotel Apartamentos Dabarca	328
Hotel Las Sinas	330
Hotel Maruxía	332
Hotel Monasterio de Aciveiro	334
Hotel R. Balneario Baños de Brea	336
Hotel Rectoral de Cobres	338
Hotel Troncoso	340
Hotel Alpina	342
Hotel Duarte	344
Hotel Internacional	346


Nome	Páx.
Hotel Plaza	348
Hotel Portonovo	350
Hotel A Queimada	352
Hotel Arce	354
Hotel Cachada	356
Hotel A Vella Escola	358
Hotel A Fontiña	360
Hotel O Canastro	362
Pazo A Capitana	364
Casa Hospedería O Casal	366
Casa Don Benito	368
El Pazo de Eidián	370
Casa R. do Fontán	372
Casa Grande de Loño	374
Casa A Mimoseira	376
Casa Rural Val Fresco	378
Casa Grande de Vilanova	380
Camping Baltar Bungalows	382
Camping O Muíño	384
Camping Cachadelos	386
Camping El Edén	388
Camping Islas Cíes	390
Camping Moreiras	392
Camping Muíneira	394
Camping Paisaxe	396
Camping Río Ulla	398
Camping Salinas	400
Apartamentos Mar de Plata	402
Mirador Ría de Bayona Apartamentos de Vacaciones	404
Apartamentos Río Ulla	406



Accesibles

## Hotel AC A Coruña (H★★★★)

R/ Enrique Mariñas, 34  
15009 A Coruña  
Teléfono: 981 175 490  
Fax: 981 175 491  
Web: [www.ac-hotels.com](http://www.ac-hotels.com)  
E-mail: [acacoruna@ac-hotels.com](mailto:acacoruna@ac-hotels.com)



### INFORMACIÓN XERAL

Trátase dun hotel urbano situado no que dende hai un tempo se coñece como o novo centro de negocios e residencial da Coruña, moi preto do recinto feiral Expocoruña e do centro de ocio Coliseum. O hotel dispón de doados accesos para chegar á estación de tren, aeroporto da cidade e a autoestrada A-6 podendo saír ou entrar da Coruña rapidamente.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa chaira, ampla e despexada de obstáculos. O pavimento é duro, antiescorregadizo e homoxéneo.

#### Acceso

- O acceso principal presenta 4 chanzos, de 17 cm de altura e unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- A rampla ten 7,8 m de lonxitude, 2,13 m de ancho e unha pendente do 8,7%. Carece de pasamáns.
- A porta principal é xiratoria, automática, de vidro e deixa un ancho libre de paso de 1,46 m. Existe outra porta alternativa xunto á xiratoria, é de apertura manual, de doada apertura e mide 90 cm. Antes e despois da por-

ta hai espazo abondo para que unha persoa en cadeira de rodas poida facer un xiro de 360°.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ten unha altura de 1,15 m, pero carece dun espazo inferior que permita a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

#### Cuarto adaptado (Nº 517)

- N.º cuartos adaptados: 6. Están reparados en todas as plantas e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é maior de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 60 cm e accédese a esta polo lado dereito e esquerdo por un espazo de 90 cm de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura mínima de 50 cm.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama. Os aparatos de control ambiental están a unha altura de 1,48 m.

### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta abre cara ao interior e mide 78 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo superior a 80 cm. O asento está a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga está a 74 cm.
- Dispón dunha barra de apoio abatible no lado esquerdo e outra fixa no lado dereito a unha altura de 66 e 76 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 80 cm.

### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 78 cm de alto e 57 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,07 m e do resto dos accesorios do baño é de 1 m.

### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación de máis de 1 m de ancho. Ten biombo fixo.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 50 cm de altura e cunhas dimensións de 45 cm de ancho por 43 cm de fondo.
- A ducha ten de 1 barra de apoio vertical entre 70 - 90 cm de altura.

- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,02 m do chan e a alcachofa é regulable en altura.

### **Aseo adaptado na zona común**

- O hotel conta con 1 aseo adaptado situado na planta -1 e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta ábrese cara ao exterior e deixa un oco de paso de 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo reducido que permite facer un xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento maior de 80 cm de ancho polo lado dereito e pola fronte maior de 1,20 m. O asento está situado a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 74 cm.
- Ten 1 barra de apoio abatible no seu lado dereito e outra fixa no lado esquerdo, situadas a 60 -78 cm de altura e unha separación entre ambas as dúas de 70 cm.

### **Lavabo**

- O lavabo dispón dunha altura libre baixo este de 66 cm e un fondo libre de 55 cm. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 92 cm e do resto dos accesorios do baño é de 1,10 - 1,20 m.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A entrada presenta 4 chanzos de 17 cm de altura, cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.

- A rampla alternativa aos chanzos ten unha pendente do 8,7%. Carece de pasamáns.
- As portas son de vidro e están sinalizadas con franxas que non teñen suficiente contraste de cor.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.

#### **Cuarto estándar (nº 509)**

- O número do cuarto indícase en letras grandes e en cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A bañeira ten biombo de vidro sen sinalizar.



### **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

#### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI e a TV ten decodificador de teletexto.

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### **Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

#### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,70 m. O tamaño dos caracteres é de 4 cm pero sen cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.

#### **Atención ao cliente**


- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -2	Accesible con ascensor	Hai unha praza reservada para persoas con Mobilidade Reducida (PMR).
Cafetaría Restaurante/ Buffet almorzos	Planta baixa	Accesible	<p>Altura da barra de cafetaría: 1,16 m.                      Mesas cadradas con pata central.                      Altura de mesa: 77 cm.                      Altura baixo mesa: 72 cm.                      Ancho baixo mesa: 70 cm.                      Fondo baixo mesa: 32 cm.                      Altura da barra buffet: 87 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Sala de reunións (3)	Planta 1ª e -1	Accesible	<p>Altura de mesa: 67 cm.                      Altura baixo mesa: 65 cm.                      Ancho baixo mesa: 50 cm.                      Fondo baixo mesa: 60 cm.</p>
Escaleiras	2 bloques de escaleiras de similares características	Con ascensor alternativo	<p>Tipo de escaleira: Interior.                      Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non.                      Os bordos dos chanzos con sinalización tacto-visual.                      Con tabica: Si. Con bocel: Non.                      Zócolo de protección lateral: Non.                      Pasamáns: Si.</p>
Ascensor ( hai dous de iguais características)	Todas as plantas	Accesible	<p>Altura dos botóns de chamada: 1,10 m.                      Ancho da porta: 80 cm.                      Ancho e fondo de cabina: 1,05 x 1,40 m.                      Altura dos botóns interiores: 90 cm e 1,20 m.                      Pasamáns: Non.                      Espello fronte á porta: Si.                      Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non.                      Cabina con sinais sonoros e visuais: Si.                      Botóns con números en altorrelevo e braille: Non.</p>
Ximnasio	1ª Planta	Accesible por ascensor	Non hai vestiarios adaptados.

# Hotel Eurostars Cidade de A Coruña (H★★★★)

R/ Juan Sebastián Elcano, 13  
15002 A Coruña (A Coruña)  
Teléfono: 981 211 100/ 981 212 100  
Fax: 981 224 610  
Web: [www.eurostarsciudaddelacoruna.com](http://www.eurostarsciudaddelacoruna.com)  
E-mail: [reservas@eurostarsciudaddelacoruna.com](mailto:reservas@eurostarsciudaddelacoruna.com)



## INFORMACIÓN XERAL

O mar é Galicia e Galicia é o mar. Por iso unha noite verdadeiramente galega é arrolarse co murmurio das ondas rompendo nos acantilados e espertar co reflexo da luz embriagadora do océano e o suave son do mar en calma da mañá. Sen dúbida, pola súa localización e a súa calidade, o Hotel Eurostars Cidade de A Coruña é o aloxamento ideal para regalarse estes praceres tan humanos, tan galegos, tan atlánticos.



## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa chaira, ampla e despexada de obstáculos. O pavimento é duro, antiescorregadizo e homoxéneo.
- O aloxamento dispón dun aparcadoiro exterior na explanada das súas inmediacións e as prazas non están delimitadas no chan. Non dispoñen dunha praza reservada para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).

### Acceso

- O acceso á porta principal presenta 8 chanzos, de 16 cm. de altura, ou unha rampla alternativa a estes.

- Esta rampla presenta 2 tramos con forma de U paralela á fachada do hotel, de 5 m. cada tramo, cun ancho mínimo de paso de 147 cm. e unha pendente do 5,2%. Esta rampla carece de pasamáns.
- O acceso principal é por porta xiratoria non automática de vidro, que deixa un ancho de paso de 134 cm. Antes e despois da porta hai espazo abondo para que unha persoa en cadeira de rodas poida facer un xiro de 360°.

### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ten unha zona adaptada a unha altura de 114 cm pero carece dun espazo inferior que permita a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

### Habitación adaptada (Nº 503)

- N.º cuartos adaptados: 9. Están na 5º e 6º planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A

distancia entre mobles é maior de 1,5 m.

- A cama ten unha altura de 54 cm e accétese a esta polo lado dereito por un espazo de 90 cm de ancho xa que polo lado esquerdo só hai 73 cm.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura mínima de 30 cm. O percheiro está fixo a 1,80 m de altura.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama. Os aparatos de control ambiental están a unha altura de 155 cm.

#### **Cuarto de baño da habitación adaptada**

- A porta é corredía e mide 80 cm de ancho. Dispón de manubrio de doada manipulación.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo de achegamento oblicuo polo lado dereito de 96 cm. e pola fronte maior de 1,5 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 73 cm.
- Dispón dunha barra de apoio abatible no lado dereito a unha altura de 60 e 77 cm. e outra fixa horizontal no esquerdo a 77 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 78 cm de alto e 46 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 95 cm. e a do resto dos accesorios do baño é de entre 90 e 120 cm.

#### **Bañeira**

- A bañeira ten espazo libre de aproximación frontal maior de 1.5 m.
- O bordo está situado a unha altura de 55 cm.
- A ducha dispón de 1 barra de apoio oblicua, colocada na parede das billas a unha altura de entre de 67,5 e 82 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 66,5 cm.
- O hotel dispón dun banco de transferencia.

#### **Aseo adaptado en zona común**

- O hotel conta con 1 cabina adaptada situada na planta baixa independente do resto. O itinerario é accesible.
- A porta é corredía e deixa un oco de paso de 78 cm de ancho.
- No interior existe un espazo reducido que permite facer un xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 145 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,06 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 73 cm.
- Ten 1 barra de apoio fixa, situada a 68 cm de altura.

#### **Lavabo**

- O lavabo dispón dunha altura libre baixo este de 84,5 cm. e un fondo libre de 50 cm. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 91 cm. e do resto dos accesorios do baño é de 101 cm.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada presenta 8 chanzos cunha rampla alternativa. As escaleiras teñen un ancho de 2,7 m que se estreita a 1,8 m. pola colocación de pasamáns a ambos os dous lados, colocado a 95 cm de altura. Os chanzos miden 16 cm de alto e 22 cm de fondo. Os chanzos non presentan contraste e non dispoñen de sinalización tacto visual no bordo.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Habitación estándar (Nº 511)

- O número do cuarto indícase en letras grandes pero sen cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Habitación estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura de 1,70 m. O tamaño dos caracteres é de 3 cm pero sen cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior		Sen delimitar.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible	<p>Altura da barra: 1,16 m.                      Mesas redondas con pata central.                      Altura da mesa: 73 cm. Altura baixo mesa: 70cm.                      Ancho baixo mesa: 57cm. Fondo baixo mesa: 10 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Restaurante/ buffet almorzos	Planta baixa	Accesible.	<p>Mesas cadradas de pata central.                      Altura da mesa: 75cm. Altura baixo mesa: 72,5 cm.                      Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 10 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.                      Altura da barra buffet: 89 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Sala de reunións (3)	Planta 0	Accesibles	Mesa non adaptada a usuarios de cadeira de rodas na analizada. No resto de salóns hai diversos tipos de mesa.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible dende recepción por plataforma elevadora para salvar 3 chanzos.	<p>Altura dos botóns de chamada: entre 1,31 e 1,39 m.                      Ancho da porta: 80 cm.                      Ancho e fondo de cabina: 110 cm x 1,13 m.                      Altura dos botóns de mando: entre 124 e 139 cm.                      Pasamáns: Non.                      Espello fronte á porta: Si.                      Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non.                      Cabina con sinais sonoros: Non.                      Botóns con números en altorrelevo: Si.                      Botóns con números en braille: Si.                      Botóns de cor contrastada: Non.</p>
Ximnasio/ SPA	8ª Planta	Accesible por ascensor	Non hai vestiarios adaptados.

## Hotel A Quinta da Auga Spa (H★★★★)

Paseo da Amaía 23B, Urbanización Brandía  
15706 Vidán-Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981 534 636  
Fax: 981 522 674  
E-mail: reservas@aquintadaauga.com  
Web: www.aquintadaauga.com



### INFORMACIÓN XERAL

O Hotel A Quinta da Auga constitúe un hotel de luxo en Santiago de Compostela. Pola súa atención ao detalle, a súa decoración, o delicado dos seus ambientes, o trato do seu persoal e a calidez dos seus cuartos, o viaxeiro sentirase transportado á exquisitez dos aloxamentos de luxo doutra época.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada principal do hotel encóntrase nunha rúa sen beirarrúas, en lixeira pendente pero totalmente despexada de obstáculos na liña de paso.
- Non hai prazas públicas de aparcadoiro reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR) nas súas inmediacións.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, por un pavimento de lousas de pedra.
- A porta é automática, corredía e cun ancho libre de paso de 1,92 m.

#### Vestíbulo e recepción

- No vestíbulo hai alfombras que están completamente fixadas ao chan.

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas. Existe unha zona sen mostrador precisamente para atender a persoas con algunha minusvalía.

#### Cuarto adaptado (Nº 208)

- N.º cuartos adaptados: 2. Están na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta mide 82 cm e no dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,80 m.
- A cama ten unha altura de 55 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 90 cm e polo esquerdo de 1,50 m.
- Os tiradores das portas do armario son de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 60 cm e 1 m. O percheiro está a 1,50 m de altura e hai un alzadeiro a 1,60 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,50 m.
- O tarxeteiro para accionar as luces está a 90 cm do chan.

### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta é corredía e deixa un ancho libre de paso de 90 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de 80 cm e de 2 m pola fronte. O asento está a unha altura de 50 cm e o mecanismo de descarga a 1,16 m.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de 81 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 71 cm de alto e 55 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,05 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 86 cm.

#### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,25 m.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Dispón dun asento de ducha homologado e regulable en altura.
- Ten unha barra de apoio horizontal na parede contraria ás billas a unha altura de 80 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,17 m. A alcachofa está suxeita nunha barra vertical que permite regular a súa altura entre os 1,20 e 1,70 m.

### **Aseo adaptado en zona común**

- Hai 2 aseos comúns adaptados: un na planta de recepción do hotel e outro na planta baixa do edificio anexo, onde está o SPA. O itinerario en ambos os dous é accesible.
- O analizado está situado na planta de recepción do hotel e está situado dentro do aseo de señoras. Non se sinalizou co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta xeral e a da cabina miden 82 cm. A primeira abre cara a dentro e a da cabina é corredía.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 98 cm pola fronte e polo lado dereito de forma oblicua pola presenza do lavabo. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo a unha altura de 76 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 66 cm de alto e 55 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de 1,03 m.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A entrada principal é accesible.
- A porta é corredía, automática, de vidro laminado e está sinalizada co logotipo do hotel en cor contrastada.
- Existen felpudos ancorados ao chan correctamente.

- En recepción o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.

#### **Cuarto estándar (nº 204)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.
- Tanto a porta do cuarto como a do aseo presenta contraste cromático coa parede.
- A bañeira está a unha altura de 47 cm e ten biombo de vidro.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.



### **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

#### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV permite a comunicación con recepción e ten decodificador de teletexto.

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### **Aseos comúns**

- As portas non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

#### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias e servizos cos textos e iconas de cor contrastada, aínda que non están en braille nin en altorrelevo.

#### **Atención ao cliente**


- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior e planta -1	Accesible con ascensor	Ningunha das prazas dispoñibles está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas con pata central. Altura da mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 76 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 30 cm. Non dispoñen de carta en braille. Ten terraza con itinerario accesible.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible polo exterior	Altura da barra: 1,16 m. Mesas cadradas con pata central. Altura da mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 15 cm. Non dispoñen de carta en braille. Ten terraza con itinerario accesible.
Salón	Planta baixa	Accesible por rampla	A rampla mide 1,50 m de longo, 1,30 m de ancho e ten una pendente do 2,2 %.
Piscina e Spa (edificio anexo)	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Non dispón de grúa de acceso ao vaso. Dispón dun aseo adaptado nos vestiarios. Non dispón de padiola para cambio. Existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
Vestuario	Planta 1ª	Accesible con ascensor	A porta é corredía e mide 81 cm de ancho.
Ascensores (2 no hotel e 1 no SPA de similares características)	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1,20 m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,1 x 1,40 m. Altura dos botóns de mando: entre 95 cm e 1,10 m. Espello fronte á porta: Non. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns con números en altorlevo e braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 17 cm e fondo: 32 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Altura do pasamáns: 1 m. Oco baixo a escaleira protexido: Si.

## Hotel Zenit Coruña (H★★★★)

R./ Comandante Fontanes, 19  
15003 A Coruña  
Teléfono: 218 981 484  
Fax: 204 981 040  
E-mail: coruna@zenithoteles.com  
Web: www.zenithoteles.com



### INFORMACIÓN XERAL

Inaugurado en 2002 na Praza de Pontevedra, na zona comercial central da Coruña, próximo ao Riazor e Orzán, o Hotel Zenit Coruña ofrece unha estancia cómoda e moderna.

Os 70 cuartos, algúns especialmente deseñados para persoas con discapacidade física, están equipados con todos os medios técnicos e as comodidades necesarias para gozar dun servizo de calidade. O hotel ten salas versátiles para diferentes necesidades e aparcadoiro. O restaurante do hotel, La Marola, combina con éxito a cociña creativa cos sabores tradicionais de Galicia.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A estrada de acceso é chaira, ancha e libre de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal está accesible.
- A porta é automática, corredeira e de vidro e ten un ancho de paso libre duns 80 cm.
- Hai un felpudo ancorado ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- O itinerario da entrada para a recepción ten 4 chanzos de 18 cm de altura. Hai unha ruta por rampla accesible alternativa de 1,83 m de ancho, 7,30 m de lonxitude e inclinación do 10,5%. Ten pasamáns a unha altura de 90 cm.
- O mostrador de atención ao cliente ten unha altitude de 1,1 m. Non ten una zona adaptada para persoas con discapacidade.

#### Cuarto adaptado (N.º 408)

- Nº de cuartos adaptados: 4. Están na 4ª planta (un cuarto adaptado por planta) e o percorrido é accesible por ascensor.
- A porta de entrada ten 78 cm de ancho.
- No cuarto hai un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre moles é maior de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 53 cm. Accédese a ela pola esquerda, por un espazo de máis de 90 cm.
- As portas do armario son corredeiras de difícil apertura. Os andeis e gabetas están a unha altura de 1,70 m.
- O interruptor de luz e o teléfono están situados a carón da cama e os apare-

Ilos de control de temperatura están a unha altura de 1,58 m.

#### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta ábrese cara ao exterior e mide 81 cm de ancho.
- No interior, hai un espazo de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O baño ten un espazo libre de acercamento de máis de 80 cm de ancho na parte dereita. O asento está a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio no lado dereito e outra fixa na parte esquerda a unha altura de 73 cm e cunha separación entre as dúas de 67 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo da pía hai un espazo libre de 70 cm de altura e 60 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e os outros accesorios do baño están a 80 cm.

#### **Bañeira**

- A altura do bordo da bañeira é 46 cm. Ten biombo abatible.
- Dispón dun asento de ducha homologado.
- Hai unha barra que abrangue ambas as paredes e está a unha altura entre 67 cm e 1,10 m. A billa é monomando e está a unha altura de 60 cm.

#### **Aseo adaptado na área común**

- O hotel ten 1 aseos adaptados na área común. Está situado na planta baixa e o percorrido é accesible.

- É unha cabina integrada nos aseos comúns e está marcada co símbolo internacional de accesibilidade (SIA).
- A porta xeral mide 80 cm e a da cabina abre cara a fóra e mide 77 cm de ancho.
- No interior, hai un espazo de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O baño ten un espazo libre de acercamento de máis de 80 cm de ancho no lado esquerdo. O asento está situado a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de soporte fixo no lado dereito e unha abatible sobre a esquerda. Están a unha altura de 72 cm e cunha separación entre as dúas de 78 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo da pía hai un espazo libre de 70 cm de altura e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 94 cm e os outros accesorios do baño están a 1,48 m de altura.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

#### **Acceso**

- A porta de entrada é automática, de vidro e está marcada con franxas de cor contrastada.
- Os chanzos que levan á recepción non están marcados na súa fronteira con franxas de cor contrastada e antiescorregadizas.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstrúe a circulación de persoas con discapacidade visual. Tampouco existen elementos voados que impliquen risco.

### **Cuarto estándar (Nº 406)**

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con contraste de cores.
- O mobiliario distribúese de xeito que non é un obstáculo á circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos que impliquen risco voado.
- Ten unha bañeira con pantalla de cristal sen sinal.



## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a internet por cable e Wifi
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Existe un enchufe á beira da cama.
- Ten información escrita sobre os servizos prestados.

### **Aseos comúns**

- As portas do baño teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre” e unha banda libre que permite que se vexa se hai alguén dentro.

### **Sinalización**

- O hotel dispón de placas indicando a situación das diferentes salas e servizos. As etiquetas seguen o mesmo patrón e están a unha altura media de 1,75 m.
- O tamaño da letra é superior a 1,5 cm e non presentan unha cor contrastada sobre o fondo. Non están complementados con información en braille ou en altorrelevo.

### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a linguaxe de signos.

Outras salas	Ubicación	Tipo itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Piso -2	Acceso por ascensor	Hai 8 lugares reservados para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR), dous dos cales son marcados con SIA.
Restaurante - Buffet	Nivel 0	Accesible	Ancho da porta: 1,06 m. Altura da barra de café: 1,40 m. Mesas con pata central. Altura da mesa: 74 cm. Altura ata a mesa: 71 cm. Ancho da mesa: 70 cm. Fondo de mesa: 30 cm. Non teñen carta en braille.
Cafetaría	Nivel 0	Accesible	Buffet: altura da barra: 1,16 m. Altura da mesa: 62 cm. Altura ata a mesa: 58 cm.
Sala de Reunións (2)	Piso -1	Acceso por ascensor	Ancho da porta: 1,06 m. Altura da mesa: 74 cm. Altura ata a mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo a mesa: 1,50 m.
Ascensor (2)	Todas as plantas	Accesible	Ancho da porta: 78 cm. Cabina de ancho e profundidade: 1,07 x 1,45 m. Altura dos botóns de chamada: 1,25 m. Altura dos botóns internos: entre 84 cm e 1,36 m. Pasamáns: Si, 90 cm. Chan de textura e cor diferentes fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros e visuais: Si. Botóns en altorrelevo: Non. Botóns en braille: Si. Botón de emerxencia con indicador luminoso: Non.
Escaleiras	Todas as plantas	Ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta no inicio e final: Non. Con Tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: Si.

## Hotel Puerta del Camino (H★★★★)

R/ Miguel Ferro Caaveiro, s/n  
15707 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981 569 400  
Fax: 981 572 627  
Web: [www.puertadelcamino.com](http://www.puertadelcamino.com)  
E-mail: [reservas@puertadelcamino.com](mailto:reservas@puertadelcamino.com)



### INFORMACIÓN XERAL

Situado en Santiago de Compostela, xunto ao Pazo de Congressos e a área de negocios da cidade, cunha excelente comunicación co Aeroporto de Lavacolla, da Cidade da Cultura e o centro da cidade. As súas amplas e modernas instalacións, xunto á súa excelente gastronomía, convérteno nun referente como lugar de encontro e negocios de Santiago de Compostela.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa chaira, ampla e despexada de obstáculos. O pavimento é duro, antiescorregadizo e homoxéneo.

#### Acceso

- O acceso principal ten 5 chanzos, de 18 cm de altura e unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- A rampla ten 7,3 m de lonxitude, 3 m de ancho e unha pendente do 6,9%. Carece de pasamáns.
- A porta principal é xiratoria, automática, de vidro e cun ancho libre de paso de 1,20 m. Existe outra porta alternativa xunto á xiratoria, de apertura manual e cun oco de paso de 78 cm.

Antes e despois da porta hai espazo abondo para que unha persoa en cadeira de rodas poida facer un xiro de 360°.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,10 m pero carece dun espazo inferior que permita a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

#### Cuarto adaptado (Nº 101)

- N.º cuartos adaptados: 4. Están na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 83 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é maior de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 53 cm e accédese a esta por ambos os dous lados cun espazo superior de 90 cm de ancho.
- O percheiro está fixo a 1,80 m de altura e as perchas son de mango longo.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama. Os aparatos de control ambiental están a unha altura de 1,04 m.

#### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta ábrese cara a fóra e mide 84 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo de achegamento polo lado dereito de 87 cm. O asento está a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga está a 74 cm.
- Dispón dunha barra de apoio abatible no lado dereito e outra fixa polo lado esquerdo a unha altura de 87 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 83 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 77 cm de alto e 58 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 93 cm e o resto dos accesorios do baño están a 1,24 m.

#### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación de máis de 1,20 m de ancho. Teñen biombo pregable.
- O chan da ducha é escorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño.
- Ten un asento fixo e abatible con respaldo situado a 47 cm de altura e cunhas dimensións de 56 cm de ancho por 40 cm de fondo.
- A ducha ten de 1 barra de apoio horizontal e vertical, que abrangue ambas

as dúas paredes e está entre 70 -75 cm de altura.

- A billa é termostática e require o xiro do pulso. Está situada a unha altura de 1,12 m do chan e a alcachofa é regulable en altura.

#### **Aseo adaptado en zona común**

- O hotel conta con 3 aseos adaptados situados na entreplanta e planta -1. O itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- O aseo analizado é o da planta -1, situado xunto á sala de reunións.
- A porta abre cara a fóra e deixa un oco de paso de 83 cm de ancho.
- No interior existe un espazo que permite facer un xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,04 m de ancho polo lado dereito. O asento está situado a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 73 cm.
- Ten 1 barra de apoio fixa polo lado esquerdo e demasiada distancia do inodoro e outra barra de apoio abatible no lado dereito, situadas a 87 cm de altura e cunha separación entre ambas de 1,10 m.

#### **Lavabo**

- O lavabo dispón dunha altura libre baixo este de 70 cm e un fondo libre de 50 cm. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 92 cm e a do resto dos accesorios do baño é de 1,04 - 1,30 m.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada presenta 5 chanzos de 18 cm de altura, cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada. Existe un pasamáns na parte central e outro no lateral, ambos os dous colocados a 70 cm de altura.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar (nº 115)

- O número do cuarto indícase en letras grandes pero sen cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI e a TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,52- 1,73 m. O tamaño dos caracteres é de 4 cm e presenta contraste respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente


- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Accesible con ascensor	As prazas están delimitadas.
Cafetaría	Planta baixa e entreplanta	Accesible con ramplas	<p>Altura da barra: 1,10 m.                      Mesas cadradas con pata central.                      Altura de mesa: 71 cm. Altura baixo mesa: 70 cm.                      Ancho baixo mesa: 70 cm.                      Fondo baixo mesa: 30 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Restaurante/ Buffet almorzos	Planta -1	Accesible con ascensor.	<p>Mesas cadradas de 4 patas.                      Altura de mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 65 cm.                      Ancho baixo mesa: 56 cm.                      Fondo baixo mesa: 90 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.                      Altura da barra buffet: 96 -78 cm.</p>
Sala de reunións (9) Analizado: "Salón CERVANTES"	Entreplanta	Accesibles	<p>As son portas de dobre folla e cada folla ten un ancho libre de paso de 84 cm.                      Altura de mesa: 74 cm.                      Altura baixo mesa: 65 cm.                      Ancho baixo mesa: 65 cm.                      Fondo baixo mesa: 90 cm.</p>
Escaleiras interiores		Con ascensor alternativo	<p>Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non.                      Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo: Si.                      Pasamáns: Non.</p>
Ascensor de iguais características da recepción aos cuartos	Todas as plantas superiores dende recepción	Accesible	<p>Ancho da porta: 91 cm.                      Ancho e fondo de cabina: 1,25 m x 1,40 m.                      Altura dos botóns de mando: 94 cm e 1,18 m.                      Pasamáns: a 1 m.                      Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non.                      Cabina con sinais sonoros: Si.                      Botóns con números en altorrelevo e braille: Non.                      Botóns de cor contrastada: Si.</p>
Piscina	Planta -1	Accesible por ascensor	Non hai vestiarios adaptados nin grúa para acceder ao vaso.

## Hotel Balneario Compostela (H\*\*\*)

Estr. Santiago-Noia, Os Ánxeles  
15280 Brión (A Coruña)  
Teléfono: 981 559 000  
Fax: 981 884 817  
E-mail: hotel@hbcompostela.com  
Web: www.hbcompostela.com



### INFORMACIÓN XERAL

Establecemento de construción no 2004, encóntrase situado no fermoso Val da Maía, en Brión, ámbito residencial de Santiago de Compostela, a 10 km. do centro da cidade pola estrada de Noia, vila considerada o porto de Compostela, con excelentes praias e ruta obrigada para aqueles que desexen culminar o Camiño de Santiago a Fisterra.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada principal do hotel encóntrase nunha rúa con beirarrúas chairas e amplas, totalmente despexadas de obstáculos na liña de paso.
- Hai unha praza pública de aparcadoiro reservada para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR) nas súas inmediacións, ademais de aparcadoiro propio no interior do hotel. No itinerario dende a praza pública ata a porta do hotel a beirarrúa ten unha altura de 3 cm.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible.
- A entrada ten dúas portas contiguas, automáticas, corredías e cun ancho libre de paso en total de 1,60 m. Existe

un felpudo fixado ao chan entre ambas portas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,17 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

#### Habitación adaptada (Nº 408)

- N.º cuartos adaptados: 4. Están na 4ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta mide 81 cm e no dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,24 m.
- A cama ten unha altura de 54 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de entre 80 e 90 cm.
- As portas dos armarios son corredías. Os andeis están situados a unha altura de 40 cm e o percheiro está fixo a 1,20 m de altura.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,60 m.

### **Cuarto de baño da habitación adaptada**

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de 81 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo lateral de acceso que permite a transferencia polo lado dereito de 1,50 m e de 90 cm pola fronte. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 71 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado a unha altura de 82 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 63 cm.

### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 80 cm de alto e 55 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,18 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 1 m.

### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal maior de 1,50 m. Ten un biombo abatible cara a fóra e dividido en dúas partes.
- O prato de ducha está ao mesmo nivel do chan e é antiescorregadizo, aínda que presenta unha pequena cella de 1,5 cm por guía de biombo.
- Dispón dun asento de ducha abatible fixado na parede lateral a unha altura de 42 cm e cunhas dimensións de 45 cm de ancho e de fondo.
- Ten barra de apoio situada a unha altura de entre 1,25 e 1,82 m.
- A billa é termostática e require o xiro de pulso. Está situada a unha altura

de 90 cm e a unha distancia de 45 cm do asento. A alcachofa suxéitase sobre a billa.

### **Aseo adaptado en zona común**

- Hai unha cabina de aseo adaptada independente e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- Sinalizouse co Símbolo de Accesibilidade pero non o internacional.
- A porta da cabina está sinalizada co SIA, abre cara ao interior e mide 82 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,60 m pola fronte e polo lado esquerdo pódese realizar a transferencia de forma oblicua pola presenza do lavado. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e outra fixa no lado dereito a unha altura de 87 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 61 cm.

### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 60 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 91 cm e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de 1 m.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A entrada principal é accesible.
- Hai dúas portas contiguas, automáticas, corredías e de vidro. Están sina-

lizadas con franxas horizontais pero con escaso contraste de cor e entre ambas as dúas hai un felpudo ancorado correctamente ao chan.

- En recepción o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.

### **Habitación estándar (nº 106)**

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Ten bañeira cuxo bordo está a unha altura de 43 cm. O biombo é de vidro e non está sinalizado con franxas de cor contrastada.

## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Habitación estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI. A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao carón da cama.
- Dispoñen de información escrita dos servizos prestados.

### **Aseos comúns**

- As portas non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a ubicación das diferentes estancias e servizos.
- Os textos e iconas non son de cor contrastada pero non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -2	Accesible con ascensor	Hai 2 prazas de aparcadoiro reservadas para PMR, cunhas dimensións de 4,50 m de ancho e 5 m de lonxitude e sinalizadas no pavimento co SIA.
Restaurante / buffet almorzos	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas e redondas con pata central. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 74 cm. Ancho baixo mesa: 74 cm. Fondo baixo mesa: 40 cm. Altura barra de buffet: varía entre 68 e 93 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible	Altura da barra: 1,10 m. Mesas cadradas e redondas con pata central. Altura da mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 76 cm. Ancho baixo mesa: 67 cm. Fondo baixo mesa: 20 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón	Planta baixa	Accesible	Altura da mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 67 cm. Ancho baixo mesa: 1,75 m. Fondo baixo mesa: 90 cm.
Piscina e Ximnasio	Planta baixa e -1	Accesible con ascensor	Non dispoñen de grúa de acceso ao vaso. Dispón dun aseo adaptado nos vestiarios.
Ascensores (2)	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,05 m. Ancho da porta: 82 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,07 x 1,50 m. Altura dos botóns de mando: entre 93 cm e 1,20 m. Altura do pasamáns: 89 cm. Espello fronte á porta: Si. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo e braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura do pasamáns: 95 cm.

## Hotel Herbeira ★★★

Lugar de Cordobelas, s/n  
15350-Cedeira (A Coruña)  
Teléfono: 981 492 167  
Fax: 981 482 713  
Web: [www.hotelherbeira.com](http://www.hotelherbeira.com)  
E-mail: [info@hotelherbeira.com](mailto:info@hotelherbeira.com)



### INFORMACIÓN XERAL

O Hotel Herbeira abre as súas portas cunha oferta de 16 cuartos, unha delas adaptada ás necesidades das persoas con minusvalía. Dispoñemos tamén de tres apartamentos. Situado nun enclave único, o municipio de Cedeira, o Hotel Herbeira está situado nun suave outeiro, o que lle confire aos nosos cuartos unha espectacular vista panorámica sobre a ría e a praia que deixará no seu recordo unha imaxe única.

Goce da súa estancia cos servizos de piscina e cafetería que o Hotel Herbeira lles ofrece e achéguese a Cedeira para comprobar a variada gastronomía dos nosos restaurantes.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa en lixeira costa, con beirarrúas estreitas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- A porta é de apertura manual, parcialmente acritalar, de dobre folla e cun ancho de 78 e 81 cm respectivamente.

- Existe un felpudo ancorado correctamente ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m, non adaptado a persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 101)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 92 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,25 m.
- A cama ten unha altura de 51 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,10 m de ancho e polo esquerdo de 1,30 m.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 41 cm e 1,76 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de 85 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- Todos os accesorios do baño son regulables en altura (tanto accesorios como barras).

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,15 m de ancho polo lado esquerdo, que coincide coa zona da ducha e pola fronte de máis 1,20 m. O asento está a unha altura de 48 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito a unha altura de 75 cm e outra abatible regulable en altura ao lado esquerdo, entre 50 e 70 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 93 cm.

### **Lavabo**

- O lavabo é regulable en altura. Debaixo deste hai un espazo libre de 1 m de alto e 53 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 90 cm e pódese regular a inclinación. O resto dos accesorios do baño están a 87 cm de altura.

### **Ducha**

- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o resto do cuarto de baño.
- Ten un asento abatible e fixo á parede, é regulable en altura e encóntrase a 50 cm de altura e cunhas dimensións de 32 cm de ancho e 36 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio en forma de "L", na mesma parede que

as billas e a unha altura de 64 cm. Ten cortina para evitar a fuga da auga.

- A billa é termostática, require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,15 m.

### **Aseo adaptado en zona común**

- Hai unha cabina de aseo adaptada, independente e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA), abre cara a fóra e ten un ancho libre de paso de 90 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de 1,46 m e polo lado esquerdo pódese realizar a transferencia de forma oblicua. O asento está situado a unha altura de 50 cm e o mecanismo de descarga a 1 m.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito e outra abatible no esquerdo, están a unha altura de 81 e 86 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 71 cm.

### **Lavabo**

- O lavabo é regulable en altura. Debaixo deste hai un espazo libre de 74 cm de alto e 52 cm de fondo.
- A billa é por sensor. A altura do bordo inferior do espello e dos accesorios do baño é de 1,04 m e ademais pódese regular a inclinación.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- A porta é de apertura manual, parcialmente acritalar e sen franxas de cor contrastada.
- Existe un felpudo ancorado correctamente ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar (nº 207)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 51 cm, ten unha barra de apoio e un biombo de cristal sen sinalización que alerte da súa presenza.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos comúns non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Non accesible	As prazas están delimitadas, pero non hai ningunha reservada a Persoas con Mobilidade Reducida.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible	<p>Altura da barra: 1,09 m.                      Mesas cadradas con pata central.                      Altura da mesa: 72 cm. Altura baixo mesa: 70 cm.                      Ancho baixo mesa: 32 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	<p>Altura dos botóns de chamada: 95 cm.                      Ancho da porta: 80 cm.                      Ancho e fondo da cabina: 1,02 x 1,22 m.                      Altura dos botóns de mando: entre 1,10 e 1,20 m.                      Altura do pasamáns: 90 cm.                      Espello fronte á porta: Non.                      Chan de textura e cor distinta cara á porta: Non.                      Cabina con sinais sonoros: Non.                      Botóns con números en altorrelevo: Si.                      Botóns con números en braille: Si.                      Botóns de cor contrastada: Si.                      Cabina con sinais visuais: Si.                      Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro de chamada: Non.</p>
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	<p>Tipo de escaleira: Interior.                      Nº de chanzos por tramo: Máis de 10.                      Chan de textura e cor distinta en inicio e remate: Non.                      Con tabica: Si. Con bocel: Si.                      Zócolo de protección lateral: Si.                      Altura de Pasamáns: 97 cm, a un lado.                      Oco baixo a escaleira protexido: Si.</p>

## Parador de Ferrol★★★

R/ Almirante Fernández Martín s/n  
15401 Ferrol (A Coruña)  
Teléfono: 981 356 720  
Fax: 981 356 721  
E-mail: ferrol@parador.es  
Web: www.paradores.es



### INFORMACIÓN XERAL

No centro desta atractiva e mariñeira cidade, álzase o Hotel que recrea na súa imaxe a esencia dunha mansión galega con galerías acritalar e un peculiar ámbito marítimo. A escaleira principal conta cun antigo farol de barco e os motivos mariñeiros abundan nos salóns do Hotel. Os cuartos son espazosos e locen tons ocres e escuros; algunhas, con miradoiros e balcóns, vense favorecidas por magníficas vistas sobre o porto. O restaurante ofrece unha ampla e variada mostra da exquisita cociña galega. Os seus pratos máis representativos son o polbo á mugardesa, o peixe sapo á coruñesa e a sopa ferrolá. A torta típica de Ferrol abre con xustiza o capítulo de sobremesas.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso é chaira, ampla e desdexada de obstáculos.
- Non dispón de aparcadoiro propio e tampouco hai prazas públicas próximas reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).

#### Acceso

- A entrada principal ten varios chanzos, pero existe un itinerario alternativo accesible a través dunha rampla que transcorre pola fachada do Parador.
- A rampla mide 9,4 m de lonxitude, 1,50 m de ancho e ten un desnivel do 3,5%. Dispón de pasamáns no lado esquerdo de suba, a unha altura de 1,15 m, é continuo pero non está prolongado ao inicio nin ao final desta.
- A porta é automática, de vidro e cun ancho libre de paso de 83 cm e un espazo horizontal suficiente para poder inscribir unha circunferencia de 360º cunha cadeira de rodas. Existe un felpudo ancorado ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,20 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.
- Teñen unha cadeira de rodas a disposición dos clientes.

#### Cuarto adaptado (Nº 114)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.

- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 78 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 51 cm.
- A cama ten unha altura de 48 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 65 cm de ancho e polo esquerdo de 1,20 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura de entre 40 cm e 1 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,16 m.

#### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta abre cara ao exterior e ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de máis de 1,20 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte. O asento está a unha altura de 50 cm e o mecanismo de descarga a 90 cm.
- Dispón dunha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha barra fixa no lado dereito a 66 e 82 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 79 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 36 cm de fondo. A billa é monomando.

- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,25 m de altura.

#### **Ducha e bañeira**

- O cuarto de baño dispón de ducha e bañeira, cun espazo de aproximación lateral de +1,20 m.
- O prato de ducha é continuo co recinto e o chan é escorregadizo.
- Ten un asento abatible e fixo, situado a 41 cm de altura e cunhas dimensións de 36 cm de ancho por 40 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal que abrangue ambas as dúas paredes e que está situada a unha altura de 87 cm e a unha distancia do asento de 16 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de entre 1 m.
- A bañeira ten unha altura de 42 cm e non dispón de cadeira ou táboa de transferencia.
- Ten unha barra de apoio a unha altura entre 80 e 90 cm e un biombo abatible.

#### **Aseo adaptado en zona común**

- Hai unha cabina de aseo adaptada independente. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- Está sinalizado co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a fóra e mide 89 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 75 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 2,16 m.

- O asento está situado a unha altura de 47 cm e o mecanismo de descarga a 1,10 m.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito e outra abatible no lado esquerdo a 62 e 73 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 98 cm.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal, polo que carece dun espazo libre inferior que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa é monomando. A altura do bordo inferior do espello é de 99 cm e o resto dos accesorios do aseo están a 90 cm de altura.



### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal ten varios chanzos, cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- Existe un itinerario alternativo accesible a través dunha rampla que transcorre pola fachada do Parador.
- A rampla ten un desnivel do 3,5%. Dispón de pasamáns no lado esquerdo.
- A porta é automática, de vidro e non está sinalizada con franxas de cor contrastada.
- Existe un felpudo ancorado ao chan
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

#### Cuarto estándar (nº217)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura do bordo da bañeira é de 41 cm e dispón dun biombo de cristal que carece de sinalización en cor contrastada.



### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet. Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto. Hai un enchufe ao carón da cama.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre” nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro do mesmo.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a ubicación das estancias e servizos, presentan contraste cromático e non están complementadas con braille ou altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Restaurante/ Buffet	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas e redondas. Altura barra buffet: 91 cm. Altura de mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 68 cm. Ancho baixo mesa: 75 m. Fondo baixo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón Convencións	Planta baixa	Accesible	Colocan o mobiliario en función do evento.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 1,26 m en total. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,19 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,10 x 1,36 m. Altura dos botóns de mando: entre 90 cm e 1,31 m. Altura do pasamáns: 1 m. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros e visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo e braille: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior con alfombra. Chan de textura e cor distinta en inicio e remate: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: Si.

## Hotel Pontes do Eume★★

R/ Rita Rivera Chao, 10  
15320 As Pontes (A Coruña)  
Teléfono: 981 453 083  
Fax: 981 450 819  
E-mail: reservas@hotelpontesdoeume.com  
Web: www.hotelpontesdoeume.com



### INFORMACIÓN XERAL

No Hotel Pontes do Eume gozaremos dun edificio de nova construción, inaugurado no verán do 2007, cun deseño de vangarda único na bisbarra. Encóntrase situado na zona da Canle IV, comunicado de forma directa co centro, cun acceso cómodo e sinxelo tanto para entrar coma para saír da vila de As Pontes.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.
- Próximo a este, hai unha praza pública de aparcadoiro reservada para Persoas con Mobilidade Reducida. Está sinalizada co SIA.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- A porta é de apertura manual, parcialmente acritalar, de dobre folla e cun ancho libre de paso de 78 e 81 cm respectivamente.
- Existe un felpudo ancorado correctamente ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,16 m, non adaptado para persoas en cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 201)

- N.º cuartos adaptados: 1. Están na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 81,5 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 91 cm.
- A cama ten unha altura de 56 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1,10 m de ancho e polo esquerdo de 1,31 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura entre 50 cm e 1,50 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,31 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao exterior e mide 81 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,15 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de máis de 1,20 m. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e outra fixa no lado esquerdo, a unha altura de 50 e 70 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 84 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 1 m de alto e 53 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 90 cm e o resto dos accesorios do baño están a 87 cm de altura.

#### **Ducha**

- O prato de ducha é antiescorregadizo e ten un pequeno chanzo de 3 cm. Ten biombo abatible.
- Ten un asento abatible e fixo na parede contraria ás billas a 73 cm de altura e cunhas dimensións de 46 cm de ancho e 41 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal e vertical a unha altura de 1,08 e 1 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,15 m.

#### **Aseo adaptado en zona común**

- Hai unha cabina independente adaptada e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible. Sinalizouse co

Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).

- A porta ábrese cara ao interior e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,41 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,83 m. O asento está situado a unha altura de 46 cm e o mecanismo de descarga a 89 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible ao lado dereito e unha fixa no esquerdo, a 50 e 70 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 87 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 73 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 90 cm e o resto dos accesorios do aseo están a 1,10 m.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

#### **Acceso**

- A entrada é accesible, sen desniveis.
- A porta é de apertura manual e parcialmente acritalar.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocasin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### **Cuarto estándar (nº 210)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A ducha ten un pequeno chanzo de 7 cm de alto e un biombo sen sinalizar.

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos, presentan contraste cromático e non están complementadas en braille ou altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 35 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 1,10 m. Mesas cadradas con pata central. Non dispoñen de carta en braille.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: de 96 cm e 1,01 m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo de cabina: 1 x 1,37 m. Altura dos botóns de mando: entre 49 cm e 1,12 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Espello fronte á porta: Non. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Non. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 19 cm. Fondo da pegada: 29 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Pasamáns: Si.

## Hotel Muíño do Castelo★

R/ Río Limpo, s/n  
15576 San Sadurniño (A Coruña)  
Teléfono: 981 491 079/679 390 394  
E-mail: muinodocastelo@gmail.com  
Web: www.muinodocastelo.com



### INFORMACIÓN XERAL

Antigo muíño restaurado ao pé do Castelo de Narahío, conservando dentro da casa tres muíños rehabilitados e en funcionamento. Amplo xardín ao pé do río Limpo, que invita ao paseo e ofrece a tranquilidade necesaria para este tipo de turismo.

Planta baixa: composta de salóns, forno, zona de moendas, accesos, servizos comúns, almacéns e dormitorio adaptado, recuperando unha peza a xeito de soportal-galería, sobre as construcións da vella canle e os infernos da maquinaria do muíño.

Planta alta: ocúpala 5 dormitorios cos seus correspondentes baños.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á recepción da casa encóntrase nunha rúa ampla, totalmente despexada de obstáculos na liña de paso.

#### Acceso

- A porta principal ten unha pequena rampla de acceso duns 2,50 m de lonxitude, 1,30 m de ancho e unha inclinación de 12%.

- A porta é acritalar parcialmente e ten un ancho libre de paso de 95 cm.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m, non está adaptado para persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº1)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta mide 80 cm de ancho e abre cara ao interior.
- A cama ten unha altura de 63 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,44 m de ancho e polo dereito de 90 cm.
- As portas do armario son de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 20 cm e 1,60 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 79 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,25 m polo lado esquerdo, que coincide coa zona da ducha e 1,19 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 86 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito situadas a 75 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 70 m.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 21 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 99 cm e o resto dos accesorios do baño están a 97 cm.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 2,10 m de ancho. Ten cortina para evitar a fuga da auga.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Dispón dun asento de ducha abatible e fixo na parede a 66 cm de altura e cunhas dimensións de 32 cm de ancho por 23 cm de fondo.
- Ten dúas barras de apoio verticais na parede contraria ás billas, situadas a unha altura de 77 cm-1,30 m.
- A billa é termostática e require o xiro do pulso. Está situado a unha altura de 1,15 m.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada principal ten unha pequena rampla de acceso.
- A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro, non está sinalizada con franxas horizontais ou co logotipo en cor contrastada.
- Na recepción, nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar (1º piso)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Hai un enchufe ao lado da cama.

### Sinalización

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a ubicación das diferentes estancias.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai prazas delimitadas e ningunha está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos por tramo: Máis de 10. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 17 cm. Con tabica: Non. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 90 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Non.
Salón social	Planta baixa	Hai 2 chanzos	
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	Non hai unha cabina de aseo común adaptada.
Comedor	Planta baixa	Accesible	Está situado xunto ao salón e accédese por un oco de paso de máis de 1,20 m de ancho. Mesas rectangulares de 4 patas. Altura de mesa: 79 cm. Altura baixo mesa: 68 cm. Ancho mesa: 90 cm. Fondo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.



## Hotel ABC

Avda. López Astray, 33-35  
15145 – Laracha (A Coruña)  
Teléfono: 981 612 899  
Web: www.hotelabc.es  
E-mail: info@hotelabc.es



### INFORMACIÓN XERAL

Situado a 3 Km dalgunhas das mellores praias da “Costa da Morte” e a escasos 20 minutos do centro da Coruña, o Hotel goza dun enclave privilexiado tanto para descansar como para gozar dos fantásticos encantos da “Costa da Morte”.

O noso hotel dispón de todo tipo de comodidades así como tamén dunhas instalacións de nova construción plenamente equipadas con todo tipo de detalles que farán que a súa estancia sexa o máis agradable posible.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso é chaira, ampla e despexada de obstáculos.
- Hai prazas públicas de aparcadoiro pero non hai ningunha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).

#### Acceso

- O hotel na súa entrada ten unha pequena rampla de acceso de 1,60 m de lonxitude e do 10,5% de inclinación. Existe un felpudo ancorado ao chan.
- A porta principal ten un ancho libre de paso de 91 cm.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,21 m, non adaptado para as persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 308)

- N.º cuartos adaptados: 1. O itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta abre cara a dentro e mide 90 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 2,10 m.
- O dormitorio consta de dúas camas individuais que teñen unha altura de 55 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1,80 m de ancho e polo esquerdo de 1,10 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están a unha altura de 20 cm a 1,60 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,10 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 90 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,94 m. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 77 cm.
- Dispón dunha barra de apoio fixa no lado dereito e outra abatible no lado esquerdo a unha altura de 80 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 82 cm.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal, polo que non permite a aproximación frontal dunha persoa usuaria de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,22 m e o resto dos accesorios do baño están entre 1,45 e 1,47 m.

#### Ducha

- O cuarto de baño dispón de ducha, cun espazo de aproximación lateral de 2 m.
- O prato de ducha é continuo co resto do chan do baño e é antiescorregadizo.
- Ten un asento abatible e fixo á parede, situado a 41 cm de altura e cunhas dimensións de 31 cm de fondo.
- Dispón dunha barra horizontal de apoio na mesma parede que as billas, situada a 1,02 m de altura e a 51 cm de distancia do asento de ducha.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de entre 1,13 m.



### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- O hotel na súa entrada ten unha pequena rampla de acceso do 10,5%

de inclinación. Existe un felpudo ancorado ao chan e o comezo da rampla está sinalizado con franxas antiescorregadizas.

- A porta principal é de vidro e está sinalizada co logotipo do hotel en cor contrastada.

#### Cuarto estándar (nº307)

- O número do cuarto indícase en grandes caracteres e con cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.
- O prato de ducha ten un chanzo de 7 cm.



### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet. Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre” nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estancias e servizos, presentan contraste cromático, pero non están complementadas con brai-le ou altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Restaurante e cafetería	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 91 cm. Mesas cadradas. Altura da mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 67 cm. Ancho baixo mesa: 71 m. Fondo baixo mesa: 90 m. Non dispoñen de carta en braille. Altura da barra da cafetería: 1,05 m. Altura da mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 76 cm. Ancho baixo mesa: 71 cm. Fondo baixo mesa: 84 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 95 cm. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo da cabina: 1,07 x 1,41 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,06 a 1,20 m. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	Non hai ningunha cabina de aseo común adaptado.
Escaleiras	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: no lado esquerdo de subida. O borde dos chanzos está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza.





## Hotel Valdoviño

Cruce de Robles-Lago, s/n  
15552 Valdoviño (A Coruña)  
Teléfono: 629 888 008  
E-mail: hotelvaldovino@gmail.com  
Web: www.hotelvaldovino.com



### INFORMACIÓN XERAL

Situado nunha das zonas máis privilexiadas do Concello de Valdoviño, grazas á súa proximidade á Lagoa da Frouxeira e á Praia e areas de Valdoviño.

É un lugar ideal tanto para pasar uns días tranquilos, en calquera época do ano, no Concello de Valdoviño, coma para establecer o “cuartel xeral” en calquera visita ás cativadoras e sempre sorprendentes rías altas galegas.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está en rúa chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible mediante unha pequena rampla de acceso de 1,03 m de ancho, 93 cm de longo e unha inclinación de 34,4%.
- A porta é parcialmente acritalar e de apertura manual. Ten un ancho de paso de 82 cm e hai espazo abondo posterior para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,03 m, non adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 201)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 61 cm.
- A cama ten unha altura de 52 cm, accédese a esta polos dous lados, por un espazo de 1,10 e 1 m respectivamente.
- As portas do armario son corredías. Os andeis están situados a unha altura de 80 cm e o percheiro está fixo a 1,62 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,38 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 79 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,80 m. O asento está a unha altura de 37 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito, están a 64 e 80 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 67 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 74 cm de alto e 30 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,03 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,30 m.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,03 m de ancho. Ten unha cortina para evitar a fuga da auga.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está rebaixado en forma de rampla.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 53 cm de altura e cunhas dimensións de 41 cm de ancho e 32 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio que abrangue ambas as dúas paredes e está a unha altura de 95 cm de alto.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,04 m.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada principal é accesible mediante unha pequena rampla de acceso cunha inclinación de 34,4%.
- A porta é acritalar parcialmente e non está sinalizada con franxas ou co logotipo do hotel en cor contrastada.
- Hai un felpudo pero non está ancorado ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar (nº212)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Dispón de prato de ducha con escalón.
- O número das habitacións indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de

1,52 m. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.



**Atención ao cliente**


- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Das prazas dispoñibles, 2 están reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). Están delimitadas e sinalizadas co SIA.
Salón Buffet almorzos	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Altura de barra buffet: 78 cm. Mesas cadradas. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 74 cm. Ancho baixo mesa: 30 cm. Fondo baixo mesa: 75 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Está en reformas.
Aseos comúns	Planta 2ª	Accesible con ascensor	Non hai unha cabina de aseo común adaptada.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: Si.



## Pensión Rural O Regueiro do Allo (★★★)

Lugar da Cacharozza, 40 - Baio  
15150 Zas (A Coruña)  
Teléfono: 981 718 606  
Fax: 981 718 606  
E-mail: o.regueirodoallo@gmail.com  
Web: www.oregueirodoallo.com



### INFORMACIÓN XERAL

A Pensión Rural O Regueiro do Allo, inaugurada no ano 2010, encóntrase na bisbarra da Costa da Morte, é un remanso de paz, entre bosques de carballos e ríos, e a tan só 15 minutos da praia.

Todos os cuartos están adaptados.

Teñen a dispoñibilidade dos clientes unha cadeira de rodas e un buggy adaptado. Organizan excursións e desprazamentos con transporte adaptado.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O establecemento está situado nunha rúa chaira, con beirarrúas amplas e despegadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, xa que a beirarrúa está rebaixada cunha rampla de 1 m de ancho, 1,60 m de longo e 3,5% de pendente.
- A porta é de dobre folla, de doada apertura e mide 1,05 m de ancho. Existe un espazo anterior e posterior suficiente para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 73 cm. Debaixo existe un espazo libre de 1,20 m de longo, 40 cm de fondo e 66 cm de altura.

#### Cuarto con grúa ('O Muíño')

- N.º cuartos adaptados: 5, 3 na planta baixa e 2 na 1ª planta e o itinerario é accesible.
- A que aquí se analiza dispón dunha grúa de teito eléctrica que, mediante guías, accede dende a cama ao inodoro e ao jacuzzi.
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,30 m.
- A cama é articulada, ten unha altura de 52 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1,40 m de ancho e polo lado esquerdo por un de 90 cm.
- As portas dos armarios son corredías e os caixóns son de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 30 cm e 1,40 m. O percheiro ten

- un tirador que acciona un mecanismo para baixar a altura deste.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.
- O cuarto dispón dun balcón non accesible para usuarios de cadeira de rodas debido ás súas estreitas dimensións.

### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta é corredía e mide 84 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 80 cm de ancho polo lado dereito e pola fronte de máis de 1,80 m.
- O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 78 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, están a 76 cm de altura e separadas a unha distancia de 80 cm.

### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 79 cm de alto e 52 cm de fondo.
- A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están entre 67 cm e 1,26 m.
- O bordo inferior do espello está a 1,07 m de altura e este está inclinado, mellorando así o ángulo de visión dende abaixo.

### **Bañeira hidromaxe**

- O bordo da bañeira ten unha altura de 62 cm e dispón dunha grúa de teito, que se despraza entre guías dende a cama ao inodoro e a bañeira.

- As billas son de termóstato, requiren o xiro do pulso e están situadas a unha altura de 62 cm.

## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A porta principal non ten desniveis e a parede presenta unha cor contrastada con respecto á porta.
- Non hai ocós, cellas ou pezas soltas que obstaculicen a deambulación.
- Non presenta chanzos illados nin desniveis.
- O mobiliario é adecuado e non obsaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### **Cuarto sen grúa ('Os Castaños')**

- A porta do cuarto e a do cuarto de baño presentan contraste coa parede.
- Non hai beirís e o mobiliario non obsaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Tanto no cuarto coma no cuarto de baño non hai felpudos, ocós ou cellas no chan que dificulten a deambulación.
- Dispón de ducha continua co recinto e cun biombo de vidro sen sinalizar.

## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai enchufes aos lados da cama.
- A porta dispón de mira.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- O cuarto de baño ten porta corredía acritalar.

### **Sinalización**

- O establecemento dispón de rótulos cos nomes dos distintos cuartos. Os

rótulos seguen un mesmo patrón e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille pero si en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.
- Dispoñen de fax.


Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	As prazas non están delimitadas nin hai ningunha reservada para Persoas con Mobilidade Reducida.
Escaleiras (7 chanzos + meseta + 5 chanzos)	Todas las plantas	Desde planta baixa a planta 1ª.	Os chanzos están compensados e dispoñen de tabica. Os ocos baixo a escaleira están protexidos. O pasamáns é continuo nas mesetas, situado a 95 cm de altura. A pegada é de 25 cm e a tabica de 20 cm.
Salón de reunións e almozos	Planta baixa	Accesible	Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 60 cm. Permítese a inscrición dun xiro de máis de 1,50 m. Ocos e cellas no chan: Non hai. Chanzos illados ou desniveis: Non hai. Felpudos ou alfombras: Non hai. O mobiliario está ubicado de tal forma que non constitúe un obstáculo: Si
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,18 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 90 cm e 1,10 m. Altura dos botóns de mando: entre 90 e 96 cm. Altura do pasamáns: 1,02 m. Posibilidade de aproximación para a lectura: Si. Botóns con números en altorrelevo: Si. Porta totalmente acritalar: Si. Dispón de teléfono no interior: Si. O espazo de acceso ao ascensor é horizontal e permite inscribir unha circunferencia de 1,50 m.





## Casa Raúl

Lires s/n  
15270 Cee (A Coruña)  
Teléfono e Fax: 981 748 156/636 157 480  
E-mail: casaraul.lires@gmail.com  
Web: www.casaraul.es



### INFORMACIÓN XERAL

A casa Raúl é a primeira casa Rural de Galicia. É unha antiga casa de labranza rehabilitada para turismo rural. Dispón de dous edificios anexos. Nun deles residen os donos e ademais conta con 3 cuartos estándar e a recepción. No anexo, a parte máis antiga da casa (s. XIX), temos dúas plantas: na primeira, encóntranse o comedor e o cuarto especial adaptado co seu salón-cheminea; na segunda, están situados outro cuarto especial con terraza e un apartamento. En plena Costa da Morte, nun val onde converxen o Río Castro, o Río Lires, a Ría de Lires e a súa praia, está situada CASA RAÚL; todo un canto para gozar e escapar do “mundanal ruído”.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa na que se sitúa a casa é chaira, sen beirarrúas, moi pouco transitada e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- Para acceder á zona da casa onde está a recepción e o comedor, hai que entrar no recinto da casa pola parte dianteira a través dun enreixado de 3 m de ancho. A continuación, diante da por-

ta hai unha rampla de madeira de 90 cm de ancho, 80 cm de longo e cunha pendente do 12%.

- A porta abre cara ao interior, é parcialmente acritalar e mide 87 cm.

#### Recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,06 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 7)

- N.º cuartos adaptados: 1. Para acceder ao cuarto adaptado o itinerario é accesible dende a rúa por unha porta que abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 98 cm.
- No interior hai un pequeno recibidor con lareira e sofá e a continuación o dormitorio, cuxa porta abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 82 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,50 m.
- A cama ten unha altura de 52 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 1 m. Existe unha alfombra non ancorada ao chan.

- As portas dos armarios son corredías. Ten caixóns a unha altura de entre 20 e 40 cm e o percheiro está fixo a 1,60 m de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,40 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 1,30 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm. Dispón dun elevador de plástico para o inodoro.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado a 70 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 68 cm.

### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 72 cm e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 95 cm.

### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 2 m e ten cortina.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 46 cm de altura e cunhas dimensións de 45 cm de ancho e 45 cm de fondo.

- A ducha dispón de barra de apoio en forma de "L" colocada na mesma parede das billas e a unha altura de entre 80 cm e 1,50 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 90 cm. A alcachofa suxéitase sobre a billa.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- Para acceder á zona da casa onde está a recepción e o comedor, hai que entrar no recinto da casa pola parte traseira a través dun enreixado de 3 m de ancho.
- O chan é de lousas de pedra e hai felpudos que non están ancorados ao chan.
- A continuación, diante da porta hai unha rampla de madeira cunha pendente do 12%.
- No interior o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### **Cuarto estándar (Nº 5)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Ten prato de ducha con chanzo.
- Existen alfombras que non están ancoradas ao chan.
- Non existe contraste de cor entre a porta do baño e a parede.



## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Cruzando a rúa, a casa conta cunha finca pechada onde se aparcen os coches. É de herba e terra, sen prazas delimitadas.
Comedor	Planta 0	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 73 cm. Ancho baixo mesa: 1,70 m. Fondo baixo mesa: 80 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Escaleira	Planta baixa ata a superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Exterior. Nº de chanzos por tramo: 6, 3 e 5. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Altura do pasamáns: 94 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Aseos comúns			Non existen aseos comúns adaptados.



## Casa de Trillo

Santa Mariña, 1  
15125 Muxía (A Coruña)  
Teléfono: 981 727 778 / 607 794 818  
Fax: 981 727 778  
E-mail: info@casadetrimillo.com  
Web: www.casadetrimillo.com



### INFORMACIÓN XERAL

Casa de Trillo, de longa tradición histórica, encóntrase en Santa Mariña, pequena aldea do municipio coruñés de Muxía que aínda conserva o sabor da tradición. En pleno mundo rural galego, a capela, dedicada a esta santa, o muíño, as fontes, o cruceiro e os sendeiros que a percorren participan dunha paisaxe de gran riqueza na que é doado presenciar actividades agrarias, gandeiras e forestais en calquera canto.

A estancia na Casa tamén ofrece a oportunidade de coñecer a artesanía de Costa da Morte, tanto pola utilización destes produtos na decoración como pola exposición e venda destes.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa sitúase nun ámbito con lixeira pendente, sen beirarrúas pero despexada de obstáculos.
- Hai camiños pavimentados con lousas de pedra para acceder á grella e circular polo ámbito da casa.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis. O pavimento é de lousas de pedras homoxéneas.

- A porta é de madeira e ten un ancho libre de paso de 92 cm.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 77 cm, debaixo hai un fondo libre de 60 cm e altura libre de 65 cm.

#### Cuarto adaptado ('O Furiño')

- N<sup>a</sup> cuartos adaptados: 2, o cuarto do lado "Granxa" tamén está adaptado para persoas que utilizan cadeiras de rodas. Están na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 92 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1 m.
- A cama ten unha altura de 50 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 90 cm de ancho e polo lado esquerdo, por un de 1,50 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura entre 30 cm e 1,40 m. O percheiro está fixo a 1,70 m e hai un alzadeiro a 1,85 m de altura.

- O interruptor da luz está situado xunto á cama e o aparato de control de temperatura é o regulador do radiador e está a unha altura de 60 cm.

#### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,40 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado, a 87 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 85 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 78 cm de alto e 48 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 1 m.

#### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,40 m de ancho. Ten un biombo corredizo.
- O prato da ducha é antiescorregadizo. Hai un pequeno chanzo de 3 cm por raíl de biombo.
- Ten unha cadeira de ducha homologada, sen repousabrazos e regulable en altura.
- A ducha dispón dunha barra de apoio a unha altura de 76 cm e 1,40 m, situada na parede contraria ás billas.

- A billa é monomando e está a unha altura de 1,10 m. A alcachofa está situada a unha altura de 1,20 m.

## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A entrada principal é accesible, sen desniveis. O pavimento é de lousas de pedras homoxéneas.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- No interior, o mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Hai camiños pavimentados con lousas de pedra para acceder á grella e circular polo ámbito da casa.

### **Cuarto estándar ('Petón')**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- As portas do cuarto e o aseo presentan contraste coa parede.
- A altura da bañeira é de 46 cm e ten cortina.

## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### **Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai algún no seu interior.

## Sinalización

- A casa dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,65 m. O tamaño dos caracteres é de 5 cm, son de cor contrastada respecto

ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.


Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Prazas non delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Comedor	Planta baixa	Accesible por rampla de 1 m ancho, 1,20 m de longo e unha pendente do 9%.	Ancho da porta: 92 cm. Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 80cm. Altura baixo mesa: 77 cm. Ancho baixo mesa: 65 cm. Fondo baixo mesa: 65 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións	Planta baixa	Accesible	Mesa cadrada de 4 patas. Altura de mesa: 80 cm. Altura baixo mesa: 62 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Escaleira	Da recepción á planta superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 5 e 10. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 19 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 84 cm.
Aseos comúns			Non hai ningunha cabina de aseo común adaptada.





## Hotel EGO (H★★★★)

Praia de Area S/N  
27850 Viveiro (Lugo)  
Teléfono: 982 560 987  
Fax: 982 561 762  
E-mail: info@hotelego.com  
Web: www.hotelego.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel ofrece unhas espectaculares vistas sobre a ría de Viveiro e a Praia de Area. Destaca polo seu deseño modernista e os servizos que ofrece, entre eles SPA.



### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida en lixeira pendente, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.
- No exterior do hotel hai unha zona de aparcadoiro e unha das prazas está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). Está sinalizada no chan co Símbolo Internacional de Accesibilidade.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- Accédese por unha porta automática corredía de vidro. Ten un ancho de paso de 2 m e antes e despois desta hai espazo abondo para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,1 m e non ten unha zona adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

#### Habitación adaptada (Nº 411)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 4ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 57 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 1,4 m de ancho.
- As portas dos armarios teñen porta corredía de doada apertura. Ten un andel a 50 cm de altura e o percheiro está a 1,5 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,2 m.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta é corredía e mide 80 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,2 m de ancho polo lado esquerdo, de 1,1 m polo dereito e pola fronte de 1,4 m. O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito, colocadas a unha altura de 70 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 60 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 84 cm de alto e 49 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 94 cm e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 90 cm.
- No cuarto de baño hai un teléfono para aviso en caso de emerxencia.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 2 m de ancho.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 45 cm de altura. Este ten 45 cm de ancho e 45 cm de fondo.
- O asento de ducha dispón dunha barra de apoio fixa á dereita e outra abatible no lado esquerdo. Están a unha altura de 72 cm.
- A billa é termostática, require o xiro de pulso e está situada a unha altura de 1,21 m ao lado do asento. A alcachofa está suxeita nunha barra vertical que

permite regular a súa altura entre 1,13 e 1,85 m.

### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado na zona común. Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- Encóntrase dentro da batería de aseos de señoras e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a dentro e mide 77 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,20 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm de ancho polo lado dereito, e pola fronte de 110 cm. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 79 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo e unha abatible no dereito, situadas a 76 cm de altura e separadas por unha distancia de 60 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 44 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 99 cm, e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de 85 cm.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada é sen desniveis nin obstáculos que poidan dificultar a deambulación.
- Accédese por unha porta automática de vidro. Está sinalizada co logotipo

do hotel pero este non presenta suficiente contraste para que sexa detectado doadamente por unha persoa con discapacidade visual.

- Hai un felpudo correctamente ancorado ao chan tras a porta.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### **Habitación estándar (nº101)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A altura da bañeira é de 46 cm. Tamén dispón de ducha, cun prato de 6 cm de altura.



## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Habitación estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.

- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados

### **Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,6 m. A altura dos caracteres é de 4 cm pero non son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.


### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1.	Accesible con ascensor	O aparcadoiro privado en planta -1 non ten prazas reservadas. No exterior do hotel hai 1 praza delimitada e reservada a PMR.
Buffet de almozos-Cafetaría	Planta 0	Accesible por rampla. Mide 1,10 m de ancho, 4,2 m de lonxitude e ten unha pendente de 16%. Sen pasamáns.	Mesas cadradas e redondas de 4 patas. Altura da mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 60 cm. Fondo baixo mesa: 60 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (2)	Planta 2	Accesible con ascensor	Mesas cadradas 4 patas. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 71 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1,05m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,03 m e 1,23m. Altura dos botóns de mando: 1,10 e 1,20 m. Altura do pasamáns: 96 cm. Espello: Si, pero en parede lateral. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Si. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Piscina e Spa	Planta -1	Accesible con ascensor	Non dispón de grúa de acceso ao vaso. Non dispón de un aseo adaptado nos vestiarios.
Ximnasio e Vestiario	Planta -1	Accesible con ascensor	Non dispón de vestiario adaptado.

## Gran Hotel Lugo (★★★★)

Avda. Ramón Ferreiro, 21  
27002 (Lugo)  
Teléfono: 982 251 896  
Fax: 982 241 660  
E-mail: ghlugo@ghhoteles.es  
Web: www.gh-hoteles.com



### INFORMACIÓN XERAL

O Grande Hotel Lugo comprácese en ofrecerlles os seus servizos no corazón da cidade de Lugo, cidade milenaria coa súa Muralla patrimonio da humanidade e toda unha extensa oferta cultural. O grande hotel Lugo sitúase no centro urbano a 5 minutos do casco histórico.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa onde está situado o hotel ten as beirarrúas chairas, anchas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible xa que non hai chanzos ou ocos de paso estreitos que dificulten o acceso.
- A porta de entrada é de cristal, de apertura manual e ten un oco de paso de 1,10 m de ancho.
- Tras a porta, para acceder ao vestíbulo, hai 2 chanzos de 15 cm de altura, cunha rampla alternativa de 70 cm de lonxitude, 1,10 m de ancho e unha pendente do 17,6%.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura superior a 90 cm e non permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº133)

- N.º cuartos adaptados: 8. O itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta do cuarto mide 78 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- Hai dúas camas xemelgas separadas cunha altura de 50 cm. Pódese realizar a transferencia por ambos os dous lados, xa que no centro hai un espazo libre maior a 90 cm.
- O espazo mínimo de circulación entre mobles mide 85 cm de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura que varía entre 70-90 cm e o percheiro a 1,75 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama e o control da temperatura a unha altura de 1,70 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao exterior e mide 80 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm polo lado dereito e pola fronte de 1,20 m. O asento está a unha altura de 50 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e outra fixa no lado esquerdo, situadas a 72 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 75 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 81 cm de alto e 60 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están a 84 cm.

### Bañeira

- A bañeira ten o bordo a unha altura de 45 cm.
- Dispón dunha cadeira de ducha con respaldo e repousabrazos. Hai espazo abondo para realizar a transferencia a esta, xa que o biombo abatible existente non dificulta o paso.
- Dispón dunha barra en forma de L na parede, a unha altura que varía entre 65-75 cm, que facilita a transferencia.
- A billa é monomando e está a unha altura que varía entre os 60-90 cm.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada principal é accesible xa que non hai chanzos que dificulten a deambulación.

- A porta de entrada é de cristal, de apertura manual e non está sinalizada con franxas horizontais ou co logotipo de cor contrastada.
- Tras a porta, para acceder ao vestíbulo hai 2 chanzos de 15 cm de altura, cunha rampla alternativa. Estes non están sinalizados cunha franxa de textura e cor contrastada.
- Os felpudos e alfombras están correctamente ancorados ao chan.
- As distintas estancias do recinto teñen un chan homoxéneo e antiescorregadizo.
- Non hai elementos voados que sexan un perigo para persoas con minusvalía visual.

### Cuarto estándar

- A porta de entrada é dunha cor contrastada respecto á parede adxacente.
- O número do cuarto ten unha letra de tamaño grande pero non presenta cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalía visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.



## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- O teléfono ten avisador luminoso de chamada.
- Dispón de conexión a internet.
- A TV ten decodificador de teletexto e é interactiva, permitindo a comunicación con recepción mediante mensaxes de texto. Tamén ofrece o servizo de despertador luminoso.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- No cuarto dispónse de información escrita dos servizos prestados.

### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Seguen un mesmo patrón, os textos e iconas son de cor contrastada e o tamaño da letra é  $>1,5$  cm. están situados a unha altura que varía entre 1,5 e 1,95 m. Non están complementados con escritura braille nin en altorrelevo.

### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Accesible utilizando o ascensor	Ten 45 prazas de aparcadoiro pero ningunha está reservada para PMR.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	Non hai ningunha cabina adaptada para usuarios de cadeira de rodas.
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas redondas e rectangulares. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 73 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón Buffet de almozos	Planta baixa	Accesible (os chanzos existentes teñen unha rampla alternativa axeitada)	Altura de barra buffet: altura superior 80 cm e altura inferior 70 cm. Permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. Mesas cadradas e rectangulares. Altura da mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 73 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm Non dispoñen de carta en braille.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 100 cm Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións (6)	Diferentes plantas	Accesibles	Altura da mesa: 73 cm. Altura baixo mesa: 71 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos por tramo: Máis de 10. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Nun lado. Pasamáns: Si, a un lado. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Ascensores (3 de similares características)	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,20 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 90 cm x 1,20 m. Altura dos botóns de mando: entre 95 cm a 1 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoras: Si. Botóns con números en alto relevo e braille: Si. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.

## Hotel Parador de Vilalba (★★★★)

Valeriano Valdesuso s/n  
27800 Vilalba (Lugo)  
Teléfono: 982 510 001  
Fax: 982 510 090  
E-mail: vilalba@parador.es  
Web: www.parador.es



### INFORMACIÓN XERAL

Unha impresionante torre grande da Galicia medieval foi convertida neste hotel, que domina a paisaxe urbana e campestre da vila lucense, capital da bisbarra da “Terra Chá”, cuxa orixe nace en torno a esta fortaleza, que habitaron os señores de Andrade, Condes de Vilalba.

#### ACCESIBILIDADE FÍSICA

##### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida con lixeira costa, con beirarrúas amplas e despegadas de obstáculos.

##### Acceso

- Accédese ao parador dende a beirarrúa rebaixada, por camiño de lousas de pedra de 9 m de longo, 2,82 m de ancho e unha pendente do 14%.
- Accédese por 2 portas contiguas. A primeira de dobre folla de vidro, unha das cales permanece sempre aberta e deixan un ancho libre de paso total de 1,60 m. A segunda tamén de vidro corredía, automática e mide 1,57 m.
- Entre elas hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

##### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

##### Cuarto adaptado (Nº 110)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 83 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.
- A distancia entre mobles é de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 53 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 90 cm de ancho e polo lado esquerdo por un de 1,70 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 80 cm e 1,70 m. Os caixóns están entre 30 e 80 cm de altura e o percheiro está a 1,70 m.
- O interruptor da luz, o teléfono e os aparatos de control de temperatura están situados xunto á cama.

### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta é corredeira e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,80 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 84 cm. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 77,5 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 76 cm de altura e unha fixa no dereito a 84 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 75 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 71 cm de alto e 60 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 90 cm e o resto dos accesorios do baño están tamén a 90 cm.
- No cuarto de baño hai un teléfono conectado con recepción.

#### **Bañeira**

- A bañeira está a unha altura de 45 cm e dispón de biombo abatible.
- Ten un asento de transferencia sen respaldo e unha cadeira de ducha xiratoria.
- A ducha dispón de 1 barra de apoio horizontal en parede lateral á das billas, a unha altura de 66 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 66 cm do chan.

### **Aseo adaptado en zona común**

- O hotel conta con 1 aseo adaptado en zona común, situado na planta baixa con itinerario accesible.
- É unha cabina independente do resto, sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a fóra e mide 84 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro moi escaso.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,45 m de ancho polo lado dereito, e pola fronte de 76 cm. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 78 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a unha altura de 76 cm e unha fixa no esquerdo situada a 80 cm de altura e separadas entre ambas as dúas a unha distancia de 69 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 58 cm de fondo. A billa é monomando. A altura do bordo inferior do espello é de 94 cm, e o resto dos accesorios do aseo están tamén a unha altura de 94 cm.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- Accédese ao parador dende a beirarrúa rebaixada, por camiño de lousas de pedra cunha pendente de 14%.
- As portas de acceso son de vidro e están sinalizadas con franxas de cor contrastada.

- Hai un felpudo ancorado ao chan entre ambas as dúas portas.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocasin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### **Cuarto estándar (nº108)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 45 cm e ten biombo de vidro sen sinalizar.



### **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

#### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### **Cuarto adaptado**

- Existen avisadores luminosos de chamada.

- Hai teléfono de textos e grandes caracteres.

#### **Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no interior.

#### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a ubicación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media que permiten a aproximación para a súa lectura. O tamaño dos caracteres é de máis de 1,5 cm, son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

#### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Accesible con ascensor	Das 25 prazas dispoñibles, 1 está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Cafetaría	Planta 0	Accesible	<p>Altura de barra: 1,16 m.                      Mesiñas redondas 4 patas.                      Altura de mesa: 72 cm. Altura baixo mesa: 69 cm.                      Ancho baixo mesa: 31cm. Fondo baixo mesa: 31 cm.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Comedor/ Buffet almorzos	Planta 1º	Accesible	<p>Altura de barra buffet: 83 e 89,5 cm.                      Mesas cadradas e redondas de 4 patas.                      Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 73 cm.                      Ancho baixo mesa: 1,50 m. Fondo baixo mesa: 1,50 m.                      Non dispoñen de carta en braille.</p>
Salón de reunións	Planta 0	Accesible	<p>Mesa rectangular de 4 patas.                      Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 64,5 cm.                      Ancho baixo mesa: 78 cm.                      Fondo baixo mesa: 102,5 m.</p>
Ascensor	De planta -1 a planta 2	Accesible	<p>Ancho da porta: 80 cm.                      Ancho e fondo de cabina: 1 m e 1,15 m.                      Altura dos botóns de mando: entre 1,10 e 1,21 m.                      Altura do pasamãos: 87 cm.                      Espello fronte á porta: Se hai, é lateral.                      Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non.                      Botóns con números en altorrelevo: Si.                      Botóns con números en braille: Si.                      Botóns de cor contrastada: Si.                      Cabina con sinais visuais: Si.                      Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.</p>
Ximnasio e sauna	Planta 3	Non accesible	Non dispón de vestiarios adaptados.

## Hotel O Cabazo (H\*\*\*)

Río do Amalló, 1  
27700 Ribadeo (Lugo)  
Teléfono: 982 128 517/982 128 494  
Fax: 982 128 466  
E-mail: ocabazo@ribadeoturismo.com  
Web: www.hotelrestauranteocabazo.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel inaugurouse no ano 2000 e no 2008 foi reformado, e aí conseguiu a terceira estrela. Debe o seu nome a un antigo cabazo (hórreo galego) de 1820, que se conserva na parte posterior do edificio.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible pero hai un pequeno chanzo de 3 cm.
- Accédese por unha porta de 3 follas que deixa un oco de paso de 1,76 m. A central sempre está aberta e diante e detrás desta hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público é de dobre altura, sendo a máis baixa de

85 cm, pero non ten un espazo inferior libre que facilite a aproximación frontal a un usuario de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (B3)

- N.º cuartos adaptados: 2. Están na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre maior de 1,5 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 1,60 m.
- A cama ten unha altura de 55 cm. Accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1 m de ancho e polo lado esquerdo, por un espazo de 1,60 m.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Ten un andel a unha altura entre 40 cm e o percheiro está a 1,88 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,35 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1 m pola fronte e de 90 cm polo lado esquerdo. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito. Están a 86 de altura e teñen unha separación entre ambas as dúas de 69 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 69 cm de alto e 40 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,1 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 75 cm.

### Ducha

- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,2 m de ancho, pero hai unha parte do biombo fixo que dificulta a transferencia lateral á cadeira de ducha. Hai que realizala de forma oblicua.
- O asento é fixo á parede, abatible e está situado a 40 cm de altura. Este ten 47 cm de ancho e 45 cm de fondo.
- A ducha dispón de barras de apoio, unha na parede do asento e outra na parede lateral a este. Están a unha altura de 71 cm dende o chan.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,11 m. A alcachofa está suxeita nunha barra vertical que permite regular a súa altura entre 1,52 e 1,95 m.

### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado na zona común. Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- É unha cabina independente do resto pero non está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a dentro e mide 82,5 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,30 m de ancho polo lado dereito, e pola fronte de 1,50 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo e unha abatible no dereito, situadas a 85 cm de altura e separadas entre si por unha distancia de 70 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 68 cm de alto e 40 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,07 m e o resto dos accesorios do aseo están a 92 cm.



## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- Na entrada principal hai un pequeno chanzo de 3 cm que non está sinalizado tacto-visualmente.
- A porta principal é de madeira e parcialmente acritalar. Ten 3 follas, e a central sempre permanece aberta.
- Na recepción e nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen ris-

co para persoas con discapacidade visual.

#### **Cuarto estándar (nº212)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A altura da bañeira é de 45 cm.



### **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

#### **Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### **Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

#### **Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,80 m. A altura dos caracteres é de 6 cm pero non presentan cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

#### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.



Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta baixa (exterior)	Accesible por unha rampla que dá acceso á recepción por unha porta traseira do edificio.	Das 50 prazas dispoñibles, 2 están reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). Están correctamente sinalizadas no chan co SIA.
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 75 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 1,09 m. Mesas rectangulares con travesa. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 73 cm. Ancho baixo mesa: 98 cm. Fondo baixo mesa: 30 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón almorzos	Planta baixa	Accesible	Sen barra buffet. Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm.
Salón de reunións (2)	Planta baixa	Accesible	Mesa cadrada 4 patas. Altura de mesa: 81 cm. Altura baixo mesa: 78 cm. Ancho baixo mesa: 74 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	<p>Altura dos botóns de chamada: 1 m.                      Ancho da porta: 80 cm.                      Ancho e fondo de cabina: 100 cm e 1,27 m.                      Altura dos botóns de mando: 90 cm e 1,14 m.                      Altura do pasamáns: 90 cm.                      Espello fronte á porta: Non.                      Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non.                      Cabina con sinais sonoros: Non.                      Botóns con números en altorrelevo: Si.                      Botóns con números en braille: Si.                      Botóns de cor contrastada: Non.                      Cabina con sinais visuais: Si.                      Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.</p>
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	<p>Tipo de escaleira: Interior.                      Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non.                      Con tabica: Si, sinalizada con luces.                      Con bocel: Si.                      Zócolo de protección lateral: Si.                      Pasamáns: a ambos os dous lados.                      Oco baixo a escaleira protexido: Si.</p>

## Hotel Piornedo (H★)

Piornedo - Donís  
27664 Cervantes - Os Ancares (Lugo)  
Teléfono: 982 161 587/982 151 351  
Fax: 982 161 433  
E-mail: info@hotelpiornedo.com  
Web: www.hotelpiornedo.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel encóntrase nun enclave privilexiado, en pleno corazón da Serra dos Ancares e aos pés dos seus cumios máis altos, como o Cuiña, Mustallar ou Penalonga. É un establecemento moderno de tradición familiar.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa chaira, asfaltada pero sen beirarrúas e despexada de obstáculos.
- Nas inmediacións do hotel hai unha explanada lastrada, onde se aparcen os coches, pero non hai prazas delimitadas no chan nin reservadas a Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).

#### Acceso

- O acceso principal non é accesible xa que ten 4 chanzos, pero hai unha entrada alternativa no lateral do edificio.
- Nesta entrada accesible hai 4 chanzos cunha rampla alternativa que ten unha lonxitude de 8 m, un ancho de 1,23 m e unha pendente do 10%. Dispón dun pasamáns a 92 cm de altura.
- A porta é de dobre folla acritalar e ten un oco de paso de 1,74 m de ancho.

Tras ela hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,02 m que non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
- A porta é de dobre folla acritalar e ten un oco de paso de 1,74 m de ancho. Tras ela hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 008)

- N.º cuartos adaptados: 1. Están na planta baixa e o itinerario é accesible. Hai que atravesar o comedor e o salón social, a través dunha rampla, para chegar ao corredor dos cuartos da planta baixa.
- A porta de entrada mide 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m. A distancia entre mobles é de máis de 3 m.
- A cama ten unha altura de 48 cm. Acédese a esta polo lado dereito, por un

espazo de 90 cm de ancho e polo lado esquerdo, por un espazo de 1 m.

- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 20 cm e 70 m. O percheiro está a 1,63m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### **Cuarto de baño do cuarto adaptado**

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### **Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de 1,60 m de ancho, e pola fronte de 1,8 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo. Están a 70 cm de altura, cunha separación entre ambas as dúas de 90 cm.

#### **Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 73 cm de alto e 40 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 81 cm.

#### **Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,50 m de ancho.
- O prato da ducha está ao mesmo nivel que o chan do cuarto de baño e é antiescorregadizo.
- Ten un asento de ducha móbil, sen respaldo nin apoia brazos.

- Na ducha hai unha barra de apoio na parede, a unha altura de 72 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,08 m. A alcachofa está suxeita nunha barra vertical que permite regular a súa altura entre 1,23 e 1,67 m.



## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- A entrada principal ten 4 chanzos de tamaño e forma irregular. Non están sinalizados tacto-visualmente.
- A porta principal é acritalar e non está sinalizada con dúas franxas de cor contrastada que facilite a súa detección a persoas con visión reducida.
- Na recepción e nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

### **Cuarto estándar (Nº 007)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A altura da bañeira é de 52 cm.



## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Cuarto estándar**

Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo da cabina: 1,17 m e 1,70 m. Altura dos botóns de mando: 1 m. Cabina con sinais sonoros e visuais: Si. Botóns con números en altorrelievo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de color contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.

## Hotel AC Palacio del Carmen (H★★★★★)

R/ Oblatas s/n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981 552 444  
Fax: 981 552 445  
E-mail: pcarmen@ac-hotels.com  
Web: www.ac-hotels.com



### INFORMACIÓN XERAL

Situado en pleno casco histórico de Santiago de Compostela, moi preto do centro, da catedral, do Campus Universitario, do Auditorio de Galicia e da Praza do Obradoiro.

O hotel ocupa un fermoso edificio que antigamente foi coñecido como o Convento das Oblatas e que impresiona a quen o observa pola súa innegable elegancia. Conta con 74 cuartos, restaurante, salas para reunións e todas as comodidades que caracteriza a AC Hotels.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal ten 3 chanzos de 16 cm de altura, pero existen dous itinerarios alternativos accesibles: por unha porta que dá acceso á cafetería e que ten unha rampla de 2,30 m de ancho, 4,20 m de lonxitude e unha pendente do 10,9%; ou por unha porta xunto á xiratoria principal por unha rampla de 1 m de ancho, 1,80 m de longo e unha pendente do 12,9%.
- A porta é acritalar, de dobre folla e mide 80 cm cada unha.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,11 m, non adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 017)

- Nº de cuartos adaptados: 2. Están na planta 0 e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 92 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 80 cm.
- A cama ten unha altura de 55 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 3 m de ancho e polo lado esquerdo por un de 90 cm.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura de 40 cm e o percheiro está fixo a 1,60 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 77 cm.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 77 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,30 m de ancho polo lado dereito, de forma oblicua pola presenza do lavabo e pola fronte de 1,50 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, están a 75 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 65 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 78 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,14 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 86 cm.

#### Bañeira

- A bañeira está a unha altura de 46 cm e ten biombo abatible.
- Dispón de cadeira de ducha para a transferencia.
- As billas son monomando e están a 46 cm de altura. Hai unha barra de apoio situada diagonalmente a unha altura de 58 cm.

#### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado en zona común, situado na planta baixa e con itinerario accesible. É unha cabina independente e non está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta xeral ábrese cara a dentro e mide 92 cm de ancho. A da cabina tamén abre cara ao interior e mide 83 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro escaso.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 80 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito e unha abatible no esquerdo, situadas a 75 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 50 cm.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 77 cm de alto e 56 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 93 cm e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de 1,03 m.

**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Aceso**

- A entrada principal é por 3 chanzos cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antideslizante de cor contrastada.
- A porta é xiratoria, automática, de vidro e está sinalizada co logotipo do hotel pero con escaso contraste de cor.
- O itinerario alternativo accesible é por unha porta acritalar de apertura manual e sen sinalización.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.

**Cuarto estándar (nº 001)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.
- A altura da bañeira é de 46 cm e ten biombo de vidro sen sinalizar.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI e a TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,80 m. O tamaño dos caracteres é de 4 cm, non son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.


**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Accesible con ascensor	Hai 2 prazas reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida.
Restaurante	Planta 0	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura da mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 65 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta 0	Accesible	Altura da barra: 1,10 m. Mesas redondas con pata central. Altura de mesa: 55 cm. Altura baixo mesa: 53,5 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón buffet almorzos	Planta 0	Accesible	Altura da barra buffet: 1,01 m. Mesas cadradas con 4 patas. Altura da mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 71 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm.
Sala de reunións	Planta 0	Accesible	Mesa cadrada. Altura da mesa: 45 cm. Altura baixo mesa: 38 cm.
Salóns de convencións	Planta -1 e 1	Accesibles con ascensor	Mesas cadradas de 4 patas.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,05 m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,07 x 1,42 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,05 e 1,20 m. Altura do pasamáns: 85 cm. Espello fronte á porta: Si. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo e braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Ximnasio	Planta 0	Accesible	Non dispón de vestuario adaptado.
Escaleira interior	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 19 cm. Fondo da pegada: 33 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Altura de pasamáns: 90 cm, a un lado.

## Parador Hostal dos Reis Católicos (H★★★★★)

Praza do Obradoiro, 1  
15705 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981 582 200  
Fax: 9691 563 094  
E-mail: santiago@parador.es  
Web: www.parador.es



### INFORMACIÓN XERAL

O Parador é unha mestura de historia, arte e tradición, soño de peregrinos e emblema de Santiago. Situado na Praza do Obradoiro, forma coa Catedral un magnífico ángulo de ouro que imprime beleza a unha das capitais máis visitadas do mundo.

Considerado o hotel máis antigo do mundo, é tamén un dos máis luxosos e belos. Posúe catro claustros de inmensa beleza, elegantes estancias, espectaculares cuartos e un luxoso comedor.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está na mesma praza da Catedral, en zona chaira e despexada, con beirarrúa empedrada ampla e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal ten un chanzo cunha rampla móbil como itinerario alternativo accesible.
- A rampla mide 96 cm de ancho, 93 cm de longo e ten unha pendente do 32,4%.
- A porta é de vidro, de dobre folla e permanece sempre aberta. Ten un ancho de paso de 1,44 m e hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas. Existen cadeiras de rodas a disposición dos clientes.

#### Cuarto adaptado (Nº 125)

- N.º de cuartos adaptados: 1. Está na planta 0 e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 94 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 84 cm.
- A cama ten unha altura de 55 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 94 cm de ancho e polo lado esquerdo por un de 1,60 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura media de 50 cm e o percheiro está a 1,70 m.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 75 cm.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara dentro e mide 94 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de acercamento de 1,20 m de ancho polo lado esquerdo, 1,05 m polo dereito e pola fronte de 2,50 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Dispón dunha barra de apoio abatible a cada lado a 70 cm de altura e cunha distancia de 70 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 78 cm de alto e 30 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,05 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 1,30 m. Existe un teléfono.

#### Bañeira

- A bañeira ten unha altura de 43 cm e dispón de cadeira de ducha homologada.
- O grifo é monomando e está situado a unha altura de 60 cm en parede accesible. A alcachofa está suxeita nunha barra vertical que permite regular a súa altura entre 1,13 e 1,85 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, por rampla cunha pendente do 32,4%, que salva un chanzo de 20 cm cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa anti-escorregadiza de cor contrastada.
- A porta é de vidro e está sinalizada co logotipo do hotel pero sen suficiente contraste de cor.
- Hai un felpudo ancorado ao chan antes da porta.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar (nº varios)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 48 cm e ten biombo de vidro sen sinalizar.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como despertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A porta permite conexión co exterior.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a ubicación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,60 m. O tamaño dos caracteres é de 4 cm, son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Otras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Non accesible	Existe servizo de aparcacoches.
Restaurante	Planta -1	Non Accesible por chanzos	Por exterior, chanzo de entrada de 19 cm. Por interior, dous tramos dende ascensor de 3 e 1 chanzos. Altura de mesa: 68 cm. Altura baixo mesa: 76 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 m. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta 0	Accesible	Altura de barra: 1,15 m. Mesas cadradas de 4 patas con traveseiro. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 76 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 40 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón Buffet almorzos	Planta 1ª	Non accesible	Altura de barra buffet: 88 cm. Mesas cadradas e redondas de 4 patas. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 66 cm. Ancho baixo mesa: 75 cm. Fondo baixo mesa: 75 cm.
Sala de reunións	Planta 0	Accesible	Ancho da porta: 90 cm. Mesas cadradas diversas e diferentes. Altura de mesa: 50 cm. Altura baixo mesa: 40 cm. Ancho baixo mesa: 40 m.
Ascensor (4)	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1,14 m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,20 x 1,40 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,15 e 1,30 m. Dispón de pasamáns: Non. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non. Teléfonode aviso de emerxencia: Si.
Aseos comúns		Non accesibles	Non hai unha cabina de aseo común adaptada.

# Gran Hotel Santiago (H★★★★)

Avda. Mestre Mateo, 27  
15706 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981 534 222  
Fax: 981 534 223  
E-mail: ghsantiago@ghhoteles.es  
Web: www.gh-hoteles.com



## INFORMACIÓN XERAL

O grande Hotel Santiago é o resultado da combinación de dous elementos que tivemos moi en conta á hora de definir o tipo de edificio e o estilo de servizo que queremos ofrecer aos nosos clientes.

Quixemos crear, ademais, un hotel que responda con xustiza á gran cidade da que forma parte, Santiago de Compostela, un dos símbolos urbanos máis destacados do mundo pola rica e acertada unión da historia, a arte, e a cultura, únicas, co dinamismo social e económico dunha comunidade moderna.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa onde se encontra o establecemento é asfaltada, chaira e despexada de obstáculos.

### Acceso

- A entrada principal ten 3 chanzos de 14 cm de altura, pero existe unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- A rampla mide 1,02 m de ancho, 5,80 m de lonxitude e ten unha inclinación do 6%.
- A porta principal é automática, xiratoria e ten un ancho libre de paso de 1,20 m. Existen dúas portas alternativas de apertura manual e que miden 95 cm de ancho.

### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m. Non ten unha zona adaptada a persoas con minusvalía.

### Cuarto adaptado (Nº 105)

- N.º cuartos adaptados: 3. Están na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 76 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 86 cm.
- A cama ten unha altura de 52 cm. Accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 90 cm de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están a unha altura de 90 cm.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados a 60 cm do chan xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,60 m.

### Cuarto de baño do cuarto

- A porta abre cara a fóra e mide 77 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de máis de 1,20 m de ancho polo lado esquerdo. O asento está a unha altura de 47 cm e o mecanismo de descarga a 94 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de 84 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 80 cm de alto e 65 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m, pero está inclinado e o resto dos accesorios do baño están entre 1 e 1,55 m.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,20 m. Dispón de cortina para evitar a fuga da auga.
- O chan da ducha é continuo co resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Dispón dun asento de ducha homologado a unha altura de 80 cm e cunhas dimensións de 44 cm de ancho por 45 cm de fondo.
- Hai 1 barra de apoio na parede das billas a unha altura de 80 cm, a parte horizontal, e entre 80 cm e 1,40 m a parte vertical.
- A billa é termostática e require o xiro do pulso. Está a unha altura de 1 m.

### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado na zona común. Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- É unha cabina independente do resto e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a fóra e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

**Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de máis de 1,20 m de ancho polo lado dereito. O asento está situado a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 74 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a unha altura de 84 cm.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 68 cm de alto e 72 cm de fondo. A billa é automática por sensor.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do aseo están a 75-84 cm de altura.

**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- A entrada principal ten 3 chanzos de 14 cm de altura, cuxos bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta principal é automática, xiratoria, de vidro e está sinalizada co logotipo do hotel sen suficiente contraste de cor. Existe unha porta alternativa de apertura manual, de vidro e sen sinalizar.

**Cuarto estándar (Nº108)**

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de per-

soas con minusvalía visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.

- A bañeira está a unha altura de 45 cm.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI e hai avisadores luminosos de chamada.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”; nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,61 m.
- O tamaño dos caracteres é de 7 cm e non presentan suficiente contraste de cor respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille pero si están en altorrelevo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -3 e -2		As prazas están delimitadas, pero non existe ningunha reservada nin sinalizada para Persoas de Mobilidade Reducida.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Altura da barra de cafetería: 1,11 m. Mesas pequenas de 60 cm de altura. Non dispoñen de carta en braille.
Restaurante/ Salón Buffet Almorzos	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Ancho da porta: 80 cm cada folla. Altura da barra buffet: entre 72 e 94 cm. Altura da mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 67 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 1 m. Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións (9)	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 80 cm cada folla. Altura da mesa: 70 cm. Altura baixo mesa: 67 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 41 cm.
Ascensor Panorámico	Todas as plantas	Accesible	Ancho da porta: 80 cm. Altura dos botóns de aviso: 1,28 m. Ancho e fondo da cabina: 80 cm x 1,06 m. Altura dos botóns: entre 80 cm e 1,25 m. Pasamáns: Si, a unha altura de 94 cm. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns en altorrelevo: Non. Botóns en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Escaleiras interiores	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: Non. A escaleira ten unha alfombra en todo o seu percorrido.

## Hotel NH Obradoiro (H★★★★)

Avda. Burgo das Nacións, s/n  
15705 Santiago de Compostela (A Coruña).  
Teléfono: 981 558 070  
Fax: 981 575 156  
E-mail: nhobradoiro@nh-hotels.com  
Web: www.nh-hotels.com



### INFORMACIÓN XERAL

NH Obradoiro ofrece luxo moderno nun ámbito tradicional. Ao estar situado a minutos da histórica Praza do Obradoiro no corazón da zona antiga, séculos de encanto esperante a só uns pasos do hotel. O hotel ofrece unha tentadora variedade de comodidades e instalacións para hóspedes, dende un moderno ximnasio e piscina cuberta e ao aire libre, spa e salas de reunións completamente equipadas. Satisfai os teus antollos con deliciosos pratos galegos no restaurante Azabache ou reláxate no teu cuarto cunha canca de café e goza das encantadoras vistas da cidade.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- Accédese por 2 portas contiguas coas mesmas características, son corredías, automáticas e de vidro. Teñen un ancho libre de paso de 1,84 m e entre elas hai un espazo suficiente para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. Existe un felpudo ancorado correctamente ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- Existe un mostrador de atención ao público a unha altura de 76 cm, pero sen un espazo libre inferior que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 525)

- N.º cuartos adaptados: 8. A analizada está na 5ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 84 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,40 m.
- A cama ten unha altura de 60 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1,30 m de ancho e polo lado esquerdo de 90 cm.
- Os andeis do armario están situados a unha altura entre 30 e 60 cm. O percheiro está a 1,43 m de altura.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,60 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 87 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,60 m pola fronte e polo lado dereito de forma oblicua pola presenza do lavabo. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 95 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, están a 85 e 80 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 70 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 68 cm de alto e 51 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están entre 80 cm e 1,10 m. Dispón de teléfono.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,60 m de ancho. Ten un biombo abatible.
- O prato de ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento do cuarto de baño.
- Dispón de cadeira de ducha homologada, regulable en altura e sen repousabrazos.

#### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado en zona común, situado na planta baixa e o itinerario é accesible. É unha cabina independente, sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta abre cara a dentro e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro maior de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 1,60 m. O asento está situado a unha altura de 46 cm e o mecanismo de descarga a 95 cm.



- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, situadas a 75 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 75 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 93 cm e o resto dos accesorios do aseo están a 90 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada é accesible, sen desniveis.
- Accédese por dúas portas contiguas de vidro, automáticas e corredías. Están sinalizadas con franxas horizontais e co logotipo do hotel pero sen cor contrastada.
- Hai un felpudo ancorado ao chan entre ambas as dúas portas.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- No interior, o bordo dos chanzos da escaleira están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.

#### Cuarto estándar (nº524)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres pero sen contraste de cor.

- A altura da bañeira é de 50 cm e ten biombo de vidro sen sinalizar.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI e a TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,80 m. O tamaño dos caracteres é de entre 6 e 10 cm, sen cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de galego.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Accesible con ascensor	Hai 2 prazas reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida e sinalizadas co SIA no pavimento.
Restaurante	Planta 0	Accesible	Mesas cadradas con pata central. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 31 cm. Fondo baixo mesa: 31 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta 0	Accesible	Altura de barra: 1,11 m. Mesas cadradas con pata central. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 31 cm. Fondo baixo mesa: 31 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón Buffet almorzos	Planta 0	Accesible	Altura de barra buffet: 93 cm. Mesas cadradas con pata central. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 31 cm. Fondo baixo mesa: 31 cm.
Salón de reunións (4)	Planta 0	Accesible	Mesas redondas. Altura de mesa: 40 cm. Altura baixo mesa: 30 cm. Ancho baixo mesa: 45 cm. No hai fondo baixo mesa.
Ascensor (4)	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada a 1,13 m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo de cabina: 81 cm x 1,10 m. Altura dos botóns de mando: entre 1 e 1,24 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Espello fronte á porta: Si. Chan de textura e cor distinta fronte a porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo e braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Escaleira interior	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo: 29 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Altura de pasamáns: 96 cm.

# Hotel Tryp San Lázaro (H★★★★)

Avenida Fernando de Casas Novoa, s / n  
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)  
Teléfono: 981 551 000  
Fax: 571 981 141  
E-mail: @Solmelia.com tryp.san.lazaro  
Web: www.solmelia.com



## INFORMACION XERAL

O Hotel Tryp San Lázaro, de deseño moderno e funcional, con todas as comodidades e servizos, é o hotel ideal para o cliente de negocios ou o de ocio pola súa boa calidade-prezo. Situado a carón do Palacio de Congressos e preto de grandes centros comerciais de Santiago de Compostela. Só a 10 minutos en coche do centro histórico e cultural da cidade. Só a 5 minutos do centro comercial Área Central.

## ACCESIBILIDADE FISICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- A estrada de acceso ao establecemento ten unha pendente pronunciada, é ampla e está despexada de obstáculos.

### Acceso

- A entrada principal ten 2 chanzos de 17 cm de altura, pero hai unha rampla como ruta alternativa dispoñible.
- A rampla mide 2,60 m de ancho, 8 m de lonxitude e ten unha inclinación de 6,9%. Ten varandas a 1 m de altura.
- A porta de entrada principal é automática, xiratoria, e ten un ancho de paso de 90 cm. Hai unha alternativa de apertura manual, con dúas follas, medindo 80 cm de ancho cada unha.

### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao cliente ten unha altura de 1,15 m. Non ten unha área accesible para persoas con discapacidade.

### Cuarto adaptado

- Nº de cuartos adaptados: 8 (5 con baño e 3 con ducha). Están na 1ª planta e o percorrido é accesible.
- A porta de entrada mide 86 cm de ancho.
- No cuarto hai un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é maior de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 52 cm. Accédese a ela polas dúas partes xa que no lado dereito hai un espazo de 93 cm de ancho e no esquerdo de 1,30 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están a unha altura de 1,80 m.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados ao carón da cama e os aparellos de control de temperatura están a unha altura de 1,50 m.

### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e mide 89 cm de ancho.
- No interior hai un espazo de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de acercamento frontal. O asento está a unha altura 43 cm e mecanismo de descarga a 77 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito do vaso sanitario a unha altura de 64 cm.

### Lavabo

- Debaixo da pía hay un espazo libre de 74 cm de altura e 57 cm fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 88 cm e é reclinaible. Os outros accesorios de baño están entre 1,12 e 1,30 m.

### Ducha

- A ducha ten unha banda libre de aproximación lateral de 80 cm. Ten biomboxo fixo.
- O chan do baño é continuo co resto do chan e é antiescorregadizo.
- Ten un asento de ducha abatible e fixado á parede a unha altura de 40 cm e con dimensións de 41 cm de ancho por 50 cm fondo.
- Hai unha barra horizontal a 88 cm de altura.
- A billa é monomando e está a unha altura de 1,10 m.

### Aseo adaptado na área común

- O hotel ten 1 aseo adaptado na área común. Está situado en planta -1 e o percorrido é accesible por ascensor.
- A porta ábrese para fóra, e está marcada co símbolo internacional de accesibilidade (SIA). Ten un ancho de paso de 94 cm.
- No interior, hai un espazo de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O baño ten un espazo libre de acercamento polo lado dereito que permite a transferencia de forma

oblicua pola presenza do lavabo. O asento está situado a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.

- Ten unha barra abatible na parte esquerda a unha altura de 90 cm.

#### Lavabo

- Debaixo da pia hay un espazo libre de 74 cm de altura e 56 cm de fondo. A billa é monomando.
- O espello inclínase e os accesorios de baño están a unha altura entre 1 e 1,30 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal ten 2 chanzos de 17 cm de altura, cuxas beiras non están marcadas con franxas de cor contrastante e antiescorregadiza.
- A rampla ten pasamáns a 1 m de altura.
- As portas son de cristal e están marcadas co logotipo do hotel sen contraste de cor suficiente.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós ou resaltes. Hai alfombras ancoradas debidamente ao solo.
- O mobiliario non obstrúe a circulación de persoas con discapacidade visual. Tampouco existen elementos voados que impliquen risco.

#### Cuarto estándar (Nº 009)

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con contraste de cores.
- O mobiliario distribúese de xeito que non é un obstáculo á circulación de persoas con discapaci-

dade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Hai conexión a Internet por cable e WIFI, e avisadores luminosos de chamada.
- A TV ten decodificador de teletexto, permite a comunicación co servizo de recepción e ofrece servizo de despertador luminoso.
- Existe un enchufe á beira da cama e información por escrito dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos baños non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre que permita ver se hai alguén dentro.

#### Sinalización

- O hotel dispón de placas indicando a situación das diferentes salas e servizos. As etiquetas seguen o mesmo patrón e están a unha altura media de 1,87 m.
- O tamaño da fonte dos caracteres está entre 4 e 8 cm e teñen unha cor contrastada sobre o fondo. Non están complementados con información en braille ou en altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a linguaxe de signos.

Outras salas	Localización	Tipo itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior e planta -2	Accesible	Hai tres prazas reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR). Están marcados e sinalizados co SIA.
Cafetería	Piso -1	Acceso por ascensor	Altura da barra de café: 1,12 m. Mesas de pata central. Altura da mesa: 76 cm. Altura ata a mesa: 72 cm. Ancho da mesa: 80 cm. Fondo de mesa: 36 cm. Non teñen carta en braille.
Salón Almorzo buffet	Piso -1	Acceso por ascensor	Buffet: altura da barra: entre 80 cm e 1,40 m. Mesas con pata central. Altura da mesa: 76 cm. Altura ata a mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo a mesa: 36 cm.
Salón Obradoiro (2)	Piso -1	Acceso por ascensor	Altura da mesa: 72 cm. Altura ata a mesa: 69 cm. Ancho baixo a mesa: 90 cm. Fondo baixo a mesa: 48 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Ancho da porta: 80 cm. Altura dos botóns de chamada: 1,26 m. Cabina de ancho e profundidade: 1,10 x 1,40 m. Altura dos botóns entre 95 cm 1,25 m. Pasamáns: Si, a unha altura de 90 cm. Chan de textura e cor diferente fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns en braille e en altorrelevo: Si. Botóns de cores contrastadas: Si. Botón de emerxencia con indicador luminoso: Non.
Escaleiras	Todas as plantas	Ascensor Alternativo	Chan de textura e cor distinta no inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: Si. Sinalización visual no bordo dos chanzos: Si.

## Hotel A Marisqueira ★★★

R/ Río Borines, 58  
A Barcala-Km1 Nº51 baixo  
15176 Cambre (A Coruña).  
Teléfono: 981 664 806  
Fax: 981 664 101  
Web: www.hotelamarisqueira.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel A Marisqueira foi inaugurado no ano 1994 coa categoría de Hostal Residencia de dúas estrelas. No ano 2006 foi remodelado completamente para poder conseguir a categoría de Hotel de dúas estrelas.

Os cuartos, todos exteriores, están perfectamente equipados para que a súa estancia sexa cómoda e confortable. Como complemento, o noso establecemento conta tamén con cuartos completamente adaptados para persoas con minusvalía.

Un bonito paseo fluvial con xardíns ao pé do Hotel permitiralle relaxarse e considerar a beleza da zona; a súa proximidade a Santa Cristina pon á súa disposición praias de area fina; e a súa proximidade ao centro da cidade da Coruña garántelle un amplo abano de actividades durante todo o ano.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despegadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal do hotel é accesible.
- A porta é de apertura manual, parcialmente acritalar, de dobre follas e cun ancho libre de paso de 80 e 81 cm cada una.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 96 cm, non adaptada para usuarios en cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 11)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible polo exterior do hotel.
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,40 m.
- A cama ten unha altura de 54 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,67 m de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura entre 40 cm e 1,57 m.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 48 cm de ancho polo lado dereito, e pola fronte de 2,18 m. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo a unha altura de 71 cm, o portarrolos pode dificultar a súa utilización.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal, polo que carece dun espazo libre de aproximación frontal. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 91 cm e o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

#### Ducha

- O chan da ducha é antiescorregadizo e ten unha pequena cella de 2 cm de altura. Ten biombo pregable.
- Dispoñen dunha cadeira de ducha a disposición dos clientes.
- A ducha ten unha barra de apoio horizontal que abrangue ambas as dúas paredes e está a unha altura de 82 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 83 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada é accesible, sen desniveis.
- A porta é de apertura manual e parcialmente acritalar.
- Hai un felpudo sen ancorar ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.

- No interior existen alfombras non ancoradas ao chan.

**Cuarto estándar (nº110)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.
- A altura da bañeira é de 50 cm e o biombo é corredío.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espectador.

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”.

**Sinalización**

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	As prazas non están delimitadas nin hai ningunha reservada a Persoas con Mobilidade Reducida.
Restaurante	Planta baixa	Accesible, cella na porta de 2 cm de altura	Mesas cadradas de 4 patas. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 51 cm. Fondo baixo mesa: 74 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible, cella na porta de 2 cm de altura	Altura de barra: 1,10 m. Mesas cadradas con pata central. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 72 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: Si.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	Non hai ningunha cabina de aseos común adaptada.

## Hotel-Apartamentos As Galeras ★★★

R/ Antonio J.de Sucre,7  
15179 Oleiros (A Coruña)  
Teléfono: 981 124 100  
Fax: 981 626 747  
Email: info@asgaleras.com  
Web: www.asgaleras.com



### INFORMACIÓN XERAL

Trátase dun comfortable establecemento emprazado nunha zona tranquila e pintoresca, entre as zonas turísticas de Santa Cristina e Santa Cruz, en plena costa coruñesa, e a tan só 15 minutos do centro da Coruña. Un comfortable hotel con cuartos exteriores equipados con cociña, forno e frigorífico, que, ademais, dispón dun restaurante con menús especiais para diabéticos e vexetarianos.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despxeadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis. Existe unha praza pública de aparcadoiro reservada para Persoas con Mobilidade Reducida próxima ao establecemento.
- O establecemento ten dúas portas contiguas parcialmente acritalar, de dobre folla e cun ancho libre de paso de 84 cm cada unha. Entre elas hai un felpudo ancorado ao chan correctamente.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,10 m, non adaptada para persoas en cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 126)

- N.º cuartos adaptados: 6, tres en cada planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 81 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,81 m.
- A cama ten unha altura de 50 cm, accédese a esta polo lado esquerdo, por un espazo de 2,10 m de ancho e polo dereito de 1,14 m.
- As portas dos armarios son corredías. Os andeis están situados a unha altura entre 50 cm e 2 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,10 m.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de 74 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 94 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,40 m. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 84 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito a unha altura de 81 cm e outra abatible no lado esquerdo a 65-81 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 75 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 63 cm de alto e 51 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,04 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,12 m de altura.

#### Ducha

- O prato da ducha é antiescorregadizo e ten unha pequena cella en baixorrelevo duns 2 cm.
- Ten un asento ancorado á parede e abatible a 55 cm de altura e cunhas dimensións de 46 cm de ancho por 31 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal e vertical que abarca ambas as dúas paredes e está a unha altura de entre 90 cm e 1,56 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,04 m.

#### Aseo adaptado en zona común

- Hai unha cabina de aseo adaptada, independente e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta da cabina está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA), é corredía e ten un ancho libre de paso de 76 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,70 m. O asento está situado a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga a 84 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e outra barra fixa no lado dereito, a 64 e 80 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 87 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 63 cm de alto e 49 cm de fondo. A billa é de presión.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do aseo están entre 1 e 1,30 m de altura.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada é accesible, sen desniveis.
- Accédese por portas contiguas, parcialmente acristalar e de cor contrastada.
- Hai un felpudo ancorado ao chan entre ambas as dúas.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Todos os apartamentos dispoñen dunha pequena coziña, non adaptada.

### Cuarto estándar (nº125)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 47 cm e ten biombo de vidro sen sinalizar.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como despertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre".

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Restaurante- Buffet	Planta baixa	Accesible, hai un pequeno desnivel de 3 cm antes da porta	Mesas cadradas con pé central. Altura da barra buffet: 74 cm. Altura da mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 74 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm. Fondo baixo mesa: 39 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible, hai un pequeno desnivel de 3 cm antes da porta	Altura da barra: 1,11 m. Mesas cadradas con pata central. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 31 cm. Fondo baixo mesa: 30 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,04 m. Ancho da porta: 81 cm. Ancho e fondo da cabina: 1,09 y 1,51 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,09 e 1,20 m. Altura do pasamáns: 87 cm. Espello fronte á porta: Non. Chan de textura e cor distinta cara á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botons con números en altorrelevo: Si. Botons con números en braille: Si. Botons de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e remate: Non. Con tabica: Non. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non.

## Hotel Casa Barreiro (H\*\*\*)

Estrada A Coruña-Santiago km. 32  
15689 Leira-Ordes (A Coruña)  
Teléfono: 981 680 917  
Fax: 981 680 917  
E-mail: barreiro@hotelbarreiro.com  
Web: www.hotelbarreiro.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel Casa Barreiro proporciona o máximo confort ao hóspede xa que pon á súa disposición alta calidade de servizos. O hotel está totalmente acondicionado para celebrar convencións ou banquetes. Foi inaugurado en 1875, pero tras grandes reformas, adáptase totalmente ás necesidades actuais.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, por pequena rampla de 2 m. de ancho e 26 cm. de longo, con pendente do 46%.
- Accédese por porta de dobre folla que deixa un ancho de paso de 164 cm. Antes e despois hai espazo suficiente para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,20 m, non adaptado para usuarios de cadeiras de rodas.

#### Habitación adaptada (Nº 118)

- N.º de cuartos totais: 45
- N.º de cuartos adaptados: 5. A analizada está en planta 1 e accédese utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 150 cm.
- A cama ten unha altura de 55 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,5 m de ancho e polo lado esquerdo, por un de 1 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 40 cm e 1,52m. O percheiro está a 1,70 m.
O hotel rústico Fontequeroso, na pequena e acolledora aldea de Nemiña (Muxía), caracterízase por ser o hotel rústico máis occidental da España Peninsular. Goza dun enclave privilexiado próximo ao cabo Touriñán e a coñecida praia de Nemiña.

O hotel dispón de seis cuartos totalmente equipados con baño, terraza, televisión, DVD e secador. Entre os espazos comúns destacan un salón comedor con chimenea e un segundo salón de lectura con excelentes vistas. O exterior está dotado dun amplo xardín e unha fonte, onde antigamente as xentes de Queiroso ían lavar e recoller auga.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha rúa chaira, sen beirarrúas e despendexada de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, por unha rampla de madeira, para salvar o chanzo de 13 cm de altura que hai na entrada.
- A rampla mide 95 cm de ancho, 45 cm de longo e ten unha pendente do 12%.
- A porta é de madeira, abre cara ao exterior e ten un ancho libre de paso de 87 cm. Antes e despois desta hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 77 cm, debaixo hai un fondo libre de 54 cm e unha altura libre de 61 cm.

#### Cuarto adaptado

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada é corredía e mide 90 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,10 m.
- A cama ten unha altura de 40 cm, accédese a esta por ambos os dous lados por un ancho libre de paso de 1 m.

- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Ten un caixón a 20 cm de altura e o perchero está a 1,67 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- O cuarto dispón dunha porta de acceso ao xardín traseiro da casa, accesible por rampla de similares características á de entrada.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de 75 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,50 m de ancho polo lado dereito. O asentado está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 48 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 75 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa require o xiro de pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 92 cm e o resto dos accesorios do baño están entre 10 cm e 1,30 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,80 m. Ten cortina.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- Ten un asentado fixo de obra situado a 45 cm de altura e cunhas dimensións de 65 cm de ancho e 40 cm de fondo.
- A ducha dispón de barra de apoio horizontal na parede contraria á das billas a unha altura de 90 cm.
- A billa é termostática e require xiro do pulso, está situada a unha altura de 85 cm e a alcachofa pódese colocar sobre esta.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, por unha rampla de madeira, para salvar o chanzo de 13 cm de altura



que hai na entrada, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.

- A rampla ten unha pendente do 12%.
- Non hai felpudos no vestíbulo.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (nº3)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Ten prato de ducha con chanzo e biombo pregable.

#### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

##### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

##### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

##### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

##### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro		Exterior	Non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida.
Comedor	Planta 0	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 76,5 cm. Altura baixo mesa: 74 cm. Ancho baixo mesa: 85 cm. Fondo baixo mesa: 1,63 m. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (2)	Planta 0 e 1	Accesible o da planta 0	Un baúl sen fondo nin altura libre fai as funcións de mesa.
Escaleira	Do patio á planta 1ª	Sen ascensor alternativo	Un baúl sen fondo nin altura libre fai as funcións de mesa.
Aseos comúns	Planta 0	Accesible	Non existe ningunha cabina de aseo común adaptada.

## Hotel Rústico Insula Finisterrae (☆☆)

A Insua, 76  
15155 Fisterra (A Coruña).  
Teléfono: 981 712 211 / 678 661 085  
E-mail: info@insulafinisterrae.com  
Web: www.insulafinisterrae.com

### INFORMACIÓN XERAL

O hotel Insula Finisterrae é unha antiga casa de labranza do ano 1908, situada na zona poboada máis elevada do cabo Fisterra (Lugar de Insua, 120 habitantes), o que permite ser un auténtico miradoiro á baía de Fisterra polo leste e ao océano Atlántico polo oeste.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato o establecemento

- O hotel está nunha rúa en costa pronunciada, sen beirarrúas, pero despexada de obstáculos

#### Acceso

- Hai dous itinerarios para acceder ao hotel: o 1º é dende o aparcadoiro ata a terraza a través dunha rampla de 1,60 m de ancho, 7 m de lonxitude e unha inclinación do 12%, onde se sitúa o comedor, e o 2º é pola parte traseira do hotel ata recepción. Ambos os dous itinerarios son accesibles.
- Accédese por 2 portas contiguas. A primeira é acritalar parcialmente e mide 77 cm de ancho e a segunda é de dobre folla e ten en total un ancho libre de paso de 1,74 m. Entre elas hai espazo abondo para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. Hai un felpudo entre ambas as dúas portas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m, non adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 11 "Pedra D'abalar")

- Nº cuartos adaptados: 1. Está na planta 0 e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 53 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 90 cm de ancho e polo lado esquerdo, por un de 1,10 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 15 e 30 cm e o perchero está a 1,70 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura



é o regulador do radiador directamente, que está a unha altura de 50 cm.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,80 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 2 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo e outra fixa no dereito, que están a 74 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 62 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 74 cm de alto e 62 cm de fondo. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 76 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 3,50 m.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- Ten un tallo de ducha ortopédico móbil.
- A ducha dispón de barras de apoio fixas horizontais nas dúas paredes, a unha altura de 82 cm.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,12 m. A alcachofa non permite regular a súa altura.

#### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado na zona común, situado na planta baixa con itinerario accesible dende comedor, cuarto ou saída.
- Está integrado na cabina de mulleres, non sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro escaso.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 60 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,40 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito e unha abatible no esquerdo, situadas a 82 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 80 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 62 cm de fondo. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,20 m e o resto dos accesorios do aseo están a 1,14 m.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada é sen desniveis por recepción e por rampla con pendente do 12%.
- Accédese á recepción por dúas portas contiguas: unha parcialmente acritalar de doada apertura e outra opaca de dobre folla sempre aberta.
- Hai un felpudo ancorado ao chan entre ambas as dúas portas.
- O pavimento é empedrado pero homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar (nº 10 “Pedra de Cabanas”)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 47 cm.
- As portas do cuarto e o aseo presentan contraste coa parede.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	O pavimento é de grava e non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida.
Comedor	Planta 0	Accesible por rampla dende exterior.	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións	Planta 0	Accesible por rampla dende comedor. Non accesible dende recepción.	Mesa cadrada de 4 patas. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 69 cm. Ancho baixo mesa: 1,25 m. Fondo baixo mesa: 80 cm.
Escaleiras	Todas as plantas	Accesible só dende recepción. Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 7, 7 e 8. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 27 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A ambos os dous lados, 81 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.

## Hotel Xallas (☆☆)

Rúa Nova, 18 (esquina Avda. Brasil)  
15841 Santa Comba (A Coruña).  
Teléfono: 981 880 708  
Fax: 981 880 975  
E-mail: info@hotelxallas.com  
Web: www.hotelxallas.com



### INFORMACIÓN XERAL

Este hotel situado en Santa Comba, centro formado por Fisterra, Santiago de Compostela e A Coruña, dispón de excelentes comunicacións entre as Rías Altas e as Rías Baixas, ofrecendo amplas posibilidades ao visitante que desexe coñecer calquera punto da provincia. No establecemento teñen a disposición dos hóspedes unha cadeira de rodas, unha andadeira e bastóns.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso é chaira, ampla e está despexada de obstáculos.
- A zona do aparcadoiro é pública e non conta con espazo reservado para Persoas con Mobilidade Reducida. Ten unha zona diante da porta principal do hotel demarcada e con sinalización, reservada exclusivamente para hóspedes.

#### Acceso

- A entrada principal do hotel ten 4 chanzos de 16 cm de altura.
- A porta principal é de doada apertura, abre cara ao exterior, é de dobre folla e mide 80 cm de ancho cada unha.
- Tamén se pode acceder ao hotel dende o garaxe privado do que dispoñen na planta soto, chegando dende aí á recepción e a todas as plantas do edificio por ascensor. Nese percorrido ata o ascensor o oco de paso máis estreito é de 94 cm de ancho e a porta que separa o garaxe do ascensor é de 74 cm de ancho.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador ten unha altura de 1,03 m. Baixo este non existe un espazo de aproximación para as persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 211)

- N.º cuartos adaptados: 2. A que se analiza está na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada do dormitorio mide 80,5 cm de ancho.

- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1 m.
- Dispoñen de dúas camas individuais que teñen unha altura de 59 cm e accédese a estas polo lado dereito, por un espazo de 79 cm de ancho e polo esquerdo de máis de 85 cm.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil manipulación e os andeis están colocados a unha altura entre os 16 cm e 1,74 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama e o aparato de control de temperatura está no propio radiador a unha altura de 65 cm.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é de apertura cara ao exterior e mide 80,5 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,85 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 95 cm. O asento está a unha altura de 41,5 cm e o mecanismo de descarga a 82 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo a 79,5 cm de altura.
- O lavabo ten pedestal, polo que non hai un espazo libre inferior que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,23 m e os accesorios do baño están colocados a 1,03 m de altura.

#### Ducha

- O cuarto de baño dispón de ducha, cun espazo de aproximación lateral de máis de 1,50 m.
- Ten cortina para evitar a fuga da auga.
- O chan da ducha ten unha pequena cella de 2 cm e o chan é antiescorregadizo.
- Ten un asento abatible e fixo á parede, situado a 45 cm de altura e cunhas dimensións de 33 cm de ancho e 30 cm de fondo. Dispón dun espazo de achegamento frontal de máis de 1,20 m e do lado dereito de máis de 80 cm.

- A ducha dispón dunha barra horizontal de apoio na parede das billas a unha altura de 1,04 m.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 63 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta principal do establecemento ten 4 chanzos, con tabica e bocel. O bordo dos chanzos non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta é de doada apertura e parcialmente acritalar.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual, coas alfombras ancoradas correctamente.
- No interior non hai chanzos illados ou desniveis que impliquen risco.

#### Cuarto estándar (Nº104)

- Existe contraste entre a porta e a parede, tanto do cuarto coma do cuarto de baño, facilitando así a identificación desta por parte das persoas con minusvalía visual.
- O mobiliario e a apertura de ventás non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual, tanto no dormitorio coma no cuarto de baño.
- Non existen beirís nas liñas de paso que impliquen risco nin no dormitorio nin no cuarto de baño.
- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres pero con escaso contraste de cor.

#### Aseos comúns

- O tamaño do letreiro é de 5 x 15 cm e está colocado a 1,82 m de altura.
- Non existen ocós ou cellas no chan, nin beirís nas liñas de paso que impliquen risco.
- Presenta contraste entre a porta e a parede

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar (Nº104)

- Existe conexión a Internet e a TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispoñen de información escrita dos servizos prestados no hotel.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estancias e servizos, presentan contraste cromático e non están complementadas en braille ou altorrelevo.
- A altura non segue un patrón constante, nin tampouco os caracteres, pero teñen a posibilidade de aproximación para a lectura


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro (Garaxe)	Planta -1	Accesible por ascensor	Nº Prazas: 9, están delimitadas. Praza reservada a PMR: 1, sen sinalizar co SIA. Ancho da praza: maior de 3 m. Lonxitude da praza: 4 m. Ancho dos corredores para chegar ao ascensor: 94 cm. Ancho da porta para chegar ao ascensor: 74 cm. Permite a inscrición dunha circunferencia de diámetro superior a 1,50 m.
Comedor	Planta 0	Accesible	Ancho da porta: 79 cm. Altura de mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 1,80 m. Fondo baixo mesa: 80 cm. Non dispoñen de carta en braille. Portas parcialmente acritalar: Si.
Cafetería	Planta 0	Accesible	Altura de barra de cafetería: 1,03 m. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 63 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm. Portas parcialmente acritalar: Si.
Sala de Reunións (2)	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Ancho porta: 72 cm cada folla. Altura mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 62 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm. Porta parcialmente acritalar: Si.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,14 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo da cabina: 1,08 x 1,28 m. Altura dos botóns interiores: 96 cm – 1,44 m. Cabina con sinais visuais: Si. Sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo e braille: Non. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.
Escaleiras (9 chanzos + meseta + 8 chanzos)	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Sinalización tacto-visual no bordo: Non. Altura dos chanzos: 17 cm. Fondo da pegada: 28 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócalo de protección lateral: Si. Altura de pasamáns: 93 cm, a un lado.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	Non hai ningunha cabina de aseo común adaptada.

## Hotel La Casona del Abuelo (HR\*\*)

Lugar da Igrexa-San Mamede, 21  
15293 Carnota (A Coruña)  
Teléfono: 981 760 544  
Fax: 981 760 544  
E-mail: info@lacasonadelabuelo.com  
Web: www.lacasonadelabuelo.com



### INFORMACIÓN XERAL

Construída cara a fins do século XIX, nunha marabillosa paraxe situada entre a serra e o mar, "A Casa grande do Avó" achase nun inigualable terreo que limita con diversas propiedades eclesiásticas.

Cunha extensión total de 12.000 m<sup>2</sup>, a casa componse de tres edificios: o principal, destinado orixinalmente a vivenda dos seus propietarios, e dúas construcións anexas onde permanecían os animais; ademais dun hórreo.

O aire romántico, propio da construción, acentúase coa abundante vexetación do ámbito, onde a paisaxe forma un continuo de tonalidades diversas formado pola sucesión de costas e montañas.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entro inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira asfaltada, sen beirarrúas e despexadas de obstáculos.
- Accédese ao recinto da casa por un enreixado de 5 m de ancho, por onde acceden tamén os vehículos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible por un camiño de lousas de pedra e unha rampla alternativa para salvar un chanzo de 12 cm de altura.
- A rampla mide 1,80 m de lonxitude, 1 m de ancho e ten unha pendente lonxitudinal do 6,9% e transversal do 3,8%.
- A porta é de dobre folla, de madeira e ten en total un ancho libre de paso de 1,40 m.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,05 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº PB1)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 92 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 2,10 m.

- A cama ten unha altura de 51 cm, accédese a esta por ambos os dous lados, por un espazo de 90 cm de ancho.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 53 cm e 1,80 m. O percheiro está fixo a 1,16 m de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- O cuarto dispón dunha saída directa e accesible á terraza.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e ten un ancho libre de paso de 90 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,30 m de ancho polo lado esquerdo, de forma oblicua pola presenza do lavabo e pola fronte de 90 cm. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 80 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado do inodoro a 80 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 65 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 40 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 82 cm e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 85 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación de 1,90 m de ancho. Ten cortina.
- O prato da ducha é antiescorregido e está practicamente ao mesmo nivel que o resto do pavimento, xa que hai unha pequena cella de 1 cm.
- Ten un asento fixo e abatible situado na parede contraria ás billas, a 45 cm de altura e cunhas dimensións de 50 cm de ancho e 45 cm de fondo. Non dispón de barras de apoio.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,13 m. A alcachofa está suxeita nunha barra ver-

tical que permite regular a súa altura entre 1,30 e 1,85 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal é accesible por un camiño de lousas de pedra e unha rampla alternativa para salvar un chanzo cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contratada.
- A porta é de dobre folia e de madeira
- No interior o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (nº 202)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 44 cm e dispón de cortina.
- O número dos cuartos indicase en grandes caracteres e con contraste de cor.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Sinalización

- O hotel só dispón de rótulos que sinalan a situación dos distintos cuartos na planta superior. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de 1,68 m. O tamaño dos caracteres é de 4 cm, son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en alto relevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Pódese aparcар dentro do recinto do hotel, pero non hai prazas delimitadas nin reservadas para PMR.
Comedor	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 67 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (un por planta)	Planta baixa	Accesible	A mesa non permite aproximación frontal de persoas usuarias de cadeira de rodas.
Escaleira	De recepción a plantas superiores	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior, todo o percorrido en curva e con alfombra. Nº de chanzos por tramo: Máis de 20. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 16 cm. Fondo da pegada: 33 cm. Con tabica: Sí. Con bocel: Sí. Zócalo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 94 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Sí.
Aseos comúns			Non hai unha cabina de aseo común adaptada.

# Hotel Playa Langosteira (H★★)

Escaleras s/n  
15155 Fisterra (A Coruña)  
Teléfono: 981 706 830  
Fax: 981 706 831  
E-mail: info@hotelplayalangosteira.com  
Web: www.hotelplayalangosteira.com



## INFORMACIÓN XERAL

Un hotel recentemente inaugurado, ideal para responder tanto ao turismo estival e familiar como de negocios, sempre encontrará nos seus 28 cuartos unha resposta ás súas expectativas máis rigorosas.

O hotel conta con cafetería, salón de almozos, salón de lectura, bar e aparcadoiro propio.

Para o servizo de recepción será un pracer dirixilo durante a súa estancia no descubrimento da Costa da Morte e das súas lendas.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos

### Acceso

- A entrada principal é accesible, xa que a beirarrúa está rebaixada en forma de rampla, cunha inclinación do 8,7%.
- Hai 2 portas contiguas separadas entre elas por un espazo suficiente para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas e cun felpudo non ancorado ao chan. Ambas as dúas son de apertura manual, de vidro, de dobre folla e teñen un ancho de paso de 1,62 m en total.

### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,03 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas.

### Cuarto adaptado (Nº 101)

- N.º cuartos adaptados: 2. Están na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,50 m.
- A cama ten unha altura de 55 cm, accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 90 cm de ancho.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 30 cm e 1,80 m. O percheiro está fixo a 1,70 m de altura.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura regúlanse con mando a distancia

### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,05 m de ancho polo lado dereito, de forma oblicua pola presenza do bidé e pola fronte de 2 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo e unha abatible no dereito, están a 80 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 82 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 77 cm de alto e 55 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 85 cm.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,30 m.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e presenta un pequeno chanzo de 4 cm por rail do biombo corredizo.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 47 cm de altura e cunhas dimensións de 35 cm de ancho por 40 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio en diagonal, situada na parede contraria ás billas e a unha altura entre 78 cm e 1,02 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,14 m de altura. A alcachofa está suxeita na billa.

### Aseo adaptado en zona común

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,30 m.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e presenta un pequeno chanzo de 4 cm por rail do biombo corredizo.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 47 cm de altura e cunhas dimensións de 35 cm de ancho por 40 cm de fondo.



- A ducha dispón dunha barra de apoio en diagonal, situada na parede contraria ás billas e a unha altura entre 78 cm e 1,02 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,14 m de altura. A cachofa está suxeita na billa.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de máis de 80 cm de ancho polo lado esquerdo. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito demasiado afastada do inodoro e unha abatible no lado esquerdo, situadas a 81 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 75 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é de presión.
- Non hai espello e os accesorios do aseo están a unha altura media de 90 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, xa que a beirarrúa está rebaixada en forma de rampla, cunha inclinación do 8,7%.
- Hai 2 portas contiguas cun felpudo non ancorado ao chan entre ambas as dúas. Son de apertura manual, de vidro e están sinalizadas co logotipo do hotel con escaso contraste de cor.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (Nº 202)

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Dispón de prato de ducha con chanzo e biombo

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de 1,70 m. O tamaño dos caracteres é de 6 cm, son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior e planta -1	Accesible con ascensor	Non dispón de prazas reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Restaurante-Buffer	Planta 0	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura da barra-buffet: 84 e 96 cm. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta 0	Accesible	Altura de barra: 1,10 m. Mesas cadradas con pata central, similares ás do restaurante.
Salón de reunións e cafetería	Planta baixa	Accesible	Mesa cadrada de 50 cm de altura que non permite a aproximación frontal.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 33 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Altura de pasamáns: 90 cm, a un lado.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,02 m. Ancho da porta: 82 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,20 x 1,20 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,08 m e 1,23 m. Espello fronte á porta: Si. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo e braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non. Altura dos botóns de chamada: 1,02 m.

## Casa das Bentinas Hotel Residencia ★

Bentín-Biduído  
15895 Ames (A Coruña)  
Teléfono: 981 536 418/609 108 381  
E-mail: [jesus@casadasbentinas.com](mailto:jesus@casadasbentinas.com)  
Web: [www.casadasbentinas.com](http://www.casadasbentinas.com)



### INFORMACIÓN XERAL

Casa das Bentinas é unha antiga casa de aldea rehabilitada con decoración rústica típica de Galicia.

#### ACCESIBILIDADE FÍSICA

##### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada está nunha rúa asfaltada e chaira, sen obstáculos. Non hai beirarrúas.

##### Acceso

- A entrada á casa é accesible. Para chegar ao posto de recepción hai que atravesar un corredor en rampla de baixada de 5 m de longo, 1,30 m de ancho e pendente do 10,5%, con pasamáns a un lado a 1 m.

##### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 70 cm, debaixo hai un fondo libre de 35 cm e unha altura libre de 50 cm.

##### Habitación adaptada (5)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está á altura da recepción, nun corredor chaira despois da rampla.
- A porta do cuarto mide 82 cm de ancho e existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 50 cm.
- A cama ten unha altura de 52 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 60 cm de ancho e polo dereito de 1,8 m.
- As portas do armario son corredías e teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura de 40 cm e o percheiro está a 1,70 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

##### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,5 m de diámetro.

##### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 80 cm polo lado esquerdo e 1,2 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 71 cm.

- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo situada a 74 cm.

##### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 35 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 95 cm e o resto dos accesorios do baño están tamén a 95 cm.

##### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,3 m.
- O prato de ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é de cerámica antiescorregadiza.
- Dispón dun asento de ducha. Non dispón de barras de apoio.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 73 cm. A alcachofa non é regulable en altura, pódese colocar sobre a billa.
- A ducha ten biombo abatible que facilita a aproximación coa cadeira de rodas.

##### Cociña e comedor

- Está situada en planta -1, continuando dende o corredor por rampla similar á descrita, doutros 5 m de baixada.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 89 cm de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os mandos da cociña non requiren o xiro do pulso.
- Os andeis superiores están a unha altura entre 1,35 e 2 m.
- Os andeis inferiores están a unha altura entre 18 e 85 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre 70 cm e 1,50 m, o conxelador está a 1,20 m.
- Dispón de lavalouza.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 79 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 68 cm e un ancho e fondo libre de 70 cm.

**Aseo en zonas comúns**

- Encóntrase na zona de comedor.
- Compártese co de señoras. Na porta dispón de símbolo de Accesibilidade.
- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,5 m de diámetro.

**Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m polo lado esquerdo e 1,8 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo situada a 74 cm.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 40 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,05 m.



**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- A rampla de acceso ás estancias está alfombrada de forma fixa.

- Na recepción o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar (4)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación non é homoxénea.
- Accédese a ela por escaleiras interiores.



**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Habitación estándar**

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Sinalización**

- A casa non dispón de rótulos que sinalen a situación das diferentes estancias.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos

Otras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta 0	Accesible	Accédese ao recinto da casa por portal de 4 m. na parte traseira do terreo. Apárcase dentro do recinto en praza diante da entrada da casa. Non hai ningunha praza delimitada nin reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	Planta superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos por tramo: 8. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 32 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 90 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Sala de estar	Planta -1	Non accesible	Accédese dende o comedor por 4 chanzos de subida.

## Hotel Crisol das Rías

R/ Loios, 53  
15630 Miño (A Coruña)  
Teléfono: 981 778 895  
Fax: 981 782 731  
Email: info@hotelcrisoldelasrias.com



### INFORMACIÓN XERAL

Situado a tan só 50 metros da Praia Grande de Miño, o hotel Crisol das Rías é un lugar de referencia para gozar do ocio e o descanso na época estival en compañía da súa familia. Resulta atractivo para numerosos profesionais de negocios, comerciais e viaxantes que buscan comodidade e tranquilidade durante os seus desprazamentos entre estas cidades.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida en lixeira costa, con beirarrúas amplas e despxadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal presenta 2 chanzos de 11 cm de altura. A entrada accesible presenta unha rampla alternativa a estes, a rampla ten unha pendente do 17,6%, un ancho de 1,50 m e 3 m de longo, carece de pasamáns.
- A porta presenta un pequeno desnivel de 2 cm de altura de suba.
- Accédese por unha porta manual parcialmente acritalar, que deixa un oco de paso de 85 cm.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 89 cm.

#### Cuarto adaptado (Nº 118)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 2ª planta con itinerario accesible.
- A porta de entrada mide 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1 m.
- A cama ten unha altura de 53 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,64 m de ancho e polo esquerdo de 1,95 cm.
- As portas dos armarios son corredias e de doada manipulación. Os andeis están situados a unha altura entre 50 cm e 1,85 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,13 m de ancho polo lado dereito. O asento está a unha altura de 45 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Dispón de barras de apoio instaladas axeitadamente a 75 cm de altura, e cunha distancia entre elas de 70 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 76 cm de alto e 18 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 89 cm de altura.

#### Ducha

- O espazo libre de acceso á ducha é de 1,13m.
- O prato da ducha é antiscorregadizo e ten un pequeno altorrelevo de 3 cm.
- Dispón dunha cadeira de ducha.
- A ducha ten unha barra de apoio horizontal, colocada a unha altura de 85 cm na parede frontal, perpendicular ás billas.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,06 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta de acceso é manual, parcialmente acritalar, cun chanzo de 6 cm de alto.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.

#### Cuarto estándar (nº119)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.
- A altura superior do bordo da bañeira é de 44 cm.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Non ten conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como despertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre".

### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.


### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Otras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	As prazas non están delimitadas, non hai praza reservada a Persoas con Mobilidade Reducida.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	<p>Altura da barra: 1,04 m.</p> <p>Mesas cadradas con pata central.</p> <p>Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 74 cm.</p> <p>Ancho baixo mesa: 23 cm.</p> <p>Non dispoñen de carta en braille.</p>
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	<p>Altura dos botóns de chamada: 90 cm.</p> <p>Ancho da porta: 80 cm.</p> <p>Ancho e fondo de cabina: 1,02 m e 1,22 m.</p> <p>Altura dos botóns de mando: 90 cm.</p> <p>Espello fronte á porta: Non.</p> <p>Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non.</p> <p>Cabina con sinais sonoros: Non.</p> <p>Botóns con números en altorrelevo: Si.</p> <p>Botóns con números en braille: Si.</p> <p>Botóns de cor contrastada: Non.</p> <p>Cabina con sinais visuais: Si.</p> <p>Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.</p>

## Hotel Narón

Avda. Gonzalo Navarro-25  
Polígono do Pozo, Narón (A Coruña)  
Teléfono: 981 389335  
Fax: 981 381 381



### INFORMACIÓN XERAL

A súa proximidade e bos accesos a Ferrol, a Narón e ás diversas praias da bisbarra, convérteno no aloxamento ideal.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas amplas e despegadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, mediante rampla alternativa a chanzos con máis de 6 m de lonxitude, un ancho de 2 m e 5% inclinación.
- A apertura é manual, parcialmente acritalar, cun ancho de 74 +74 cm

#### Vestíbulo e recepción

- Non hai mostrador de atención público, é un cuarto independente

#### Cuarto adaptado (Nº 101)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta, con itinerario accesible, (no interior do hotel hai escaleiras).
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,10 cm.
- A cama ten unha altura de 59 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 92 cm de ancho e polo esquerdo de 98 cm.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 40-1,55m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,49 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,24 m de ancho pola fronte. O asento está a

unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 77 cm.

- Ten unha barra de apoio abatible ao lado dereito e outra fixa no esquerdo a unha altura de 60-75 cm, cunha separación entre elas de 71 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 49 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

#### Bañeira

- O chan da bañeira é antiescorregadizo e o bordo encóntrase a unha altura de 45 cm.
- Non hai banco ou cadeira de transferencia.
- A bañeira dispón de barras de apoio horizontal a unha altura de 71-85 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 73 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada é sen desniveis.
- Accédese por unha porta manual parcialmente acritalar de cor contrastada.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (nº116)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 43 cm.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Hai conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espectador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre".

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.



**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -1	Accesible mediante ascensor	As prazas non están delimitadas, non hai praza reservada a Persoas con Mobilidade Reducida.
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 51 cm. Fondo baixo mesa: 74 m. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetaría	Planta baixa	Accesible	Altura de barra: 1,10 m. Mesas cadradas con pata central. Non dispoñen de carta en braille.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,10 m e 1,38 m. Altura dos botóns de mando: entre 85 cm e 1,20 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Espello fronte á porta: Non. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo: Non. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.

## Pazo de Rilo Hotel Monumento

Lugar de Rilo, 7  
15620 Mugardos (A Coruña)  
Teléfono: 981 471 730 /705  
Fax: 981 471 731  
E-mail: pazoderilo@pazoderilo.es  
Web: www.pazoderilo.es



### INFORMACIÓN XERAL

O complexo consta dun amplo terreo con rúas delimitadas e asfaltadas que conducen ás diferentes estancias e edificios. Conta cunha ampla zona axardinada de 30.000 m<sup>2</sup>.

Diferentes edificios conforman o complexo: o do antigo pazo restaurado e convertido en hotel, con cuartos na planta superior, que comunica polo interior con outro de recente construción tamén dedicado a hotel, onde se encontra o SPA. Ademais dispón de 5 salóns independentes para celebración de eventos e outro edificio como cafetería.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao complexo realízase dende a estrada por unha rúa chaira, despexada de obstáculos e sen beirarrúas. O percorrido dende a entrada ata os edificios principais é duns 800 m e faise en coche por rúa asfaltada.

#### Acceso

- A entrada principal ao hotel no edificio novo ten 15 chanzos de acceso.
Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non existen prazas reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR), pero sempre se permite aparcarse na porta da casa adaptada a todas as persoas con discapacidade.
Restaurante	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 81 cm. Altura baixo mesa: 68 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón	Planta baixa	Accesible con rampla móbil de madeira.	Non accesible pola existencia de chanzos no itinerario de acceso.
Escaleira	Da sala á planta superior.	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 8. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 28 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 96 cm. Non hai ocios baixo a escaleira.

## Casa Berdeal

Lugar Xuncal, s/n  
15339 Mañón (A Coruña)  
Teléfono e Fax: 981 418 520 / 699 056 366  
Web: www.berdeal.com  
E-mail: info@berdeal.com



### INFORMACIÓN XERAL

Casa Berdeal é natureza, tranquilidade, beleza e descanso. A casa conta con cinco amplos cuartos dóbres, todos eles con baño.

A casa está dividida en varias zonas comúns: salíña con lareira (antiga cheminea que se usaba para cocíñar), comedor, terraza cuberta, zona social con xogos de mesa, etc.

Temos zona de aparcadoiro e unha ampla extensión de zona verde. Prepáranse comidas ou ceas por encarga e utilizamos produtos da nosa horta ecolóxica dependendo da época do ano en que nos encontremos. Un dos cuartos está adaptado para acoller Persoas con Mobilidade Reducida e ten ademais un salón privado.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- Accédese á casa directamente dende unha rúa chaira, sen beirarrúas e asfaltada.

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, aínda que o pavimento é irregular de lousas de pedra.
- Accédese por dúas portas contiguas. A primeira porta é opaca, de madeira de dobre folla e ten un ancho libre de paso de 1,20 m. A 2ª porta é de vidro cun ancho libre de paso de 80 cm. Entre elas non hai espazo abondo para realizar un xiro de 360º cunha cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 74 cm.

#### Cuarto adaptado (Nº 5)

- Nº cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible dende recepción.
- A porta mide 88 cm de ancho e abre cara ao interior.
- A cama ten unha altura de 58 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,05 m de ancho e polo dereito de 1,73 m.
- As portas do armario non son de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura de 73 cm.

- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- Dispón dunha porta para saír directamente ao patio e mide 1,12 m de ancho. O itinerario é accesible por unha rampla de 1,61 m de ancho, 3 m de lonxitude e 19,4% de inclinación.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 87 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m pola fronte e polo lado dereito pódese facer a transferencia de forma oblicua pola presenza do bidé. O asentado está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga está a 1 m.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito situada a 70-75 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 21 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 2,10 m de ancho. Ten cortina para evitar a fuga da auga.
- O prato de ducha ten unha pequena cella de 2 cm e é antiescorregadizo.
- Dispón dunha cadeira de ducha fixa na parede e abatible, a unha altura de 41 cm e cunhas dimensións de 38 cm de ancho e 35 cm de fondo.
- Ten unha barra de apoio horizontal situada na parede contraria ás billas a unha altura de 77 cm e outra barra de apoio vertical, situada na mesma parede das billas.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1 m.

#### Comedor- Sala de reunións

- Están situados na planta baixa xunto á lareira, sen obstáculos na liña de paso.



- A altura da mesa é de 76 cm, o espazo inferior libre é de 75 cm de altura, 66 cm de fondo e 1,62 m de ancho.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, aínda que o pavimento é irregular de lousas de pedra.
- Accédese por dúas portas contiguas. A primeira porta é opaca, de madeira e a 2ª é de vidro e non está sinalizada con franxas horizontais ou co logotipo en cor contrastada.
- A outra porta alternativa ten rampla de acceso posterior á entrada.
- Na recepción o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A altura da bañeira é de 48 cm e ten cortina.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Sinalización

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Fronte ao establecemento	Accesible	Non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 17 cm. Con tabica: Non. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Oco baixo a escaleira protexido: Non.

## Casa de Bola

Covas, 9  
15830 Negreira (A Coruña)  
Teléfono: 981 885 004/981 818 206  
Fax: 981 885 004  
E-mail: info@casadebola.com  
Web: www.casadebola.com



### INFORMACIÓN XERAL

Casa de Bola é unha antiga casa de aldea que data do ano 1830, rehabilitada con materiais nobres respectando a súa estrutura orixinal, con dous alpendres e ampla horta.

Na súa estancia poderá gozar, nun ambiente tranquilo e relaxado, dunha atractiva oferta de actividades que teñen como marco unha paraxe natural impresionante.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa está nunha ampla praza despexada de obstáculos, chaira e sen beirarrúas.

#### Acceso

- A entrada principal ten un pequeno chancho de 2,5 cm de altura.
- A porta é de dobre folla e en total ten un ancho libre de paso de 1,36 m.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 80 cm, debaixo existe unha altura libre de 51 cm, un fondo de 60 cm e un ancho de 1,11 m.
- En recepción permítese un xiro de 1,50 m de diámetro a persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 91 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 2,30 m.
- A cama ten unha altura de 50 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 80 cm de ancho e polo lado esquerdo, por un de 1,20 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os caixóns están situados a unha altura entre 10 e 40 cm. O percheiro está fixo a 1,70 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama e hai un radiador con regulador a 93 cm de altura.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e mide 81 cm de ancho.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,50 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 1,20 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 70 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 80 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un moble, polo que non hai un espazo libre que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,20 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 95 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 3 m. Ten biombo fixo.
- Para acceder ao prato da ducha, o chan está rebaixado en forma de rampla. O prato da ducha está a rentes do chan e é antiescorregadizo.
- Dispoñen dun tallo de ducha homologado, regulable en altura e cunhas dimensións de 45 cm de ancho e fondo.
- A ducha dispón de 2 barras de apoio horizontais, unha en cada parede, a unha altura de 94 e 83 cm.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 78 cm. A alcahofa pódese colocar sobre a billa.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada é pola porta principal que ten un pequeno chancho de 2,5 cm.
- Hai un felpudo non ancorado ao chan na entrada á casa.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

- Na zona de recepción existe un chanzo illado de 16 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.

**Cuarto estándar (nº 3)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 46 cm e ten biombo de cristal sen sinalizar.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Sinalización**

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Apárcase na parte traseira da casa onde o pavimento é de terra e herba. Non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Sala-comedor	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 63 cm. Ancho baixo mesa: 61 cm. Fondo baixo mesa: 75 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Escaleira	Da recepción á planta superior.	Sen ascensor alternativo.	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 7 e 7. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 28 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 89 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.

## Casa Calvo

Piñeiro, 4  
15821 O Pino (A Coruña)  
Teléfono: 981 814 401  
Fax: 981 814 402  
E-mail: casa-calvo@casa-calvo.com  
Web: www.casa-calvo.com



### INFORMACIÓN XERAL

Espléndida casa nobre do século XVIII, recente e completamente restaurada. Situada na comarca de O Pino, un remanso de paz nas beiras do Tambre, entre bosques de faias e carballos. En pleno Camiño de Santiago, a tan só 15 minutos de Compostela.

Casa Calvo dispón ademais de comedores privados nos que celebrar comidas de negocios, reunións de amigos, etc.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á recepción da casa encóntrase nunha rúa ampla, en lixeira costa e despexada de obstáculos na liña de paso.

#### Acceso

- A entrada principal ten un chanzo de 5 cm de altura na porta.
- A porta ten un ancho libre de paso de 90 cm.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.

#### Habitación adaptada

- Está na planta baixa e o itinerario é accesible salvando o chanzo da entrada principal.
- A porta ten un ancho libre de paso de 93 cm.
- A cama ten unha altura de 54 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1 m de ancho.
- As portas do armario son de difícil apertura (tipo "pompo"). A barra do percheiro do armario está a 1,72 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao exterior e mide 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,20 m polo lado dereito e 1,20 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga está a 72 cm.

- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, situadas a 60-76 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 83 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 76 cm de alto e 43 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están a 75 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral superior de 1,20 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón dunha cadeira ou asento de ducha homologado.
- Ten 2 barras de apoio abatibles.
- A billa é monomando.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal ten un chanzo de 5 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- Na recepción, o pavimento é homoxéneo, sen ocios nin resaltes.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalía visual.

#### Cuarto estándar

- Os cuartos estándar encóntranse na 1ª planta, á cal se accede polas escaleiras, sen itinerario alternativo accesible.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalía visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- O prato de ducha ten chanzo e dispón de biombo.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Non hai televisión nin conexión a internet.

**Sinalización**

- A casa só dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias (baños, cuartos e espazo de fumadores).

⋮

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai prazas delimitadas e ningunha está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira (2)	Interior da casa	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura do Pasamáns: Non hai. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Aseo Comúns			Non existen aseos comúns adaptados.
Salón social	Planta baixa	Accesible	
Restaurante	Exterior Planta baixa	Accesible	A porta de acceso é de dobre folia e cada unha ten 97 cm de ancho libre de paso. Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm. Non dispoñen de carta en braille.

## Casa de Casal

Lugar de Cachosenande s/n  
15881 Lestedo, Boqueixón (A Coruña)  
Teléfono e Fax: 981 503 227/ 698 148 323  
E-mail: info@casadecasal.com  
Web: www.casadecasal.com



### INFORMACIÓN XERAL

A nosa casa rural Casa de Casal encóntrase no corazón de Galicia, a 10 Km de Santiago de Compostela (A Coruña) e a 100 metros do Camiño de Santiago, (Vía da Prata). Dispoñemos de cuartos totalmente equipados para asegurarlles a máis agradable das estancias. Casa de Casal é unha casa de turismo rural do S.XVI pero con todas as comodidades actuais e numerosas actividades. Imaxínate espertarte co chiar dos paxaros, adozado co son da auga caendo no estanque.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa onde está situado o establecemento está en lixeira costa e libre de obstáculos.

#### Acceso

- No acceso á casa hai varios tramos de chanzos illados. Hai unha rampla de acceso de 1 m de ancho, unha lonxitude de máis de 3 m e unha inclinación lonxitudinal de 15,8% e transversal de 3,5%. Carece de pasamáns.
- A porta é de difícil apertura e ten un ancho libre de paso de 78 cm.

#### Vestíbulo e recepción

- A recepción está situada na planta baixa do establecemento, o pavimento é antiescorregadizo e o itinerario non é accesible.
- Existe unha recepción no salón social situado na primeira planta á que se accede por un itinerario alternativo dende unha porta traseira.
- Carece de posto de atención adaptado. Unha mesa cumpre as funcións de mostrador de recepción.
- Posúe felpudos que non están ancorados ao chan.
- O mobiliario está situado de tal forma que non constitúe ningún obstáculo.

#### Cuarto adaptado (Nº 11)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está situada na 1ª planta e o itinerario accesible mediante unha porta secundaria do establecemento, carece de chanzos, escaleiras ou ocos de paso estreitos que dificulten o paso.

- O ancho da porta é de 80 cm e hai espazo abondo que permite a unha persoa en cadeira de rodas inscribir unha circunferencia de 360°.
- No cuarto hai dúas camas a unha altura de 60 cm, separadas cun espazo de acceso lateral de 90 cm e ten un ancho de acceso ao mobiliario de 1,05 m.
- Os andeis e caixóns do armario están a unha altura de entre 15 cm e 1,83 m. Os tiradores son de difícil apertura.
- O mobiliario do cuarto está distribuído de forma que non constitúe un obstáculo para persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta do aseo presenta un ancho libre de paso de 80 cm e abre cara ao interior. No interior non se permite a inscrición dunha circunferencia de 360 °.

#### Inodoro

- O inodoro está situado a unha altura de 46 cm e a altura do mecanismo de descarga está situado a 80 cm.
- Pódese acceder polo lado dereito cun espazo aproximado de 83 cm e ten un espazo frontal de 1,42 m.
- Existen barras de apoio abatibles no lado dereito e no esquerdo cunha separación duns 65 cm e a unha altura de 53 e 75 cm.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal, o que supón un obstáculo para a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,02 m.
- A altura dos accesorios do lavabo é de 1,35 m.

#### Ducha

- O prato de ducha é antiescorregadizo e dispón dunha cadeira de ducha cun espazo de acceso frontal maior de 1,20 m. Ten un chanzo.
- A ducha ten unha barra de apoio vertical situada no lado esquerdo a 65 cm de altura.
- As billas requiren o xiro do pulso e están situadas a 1 m de altura.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- No acceso á casa hai varios tramos de chanzos illados.
- Existen felpudos sen ancorar e contras semiabertas.

### Recepción

- Nos corredores de circulación non hai ocos e non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalía visual.

### Apartamento estándar (Nº 12)

- Está situada na planta primeira cun itinerario accesible por unha porta secundaria do establecemento e dispón de cama de matrimonio.
- Existe contraste entre a porta e a parede.
- O mobiliario do cuarto non constitúe un obstáculo e non existen beirís situados na liña de paso que impliquen risco.
- Existe enchufe e interruptor situado ao lado da cama.
- A porta do aseo presenta contraste coa parede.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Recepción

- As dúas portas polas que se accede á recepción están parcialmente acritalar.
- Existe información escrita dos servizos prestados no establecemento.

### Apartamento estándar (Nº 12)

- Hai un enchufe ao lado da cama.

### Sinalización

- Non hai paneis informativos de cada unha das estancias con textos curtos ou pictogramas normalizados.
- A altura do letreiro está entre 1,64 e 1,84 m.
- Non existe contraste entre caracteres e letreiro. Non existe letreiro en braille

### Atención ao cliente

- Ninguna persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Comedor	Planta Baixa	Accesible	O comedor está situado na planta baixa do establecemento. A porta do comedor presenta un ancho libre de paso de 80 cm, e ten espazo abondo para inscribir un círculo de > 1,50 m. As mesas teñen unha altura de 75 cm, cun ancho do espazo inferior libre de 80 cm e un fondo de 1 m. O mobiliario está situado de tal forma que non constitúe un obstáculo e non ten beirís nas liñas de paso que impliquen risco. Existe persoal de apoio.
Aseo Común			Non hai ningunha cabina de aseo común adaptada.
Escaleiras	Planta Baixa	Sen itinerario alternativo accesible	Os chanzos dispoñen de tabica. Non existe sinalización tacto -visual no bordo dos chanzos. A varanda non dispón dun zócolo de protección >= 12 cm. Non existe prolongación do pasamáns. Non existe iluminación homoxénea.
Salón Social	Planta 1ª	Accesible dende unha porta secundaria do establecemento e dende os cuartos situados na primeira planta.	As portas miden 80 cm. Dispón de espazo libre de obstáculos que permite inscribir un círculo de 1,50 m de diámetro. A mesa ten unha altura de 80 cm, cun espazo libre inferior de 95 cm.

## Casa do Caseiro de Riba

Parroquia de San Cibrán, s/n  
15863 A Baña (A Coruña)  
Teléfono: 981 886 432/679 512 448  
Fax: 981 886 432  
E-mail: info@ocaseiroderriba.com  
Web: www.ocaseiroderriba.com



### INFORMACIÓN XERAL

A casa é unha antiga casa de labranza restaurada no ano 2005. Dispón de dous apartamentos, un deles en planta baixa con cuarto adaptado, e outro en planta 1 con itinerario por escaleiras exteriores.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á casa encóntrase nunha rúa sen beirarrúas e cunha inclinación do 24,9%.

#### Acceso

- A entrada ao recinto da casa é por un portal de apertura automática de 4 m de ancho. O pavimento ata a casa é de grava.
- A porta principal ten un pequeno chanzo de 2 cm de altura.
- A porta principal é acritalar parcialmente e mide 87 cm de ancho.

#### Apartamento (Baixo)

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do apartamento mide 85 cm de ancho e a do dormitorio é corredía e mide 81 cm de ancho.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 2 m.
- A cama ten unha altura de 55 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 2 m de ancho e polo dereito de 1,20 m.
- As portas do armario son corredías e teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 20 e 40 cm. O perchero está fixo a 1,70 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- Accédese ao portal-terraza traseiro da casa por unha porta no cuarto.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e teñen un ancho libre de paso de 82 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,80 m polo lado esquerdo e 1,15 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 50 cm e o mecanismo de descarga está a 88 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito, situadas a 81 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 78 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 56 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,16 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 85 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 2 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- O establecemento non dispón dunha cadeira nin asento de ducha homologado.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 66 cm. A alcachofa non é regulable en altura e colócase sobre a billa.

#### Cociña e comedor

- Está situada xunto ao salón do apartamento e o itinerario é accesible por unha porta de 93 cm de ancho.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro maior de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 87 cm de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os andeis superiores están a unha altura entre 1,35 e 2 m.
- Os andeis inferiores están a unha altura entre 18 e 85 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre 60 cm e 1,70 m, o conxelador dispón de caixóns entre 20 e 50 cm.



- Dispón de lavalouza.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 74 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 72 cm, un ancho de 1,10 m e un fondo libre de 70 cm.

#### Sala de estar

- Encóntrase a continuación da cociña-comedor e o itinerario é accesible.
- A mesa da sala é de 4 patas e non permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 40 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 35 cm, un ancho de 90 cm e fondo libre de 40 cm.
- Accédese ao soportal-terraza traseiro da casa por unha porta na sala.

#### ACCESIBILIDADE VISUAL

##### Acceso

- A entrada ao recinto da casa é por un portal de apertura automática de 4 m de ancho. O pavimento ata a casa é de grava.
- A porta principal ten un pequeno chanzo de 2 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta principal é acritalar parcialmente.

#### Apartamento estándar (Alto)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación non é homoxénea.
- Ten bañeira con biombo de vidro sen sinalizar.

#### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

##### Cuarto estándar

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

##### Sinalización

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.


##### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta 0	Accesible	Pódese achegar o coche ao interior do recinto pero a grava do pavimento dificulta o acceso. Pódese aparcар na rúa, pero non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Exterior. N.º de chanzos por tramo: 5 e 8. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 32 cm. Con tabica: Non. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 93 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Non.

## Casa do Cruceiro

Lugar de Raíces s/n  
Ames (A Coruña)  
Teléfono: 981 548 596  
Fax: 981 548 596  
E-mail: reservas@casadocruceiro.com  
Web: www.casadocruceiro.com



### INFORMACIÓN XERAL

Antiga casa de labranza que data de 1.850. Nas súas orixes estaba constituída por dúas vivendas independentes, unha para os amos e outra para os “caseiros”, arrendatarios das terras que pagaban cunha parte da colleita.

A súa minuciosa e completa restauración levouse a cabo respectando a arquitectura típica do rural galego, tanto na edificación principal coma nas construcións complementarias.

Seis cuartos dobres e unha individual, unha delas apta para Persoas con Mobilidade Reducida. Todas dotadas de baño completo, hidromasaxe, tv, fío musical e calefacción central. Comedor con cheminea de leña, salón con “lareira” e terraza baixo o soportal con grella, todo iso rodeado de 3.000 m<sup>2</sup> de xardín amurallado, onde se sitúa o hórreo, cruceiro, piscina e o garaxe.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa está nunha ampla praza despexada de obstáculos, chaira e sen beirarrúas.

#### Acceso

- Accédese ao recinto da casa por un portal de 4 m de ancho que permanece sempre aberto. Dende o portal á casa o pavimento é empedrado regular e ten unha pendente ascendente do 6,9%. Este camiño segue polo lateral da casa ata o final do terreo, incrementándose a pendente ao 17,6% por onde se accede á piscina e ao aparcadoiro.
- A porta principal da casa é acritalar parcialmente e ten un ancho libre de paso de 1,10 m. Existe un felpudo non ancorado ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 85 cm, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas, xa que non permite a aproximación frontal.

#### Habitación adaptada (Nº 1)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 82 cm.

- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,10 m.
- A cama ten unha altura de 60 cm, accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1,80 m de ancho e polo lado esquerdo por 70 cm de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Ten un caixón a unha altura de 40 cm e o percheiro está fixo a 1,70 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,80 m de ancho polo lado esquerdo e 1,60 m polo lado dereito. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 71 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 78 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 68 cm de alto e 54 cm de fondo, que permite a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 87 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 84 cm.

#### Bañeira

- A bañeira ten un espazo libre de aproximación frontal de 2,50 m de longo.
- A altura do bordo da bañeira é de 44 cm e ten un biombo de vidro abatible.
- Non dispón de cadeira ou táboa de transferencia nin de barras de apoio.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 75 cm. A alcachofa colócase sobre a billa.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- Accédese ao recinto da casa por un portal de 4 m de ancho que permanece sempre aberto. Dende o

portal á casa o pavimento é empedrado regular e ten unha pendente ascendente do 6,9%. Este camiño segue polo lateral da casa ata o final do terreo, incrementándose a pendente ao 17,6% por onde se accede á piscina e ao aparcadoiro.

- A porta principal da casa é acritalar parcialmente.
- Hai un felpudo sen fixar ao chan antes e despois da porta.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocas nin resaltes. Existen 4 chanzos cuxos bordos están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- Existen biombos e portas de vidro que están sinalizadas cun círculo de cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (nº 3)

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 44 cm.
- Existen alfombras non ancoradas correctamente ao chan.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Habitación estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación dos cuartos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de 1,50 m. A dimensión dos caracteres é de 6 cm, son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.


### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Dispón de prazas propias pero non están delimitadas nin hai ningunha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Comedor	Planta baixa	Accesible	Só se serven almorzos. Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 79 cm. Altura baixo mesa: 75 cm. Ancho baixo mesa: 1,40 m. Fondo baixo mesa: 46 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (2)	Planta baixa	Non accesible polo interior pola existencia de 4 chanzos. Accesible polo exterior por un lateral da casa.	Ancho da porta: 1 m. Mesas redondas. Altura de mesa: 79 cm. Altura baixo mesa: 69 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 50 cm.
Escaleira	De recepción á planta superior.	Sen ascensor alternativo.	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos por tramo: de 4 a 6. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 20 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si, e con alfombra en todo o seu percorrido. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 84 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Piscina	Exterior	Accesible	Ancho da porta de acceso á piscina: 1 m. Non dispón de grúa de acceso ao vaso nin de vestiarios adaptados.

## Pazo da Cruz

Lugar de Viaxe, 2  
15615 Vilarmador (A Coruña)  
Teléfono: 981 777 870  
E-mail: info@pazodacruz.es  
Web: www.pazodacruz.es



### INFORMACIÓN XERAL

Encontrámonos un conxunto organizado en torno a un patio que forman os tres edificios e o muro do leste que dá ao Camiño Real por onde abre unha das súas portas de acceso, que ten un arco en pedra rematado por unha bela cruz bizantina, de onde toma o seu actual nome.

O terreo de máis de 85.000 m<sup>2</sup> linda ao norte co Río Baxoi, troiteiro, ao sur coa estrada de acceso CP-906, ao leste co antigo Camiño Real e ao oeste con outros terreos.

Dispón de 11 cuartos, repartidos en 3 edificios (8 dobres, 1 triplo e 2 con sala); os seus salóns, 2 comedores e capela. Rodeados de xardíns, pradarías e bosques.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á recepción da casa encóntrase nunha rúa ampla, en lixeira costa e despexada de obstáculos na liña de paso.

#### Acceso

- A entrada principal (onde se encontra a recepción) ten un chanzo duns 10 cm de altura.
- A porta ten un ancho libre de paso de 1,50 m.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- Non hai mostrador de atención ao público.

#### Cuarto adaptado (Nº 1)

- Edificio contiguo ao principal, está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta mide 91 cm de ancho e abre cara ao interior.
- O dormitorio consta de dúas camas individuais unidas. Ten unha altura de 52 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,11 m de ancho e polo dereito de 73 cm.
- As portas do armario son de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura de 1,50 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 81 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,08 m polo lado dereito e 89 cm pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas de forma oblicua. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, situadas a 52-70 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 93 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 69 cm de alto e 24 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 1 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,08 m de ancho. Ten cortina para evitar a fuga da auga.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón dunha cadeira ou asento de ducha homologado.
- Ten unha barra de apoio horizontal situada a 84 cm de altura e na parede contraria ás billas.
- A billa é termostática e require o xiro do pulso. Está situada a unha altura de 1,02 m.

#### Comedor

- Está situado noutro edificio contiguo, xunto ao salón e o itinerario é accesible por unha porta de 86 cm de ancho.
- As mesas do comedor son de 4 patas, redondas, e permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Teñen 76 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 72 cm e un ancho e fondo libre de 1,76 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal (onde se encontra recepción) ten un chanzo duns 10 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.

- Na recepción, o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar (Nº9)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- O baño ten prato de ducha con chanzo.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Sinalización**

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a ubicación das diferentes estancias.


**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Entrada do establecemento	Accesible	Non hai prazas delimitadas e ningunha está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	No edificio principal	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e remate: Non. Altura dos chanzos: 12 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: Non hai. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Salón social	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 84 cm.
Aseos Comúns			Non hai unha cabina de aseo común adaptada.

# Casa Dona María Apartamentos

Lugar da Rúa, 12  
15680 San Paio de Buscás-Ordes (A Coruña)  
Teléfono: 981 681 430/675 680 108  
E-mail: reservas@casadonamaria.es  
Web: www.casadonamaria.es



## INFORMACIÓN XERAL

Casa Rural Dona María ofrece aos seus clientes aloxamento rural, onde poderá gozar nos seus días de descanso da tranquilidade e actividades que ofrece a súa inmellorable situación (Camiño de Santiago - Inglés). Ofrecémoslle unha casa recentemente rehabilitada con catro acoledores e bonitos apartamentos totalmente equipados con salón, cociña, dormitorio, baño, auga quente, televisión, calefacción, televisión, soporal e xardín.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á casa encóntrase nunha rúa con beirarrúas chairas pero estreitas, totalmente despexadas de obstáculos na liña de paso.
- A entrada aos apartamentos está nunha rúa cunha lixeira pendente do 6,9%.

### Acceso

- Accédese ao edificio principal (onde está o apartamento adaptado) por unha porta de dobre folla, totalmente acritalar que ten un ancho libre de paso de 90 cm cada folla.
- Antes de chegar á porta o pavimento ten unha inclinación do 10,5% e diante da porta hai unha rampla de acceso cunha inclinación do 21%.
- Aos demais apartamentos accédese por un portal de madeira de 4 m de ancho, que dá paso ao patio da casa.

### Vestíbulo

- No vestíbulo existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- Non hai mostrador de atención ao público.

### Apartamento (adaptado)

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do apartamento e a do dormitorio miden 80 cm de ancho.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 2,20 m no dormitorio.

- A cama ten unha altura de 55 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 90 cm de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil manipulación. Os caixóns están a unha altura de entre 20 e 40 cm. O percheiro está fixo a 1,50 m e hai un alzadeiro a 1,60 m de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de 81 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas, así como un espazo de aproximadamente 75 cm polo lado dereito retirando o toalleiro. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo situada a 72 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 76 cm de alto e 46 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,04 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 76 cm.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,20 m. Ten biombo abatible.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón dun asento ou cadeira de ducha homologada.
- Ten unha barra de apoio en diagonal situada na parede lateral á da billa, a unha altura entre 1,01 e 1,15 m.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,03 m. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.

### Cociña e comedor

- Está situada xunto ao salón do apartamento, accédese por un oco de paso de 1,46 m de ancho.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de 1,10 m de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 88 cm de altura. O mobiliario baixo vertedeiro e cociña pódese retirar para deixar o fondo libre que permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os mandos da cociña son dixitais.
- Os andeis inferiores están a unha altura entre 20 e 40 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre 20 e 70 cm.
- A mesa da cociña-comedor é abatible e pódese recoller á parede. É de 1 pata e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 70 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 68 cm, un ancho de 75 cm e un fondo de 35 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- Accédese ao edificio principal por unha porta de dobre folla, totalmente acritalar e sinalizada co lo-tipo do establecemento en cor contrastada.

- Antes de chegar á porta o pavimento ten unha inclinación do 10,5% e diante da porta hai unha rampla de acceso cunha inclinación do 21%.
- Accédese aos apartamentos estándar atravesando o patio por pavimento de lousas de pedra. A porta abre cara ao interior e é practicamente acritalar.

#### Apartamento estándar ('Forno')

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- O baño ten prato de ducha con chanzo e biombo de cristal sen sinalizar.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Habitación estándar

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### Sinalización

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Aseos comúns			Non existe unha cabina de aseos común adaptada.

## Casa Rural “Finca Cabaneiro”

Viladoniga, 3  
15530 Cerdido (A Coruña)  
Teléfono: 981 411 351/ 659 933 678  
E-mail: info@fincacabaneiro.com  
Web: www.fincacabaneiro.com



### INFORMACIÓN XERAL

Antiga casa de labranza típica galega, rehabilitada no ano 2007 respectando a estrutura orixinal de muros de pedra. O edificio máis grande dedicase a casa rural con 5 cuartos e o edificio menor é comedor e cociña, para servizo da casa e visitantes. Situada en plena natureza nun medio tipicamente rural, a 10 minutos das magníficas praias da zona, entre o océano Atlántico e o mar Cantábrico, ao norte o Cabo Ortegal e Estaca de Bares. A súa costa conta tamén cos cantís máis altos da Europa continental.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa está situada nunha rúa chaira, ampla e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- Non hai un lugar de recepción determinado, pois accédese directamente aos cuartos e estancias da casa e o itinerario é accesible.
- A porta é acritalar parcialmente e ten un ancho libre de paso de 80 cm.

#### Cuarto adaptado (Nº2)

- N.º de cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do dormitorio abre cara ao interior e mide 89 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 1,55 m.
- A cama ten unha altura de 53 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,10 m de ancho e polo dereito de 1 m.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 20 cm - 1,30 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 90 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,10 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,47 m pola fronte e polo lado esquerdo de máis de 80 cm, que coincide co chan da ducha e permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas.
- O asento está a unha altura de 46 cm e o mecanismo de descarga está a 89 cm.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio fixa no lado dereito a unha altura de 72 a 90 cm.

#### Lavabo

- O lavabo dispón de pedestal, polo que non existe un espazo libre inferior que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,19 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Dispón dun tallo de ducha.
- Ten unha barra de apoio horizontal e vertical, situada na parede lateral á da billa e a unha altura de 70-83 cm.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,11 m. A alcachofa non é regulable en altura e está a máis de 1,50 m.

#### Comedor

- Está situada xunto ao salón na casa principal e o itinerario é accesible.
- A porta ten un ancho libre de paso de 92 cm.
- No comedor hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 75 cm de altura e debaixo hai unha altura libre de 73 cm e un ancho de 65 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada á casa é sen desniveis. A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro.



- O pavimento é de céspede e lousas de pedra homoxéneas.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar (Nº4)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A bañeira ten unha altura de 47 cm e ten un biombo de cristal sen sinalizar.
- Os aparatos sanitarios carecen de contraste de cor con respecto ás paredes do baño.
- O cuarto dispón dunha pequena terraza.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Sinalización**

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.
- No dispoñen de información en braille ni en altorrelievo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta baixa	Accesible	Existe unha zona de aparcadoiro onde as prazas están sen delimitar e non hai ningunha reservada para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 17 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Non. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: Si. Oco baixo a escaleira protexido: Non.

## A Graña da Acea

Acea nº4  
15.619 San Fiz, Monfero (A Coruña)  
Teléfono: 98 1788 282  
Móvil: 639 652 331  
E-mail: casarural@granhadaaceas.com



### INFORMACIÓN XERAL

A casa rural de Graña da Acea no Parque Natural Fragas do Eume de Monfero, cun extenso terreo de prados, monte e río, encóntrase nun val sempre verde e protexido por unha especie de microclima, illada na montaña, pero preto da costa e de centros históricos como Monfero, Betanzos, Pontedeume, Coruña, Santiago e Lugo. Esta antiga casa rural de labranza do século XVII é o lugar idóneo para, dende el, desprazarse con comodidade e coñecer Galicia enteira.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa encóntrase nun ámbito sen asfaltar. O itinerario ata esta é chairro e amplo, o pavimento é irregular.

#### Acceso

- O acceso á casa realízase polo soportal, que presenta un pequeno desnivel de 2 cm de altura.
- A porta da casa principal é acritalar parcialmente, de dobre folla, cun oco de paso de 80 cm.
- O posto de recepción ten un alto de 80 cm e un fondo de 70 cm, o que permite a aproximación dunha persoa en cadeira de rodas.
- As persoas con mobilidade reducida teñen a posibilidade de aparcar o coche fronte á porta.

#### Cuarto adaptado ('Las Camelias')

- N.º de cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa con itinerario accesible.
- A porta do cuarto mide 81 cm de ancho, abre cara ao interior.
- No dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 1,16 cm.
- A cama ten unha altura de 52 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 54 m de ancho e polo dereito de 80 cm.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura de 1,66 cm.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño

- A porta abre cara ao exterior e mide 81 cm.

- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,21 m polo lado dereito e 2,30 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas.
- O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga está a 71 cm.
- O inodoro non dispón de barras de apoio.

#### Lavabo

- O lavabo carece de pedestal, ten un espazo libre baixo este de 81 cm de alto e 26 cm de fondo. A billa é tipo pomo.
- A altura do bordo inferior do espello é de 98 cm e o resto dos accesorios do baño están a 93 cm de alto.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,20 m de ancho.
- O chan da ducha está igualado co recinto e é antiescorregadizo.
- Dispón dun tallo de ducha homologado.
- Ten dúas barras de apoio oblicuas situadas unha na parede perpendicular ás billas e outra xunto a esta, a 80-90 cm de altura.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,02 cm. A alcachofa non é regulable en altura.

#### Comedor

- Está situado na casa principal, accédese por un oco de paso de 1,01 m.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 82 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 80 cm e un ancho 1,24 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro.
- Accédese ás casas a través dun camiño de pedras de lousa, chairas e sen desniveis.

- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar ('Palleira Norte')**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- O bordo superior da bañeira ten unha altura de 46 cm.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Non hai televisor.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.
- Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta baixa	Accesible	Ningunha das prazas dispoñibles está reservada e delimitada para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).
Aseo Común	Planta baixa	Accesible	Non está adaptado para persoas usuarias de cadeira de rodas.

## Casa Lourán

Restrebas.s/n  
15315 Val Xestoso, Monfero (A Coruña)  
Teléfono: 981 195 478/636 198 847  
Fax: 981 195 730  
E-mail: info@casalouran.com  
Web: www.casalouran.com

### INFORMACIÓN XERAL

Nun dos vales máis enxebres de Monfero, aos pés da Serra da Loba, e rodeada de castiñeiros centenarios, encóntrase Casa Lourán.

Aquí é doado encontrar a tranquilidade, a paz, a harmonía da natureza e relaxarse escoitando o murmurar das augas correndo polo antigo lavadoiro.

Para aqueles que prefiren un turismo activo, temos un ámbito ideal para a práctica de actividades ao aire libre, e dentro da casa os hóspedes poden participar na elaboración dos produtos caseiros que servimos como o pan, o queixo, o mel... etc.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento


- A rúa de acceso á casa é chaira, ampla e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- O itinerario dende a zona de aparcadoiro ata a casa é accesible.
- A porta é parcialmente acritalar, de dobre folla e cun ancho libre de paso de 90 cm.
- Hai un posto de recepción adaptado cunha altura de 73 cm, pero sen suficiente espazo inferior libre que permita a aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas.

#### Habitación adaptada ('Cuarto da cociña')

- N.º de cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do cuarto mide 80 cm de ancho e abre cara ao interior.
- No dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 1,45 m.
- A cama ten unha altura de 50 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,47 m de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura de 1,50 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.



#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara ao interior e mide 79 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,28 m polo lado dereito e 1 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas.
- O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga está a 77 cm.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible ao lado dereito a unha altura de 64-80 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 73 cm de alto e 24 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,60 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Dispón de asento ancorado na parede e abatible, a unha altura de 47 cm e cunhas dimensións de 37 cm de ancho e 44 cm de fondo.
- Ten unha barra de apoio vertical fixa na parede das billas e outra abatible que coincide coa do inodoro.
- A billa require o xiro de pulso e está situada a unha altura de 85 cm. A alcachofa non é regulable en altura.

#### Comedor

- Está situado na casa principal e accédese por un oco de paso dende a cociña de 1,31 m de ancho.
- Tamén dende o exterior o itinerario é accesible por unha porta de 91 cm de ancho.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 80 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 76 cm, un ancho de 91 cm e un fondo de 88 cm.

### Cociña

- O itinerario ata a cociña é accesible.
- A altura do lavabo, a cociña e o lavalouza é de 90 cm.
- Non hai oco para a aproximación dunha cadeira de rodas baixo eles.
- A altura dos caixóns e andeis do frigorífico é de 50 cm - 1 m
- A mesa ten unha altura de 77 cm, o espazo libre inferior é de 60 cm, o ancho de 1,28 m e o fondo de 1 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

### Habitación estándar ('Cuarto do Curral')

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A bañeira ten unha altura de 49 cm e ten cortina.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Habitación estándar

- A TV ten decodificador de teletexto, pódese pór como despertador.
- Hai un enchufe ao carón da cama.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a ubicación das diferentes estancias.
- Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Existe unha zona de aparcadoiro de terra compacta e céspede. As prazas están sen delimitar e non hai ningunha reservada para PMR.
Sala de lectura	Planta superior	Non Accesible	A mesa ten unha altura de 71 cm.
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta no inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: Si. Oco baixo a escaleira protexido: Non.

## Casa Lucas (Grupo B – Casa de Aldea) Habitacións e Apartamentos

Lugar da Igrexa – Viñós  
15819 Arzúa (A Coruña)  
Teléfono: 981 194 209  
Fax: 981 191 957  
E-mail: info@casa-lucas.com  
Web: www.casa-lucas.com



### INFORMACIÓN XERAL

Casa Lucas era unha antiga Casa de Labranza que tras unha esmerada e coidada rehabilitación pasou a ser un aloxamento destinado ao Turismo Rural. Está composta pola Casa Principal e dous anexos. Todo o conxunto está emprazado ao bordo do Encoro de Portodemouros. Un lugar belo e tranquilo en plena natureza. Casa Lucas ten destinado para hospedaxe tres cuartos dobres con baño, televisión, etc. Tamén conta con dous apartamentos con capacidade para dúas ou catro prazas. O lugar ideal para as súas vacacións ou para unha escapada.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O establecemento está situado nunha zona en lixeira costa, con beirarrúas de acceso amplas e despegadas de obstáculos nas liñas de paso.
- A zona de aparcadoiro está no exterior do muro que rodea o terreo do establecemento e non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).

#### Acceso

- Hai dous itinerarios para acceder á casa.
- O primeiro é dende o aparcadoiro por un oco de paso de 1,30 m de ancho. Despois e antes da porta principal hai 3 chanzos de 14'5, 17 e 15'5 cm de altura.
- A porta abre cara ao interior, é parcialmente acristalada e mide 84,5 cm de ancho.
- O segundo itinerario é por unha porta traseira cun ancho libre de paso de 91 cm e cun chanzo de 11 cm, pola que se chega a un pequeno patio axardinado.
- O acceso secundario ao interior do terreo ten un valo de madeira, de apertura cara ao interior e cun ancho de 3,50 m, polo que tamén se accede ao patio axardinado. Para atravesalo e poder chegar ao apartamento adaptado, o itinerario ten unha pendente do 6,9%, un ancho de 70 cm e un pavimento de lousas de pedra e céspede.
- Para acceder ao apartamento estándar dende a porta principal do edificio, hase de seguir un camiño con 4 chanzos duns 8 cm de altura.

#### Vestíbulo e recepción

- Está na planta baixa do edificio que alberga os espazos comúns. A ela accédese ben pola porta principal como pola secundaria deste edificio, anteriormente descritas.
- Hai dous aparadores que se utilizan para atender ao público e miden 86 cm e 1,06 m de altura, non están adaptados para usuarios de cadeira de rodas.
- Hai unha banda de paso libre de obstáculos de 1,05 m de ancho.

#### Habitación adaptada ('O Novio')

- N.º cuartos adaptados: 1. Está nun edificio anexo e a súa distribución é toda en planta baixa, ao que se accede pola porta secundaria de acceso ao recinto do terreo do establecemento, despois de cruzar o patio axardinado, xa indicado anteriormente.
- A porta do cuarto ten un ancho libre de paso de 80,5 cm.
- Permítese a inscrición dun círculo de 1,50 m de diámetro no seu interior e a distancia mínima entre mobles é de 1,60 m.
- A cama ten unha altura de 57 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 67 cm de ancho. Existen alfombras non ancoradas ao chan.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis e o perchero están situados a unha altura de 1,69 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 86 cm polo lado dereito, 1,12 m polo lado esquerdo, que corresponde co chan da ducha e 81 cm pola fronte. O asento está a unha altura de 38 cm e o mecanismo de descarga está a 74 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible a cada lado a unha altura, 65-80 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 60 cm.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 56 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 97 cm e o resto dos accesorios do baño están a 94 cm de altura.

**Ducha**

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de máis de 2,50 m.
- O chan da ducha é continuo co recinto e antiescorregadizo.
- A ducha dispón dun asento abatible e fixo á parede, a 57 cm. de altura e cunhas dimensións de 32 cm de ancho por 31,5 cm de fondo.
- O asento ten un espazo libre de achegamento de 1,16 m pola fronte e polo esquerdo de máis de 1 m. Ten unha barra de apoio abatible a cada lado, a unha altura de 77-92 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 15 cm.
- As billas son monomando e están situadas en parede accesible a unha altura de 1,20 m. A alcachofa é regulable en altura a partir de 1 m.

**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- Os chanzos existentes no acceso á casa non están sinalizados no seu bordo cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta principal é acritalar parcialmente.
- O pavimento é un tanto irregular, de lousas de pedra e céspede.

**Recepción**

- Nos corredores de circulación non hai ocos e non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.
- Non hai chanzos illados ou desniveis.

**Apartamento estándar ('O Curro')**

- O nome do apartamento indícase en letras grandes e con cor contrastada.
- Case non hai contraste entre a porta e a parede do apartamento.
- O mobiliario de todas as estancias do apartamento está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- As alfombras da coziña deste apartamento non están ancoradas ao chan.
- A porta do cuarto de baño presenta contraste coa parede, o que facilita a súa identificación por parte das persoas con discapacidade visual.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Recepción**

- As dúas portas polas que se accede á recepción están parcialmente acritalar.
- Existe información escrita dos servizos prestados no establecemento.

**Apartamento estándar ('O Curro')**

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispónse de internet e a televisión ten decodificador de teletexto.

**Sinalización**

- Só hai sinalización do nome dos cuartos e apartamentos.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Comedor / Sala de Reunións	Planta Baixa	Accesible dende recepción	Ancho da porta: 80 cm. Altura da mesa: 80 cm. Altura do espazo libre inferior: 70 cm. Ancho do espazo libre inferior: 80 cm. Fondo do espazo libre inferior: 45 cm. Permítese a inscrición dun xiro de 1,50 m de diámetro. Beirís nas liñas de paso: Non existen. Portas parcialmente acritalar: Si. Dispñen de menú en braille: Non.
Aseo Común	Planta Baixa	Accesible dende recepción ata a porta do mesmo	Non hai ningunha cabina de aseo común adaptada.

## Casa O Mesón

R/ Penagrande, 12- Grixalba  
15816 Sobrado dos Monxes (A Coruña)  
Teléfono: 981 787 630



### INFORMACIÓN XERAL

Preciosa casa do século XVIII totalmente equipada para satisfacer a comodidade dos hóspedes e atendida cun trato familiar e agradable.

Destacamos a súa proximidade ao mosteiro cisterciense de Sobrado dos Monxes.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso á casa está nunha rúa en lixeira costa, ampla e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- O itinerario ata a porta principal é por un camiño empedrado cunha pendente lonxitudinal do 14% e transversal do 3,5%.
- A entrada principal ten un chanzo de 4 cm de altura.
- A porta é parcialmente acritalar e ten un ancho libre de paso de 1,50 m.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 75 cm, debaixo hai un fondo libre de 67 cm e altura libre de 65 cm.

#### Habitación adaptada ('A Fornela')

- N.º de cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do cuarto ten un ancho libre de paso de 75 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 2,30 m.
- O dormitorio dispón de dúas camas individuais a unha altura de 55 cm e accédese a esta por un espazo que as separa de 90 cm.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura de 20 cm-1,18 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara ao exterior e mide 75 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm polo lado esquerdo que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas.
- O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga está a 76 cm.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio fixa ao lado dereito a unha altura de 64-85 cm.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal e a billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 97 cm e o resto dos accesorios do baño están a unha altura entre 83 cm e 1,46 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 2 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón de asento ou cadeira de ducha homologado.
- Ten unha barra de apoio fixa na parede das billas a unha altura de 80 cm.
- A billa require o xiro de pulso e está situada a unha altura de 1 m.

#### Comedor

- Ao comedor accédese directamente dende o exterior por un camiño empedrado e cunha inclinación cara a abaixo do 24,9%. Dende o interior da casa o itinerario non é accesible porque hai escaleiras.
- A porta ten un ancho libre de paso superior a 80 cm.
- A mesa do comedor é rectangular de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 66 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 64 cm, un ancho de 80 cm e un fondo de 80 cm.

#### Cociña

- O itinerario ata a cociña é accesible.
- A altura do lavabo, a cociña e o lavalouza é de 90 cm.
- Non hai oco para a aproximación dunha cadeira de rodas baixo eles.



- A altura dos caixóns e andeis do frigorífico é de 50 cm - 1 m.
- A mesa ten unha altura de 77 cm, o espazo libre inferior é de 60 cm, o ancho de 1,28 m e o fondo de 1 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- O itinerario ata a porta principal é por un camiño empedrado cunha pendente lonxitudinal do 14% e transversal do 3,5%.
- A entrada principal ten un chanzo de 4 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta é acritalar parcialmente.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

#### Habitación estándar

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A bañeira ten unha altura de 45 cm e ten cortina.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Habitación estándar

- Hai un enchufe ao carón da cama.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Os letreiros está a unha altura de entre 1,50-1,75 m.
- Non dispoñen de información en braille nin en altorrelievo.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Existe unha zona de aparcadoiro de terra compacta e céspede. As prazas están sen delimitar e non hai ningunha reservada para PMR.
Salón Social	Planta baixa	Non Accesible	Ancho da porta: 1,03 m. A mesa ten unha altura de 61 cm.
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior e con alfombra. Dispón de sinalización luminosa na tabica de cada chanzo. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: Si. Oco baixo a escaleira protexido: Non.
Aseos comúns			Non hai ningunha cabina de aseo común adaptada.

## Casa do Morcego

Porto do Cabo, s/n  
Vilarrube, Valdoviño-(A Coruña)  
Teléfono: 981 483 282/646 468573  
Email: casadomorcego@gmail.com  
Web: www.casadomorcego.es



### INFORMACIÓN XERAL

A Casa do Morcego é unha casa de labranza construída en 1880 e que foi restaurada para turismo rural e inaugurada en Xullo de 2008. Conta con 5 cuartos dobres con posibilidade de camas supletorias en todas elas, unha adaptada para persoas con minusvalía. Todos os espazos son amplos e equipados con mobiliario de calidade, mesturando o antigo co moderno. O fundamento de “Casa do Morcego”, é ofertar un turismo de calidade, alternativo e diferenciado: turismo cultural e turismo “natural”, que mostre aos seus hóspedes o estilo de vida desta zona, Porto do Cabo en particular, e de Galicia en xeral. Faise unha aposta polas enerxías alternativas (solar e biomasa para auga quente e calefacción), e pola reciclaxe.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á casa está nunha zona chaira e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal á casa é accesible.
- A porta é parcialmente acritalar, de dobre folla e cun ancho libre de paso de 80 e 57 cm respectivamente cada unha.

#### Cuarto adaptado (“Laranxa”)

- N.º de cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do cuarto mide 79 cm de ancho.
- A cama ten unha altura de 59 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,25 m de ancho e polo dereito de 1,10 m.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil apertura. Os andeís están situados a unha altura entre 30 cm e 1,90 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de máis de 80 cm por ambos os dous lados e de 1,47 m

pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas.

- O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga está a 76 cm.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible a cada lado situadas a unha altura de 50-66 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 56 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un moble, polo que non hai un espazo libre que permita a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,20 m e está inclinado. O resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,37 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non hai un asento ou cadeira de ducha homologada.
- Ten unha barra de apoio horizontal situada na parede lateral á da billa, a 70 cm de altura.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,13 cm. A alcachofa non é regulable en altura.

#### Aseo adaptado na zona común

- Hai unha cabina de aseo adaptada, independente e común para ambos os dous sexos. Está situada na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta da cabina non está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA) e ten un ancho libre de paso de 81 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 52 e 69 cm de altura.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 81 cm de alto e 46 cm de fondo. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,27 m.

**Comedor**

- Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta ten un ancho libre de paso de 84 cm.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten unha altura libre de 76 cm, un ancho de 68 cm e un fondo de 64 cm.

 **ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro, non está sinalizada con franxas horizontais ou co logotipo en cor contrastada.
- O acceso é por céspede e pedras homoxéneas.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de per-

soas con discapacidade visual. Non hai elementos en beiril que impliquen risco.

- A iluminación é homoxénea.
- A ducha é continua co recinto e ten un biombo de vidro sen sinalizar.

 **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Sinalización**

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.
- Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Non hai ningunha praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida nin delimitada. O pavimento é de terra e céspede.

## Casa do Patín Turismo rural

Vilarmaior nº 17 Cespón-Boiro 15991 (A Coruña)  
Teléfono: 981 861 029/653 894 044  
Fax: 981 861 029  
E-mail: [acasadopatin@yahoo.es](mailto:acasadopatin@yahoo.es)  
Web: [www.acasadopatin.com](http://www.acasadopatin.com)



### INFORMACIÓN XERAL

A Casa do Patín é unha casa de aldea restaurada. Os seus máis de 300 anos encerran a cultura da zona, sustentada pola agricultura.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa ten dúas entradas accesibles, pola fronte dende a rúa asfaltada sen beirarrúas, totalmente despexada de obstáculos na liña de paso, e a que dá á recepción polo lateral da casa, por un pavimento de pedra irregular con ancho libre de paso de 2 m.

#### Acceso

- A entrada á recepción é accesible. A porta é de vidro e aluminio, de dobre folla, que deixa aberta un oco de paso de 1,59 m.
- Tamén se pode acceder á casa por unha porta de madeira na fronte da casa, de madeira en parte alta e baixa, de 84 cm de ancho, accedendo directamente ao cuarto adaptado dende corredor.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,17 m sen fondo nin altura libre.

#### Cuarto adaptado ('Lila')

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa, accédese sen desniveis dende a porta frontal que deriva en corredor e por itinerario con rampla da recepción ao corredor, de dous tramos.
- A porta do cuarto mide 82 cm de ancho, e abre cara ao interior.
- A cama ten unha altura de 50 cm e accédese a esta polo lado esquerdo ou dereito, por un espazo de 1 e 1,30 m de ancho, respectivamente. O ancho de acceso ao mobiliario é de 1,1 m.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis e o percheiro están situados a unha altura entre 40 cm e 1,60 m (percheiro).
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e deixa un ancho de paso de 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,60 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1 m polo lado esquerdo e 1,20 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas de forma oblicua. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo situada a 75 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 40 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,27 m e o resto dos accesorios do baño están a 83 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,20 m de ancho e frontal de 2,20 m.
- O prato de ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento, é de cerámica, presenta unha cella no acceso e é antiescorregadizo. Dispón dun asento de ducha. Non dispón de barras de apoio.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1 m en parede accesible. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.
- A ducha ten 2 biombos abatibles que facilitan a aproximación coa cadeira de rodas.

#### Comedor

- Está situado na entrada á casa polo lateral. Só se serven almozos na casa.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 79 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 65 cm, un ancho de 1,10 m e un fondo libre de 87 cm.

#### Aseo adaptado na zona común

- A casa conta con 1 aseo adaptado en zona común, situado na planta baixa con itinerario accesible.
- É unha única cabina para ambos os dous sexos.

- A porta é corredía, de 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de acercamento de 90 cm de ancho polo lado esquerdo, e pola fronte de 1 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no esquerdo, situada a 75 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 63 cm de alto e 40 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,16 m, e o resto dos accesorios do aseo están a 95 cm.
- Non existe ningún sistema de chamada de auxilio en caso de caída.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada á recepción faise por pavimento empedrado irregular. A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro, hai felpudo fixo na entrada.
- Na recepción nos corredores de circulación o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non

existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (002)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A porta do cuarto presenta contraste cromático coa parede.
- A iluminación non é homoxénea.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Hai conexión WIFI

#### Sinalización

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior, enfronte da casa	Accesible	Pavimento asfaltado, pero sen prazas delimitadas nin reservadas a PMR.
Escaleira	De recepción-comedor a planta superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 12. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 19 cm. Fondo da pegada: 29 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Si. Altura de pasamáns: A un lado, 96 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Sala de estar	Planta 1	Acceso por escaleira interior ou por exterior, con tramos de pendente de ata un 29%	Mesa: altura de 76 cm. Sen altura nin fondo libre.

# Casa Penaquente

Lugar Penaquente-Porta de Espasante  
15339 Ortigueira (A Coruña)  
Teléfono: 981 408 059/628 830 806/609 984 059  
Fax: 981 402 528  
Email: [info@penaquente.com](mailto:info@penaquente.com)  
Web: [www.penaquente.com](http://www.penaquente.com)



## INFORMACIÓN XERAL

É unha casa de arquitectura tradicional, dispón de xardíns, con piscina, a poucos pasos do mar. Aos hóspedes ofrécéselles almorzo e servizo de xantar e cinco cuartos dobres con baño.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada está situada nunha rúa chaira, cuxo pavimento é de grava.

#### Acceso

- Unha persoa nunha cadeira de rodas pode entrar pola porta lateral da casa que é parcialmente acritalar, de folla dobre e cun ancho de paso libre de 97 cm.
- A porta de diante ten chanzos e permanece aberta.

#### Vestíbulo

- O mostrador de atención ao cliente ten unha altura de 77 cm de altura, non accesible a persoas en cadeiras de rodas.

#### Cuarto adaptado ('A Fraga')

- Nº de cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 81 cm de ancho e abre cara ao interior.
- A cama ten unha altura de 55 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 1,20 m de ancho e polo dereito de 71 cm.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 20 cm e 1,46 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de acercamento de 1,40 m polo lado esquerdo e 1,10 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas.
- O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.

- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible no lado esquerdo, situada a unha altura de 47-68 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 72 cm de alto e 26 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,04 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,06 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,17 m de ancho. Ten biombo abatible.
- O prato de ducha ten unha pequena cella en baixorrelevo e é antiescorregadizo.
- Dispón de asento abatible e fixo á parede a 53 cm de altura e cunhas dimensións de 44 cm ancho por 34 cm fondo.
- Ten dúas barras de apoio verticais, situadas cada unha nunha parede, a una altura de entre 85 cm e 1,28 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,10 m.

#### Comedor

- Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios en cadeira de rodas. Teñen unha altura de 78 cm de altura, debaixo existe un espazo libre de 66 cm de altura, 68 cm de ancho e 90 cm de fondo.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta principal ten chanzos nos que os bordos non están sinalizados cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta é parcialmente acritalar e está sempre aberta.
- O pavimento ata chegar á casa é de pequenas pedras soltas.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

**Cuarto estándar ('Xesteiral')**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos en beiril que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A bañeira ten unha altura de 50 cm e ten mampara.
- O nome dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Signalización**

- O establecemento non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.
- Non dispón de información en braille nin en alto-relevo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta baixa	Accesible	Existe unha zona de aparcadoiro con pavimento de céspede e grava. Non hai prazas delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Aseo Común	Planta baixa	Accesible	Non hai unha cabina de aseo común adaptada.
Escaleira	Todas as plantas	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Non. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: Non. Oco baixo a escaleira protexido: Non.
Salón social	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 80 cm. Son mesas de 45 cm de altura.

## Casa Quinto

Viladomonte, 3 - Cumbraos  
15815 Sobrado (A Coruña)  
Teléfono: 981 787 579 - 626 642 953  
Fax: 981 787 579



### INFORMACIÓN XERAL

Casa Quinto atópase na localidade de Sobrado. Conta con 3 cuartos e pode ser alugada na súa totalidade.

#### ACCESIBILIDADE FÍSICA

##### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa sitúase nun ámbito chaira, amplo e despexado de obstáculos na liña de paso.

##### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis. O pavimento é de lousas de pedras homoxéneas.
- A porta ten un ancho libre de paso de 1,05 m.

##### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 77 cm, debaixo hai un fondo libre de 60 cm e altura libre de 65 cm.

##### Cuarto adaptado (Nº 1)

- Nº cuartos adaptados: 1. Están na planta baixa e o itinerario é accesible a través dunha rampla de 1,40 m de ancho, 1,10 m de lonxitude e unha inclinación do 28,6%.
- A porta de entrada mide 75 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,70 m.
- A cama ten unha altura de 61 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,35 m de ancho e polo lado esquerdo por un de 1,20 m.
- As portas dos armarios son corredías. Os andeis están situados a unha altura entre 12 cm e 1,55 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

##### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

##### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de 1 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 74 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 74 cm de altura.

##### Lavabo

- O lavabo ten unha altura de 84 cm, pero debaixo ten un moble que impide a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,24 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 87 cm.

##### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,30 m de ancho. Ten cortina para evitar a fuga da auga.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e continuo co resto do pavimento do cuarto de baño.
- Ten un asento de ducha abatible e fixo á parede a unha altura de 50 cm e cunhas dimensións de 49 cm de ancho e 40 cm de ancho.
- Ten unha barra abatible que é a mesma que a do inodoro.
- A billa require o xiro do pulso e está a unha altura de 1,15 m.

##### Cociña e salón

- Están situados na planta baixa e o itinerario é accesible a través dunha rampla que hai na porta de acceso á cociña.
- A rampla ten unha lonxitude de 1,06 m, un ancho de 1,50 m e unha inclinación do 28,6%.
- A porta ten un ancho libre de paso de 1,40 m.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 88 cm de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os andeis superiores están a unha altura de 1,70 m e as inferiores a 10 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre 45 e 75 cm.
- A mesa da cociña permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 70 cm de altura, debaixo hai unha altura libre de 66 cm, un ancho de 1,20 m e fondo libre de 40 cm.

#### ACCESIBILIDADE VISUAL

##### Acceso

- A entrada principal é accesible. O pavimento é de lousas de pedras homoxéneas.



- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- No interior, o mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.

#### Cuarto estándar (Nº2)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con minusvalía visual.
- As portas do cuarto e o aseo presentan contraste coa parede.
- A altura da bañeira é de 47 cm e ten cortina.

#### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar (Nº2)

- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

#### Sinalización

- A casa apenas dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Prazas non delimitadas nin reservadas para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Comedor	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 1,05 m (é a porta principal). Mesa rectangular de 4 patas. Altura da mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 2,40 m. Fondo baixo mesa: 65 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón social	Planta baixa	Non accesible por chanzos de 16 cm de altura	Altura da mesa: 50 cm. Altura baixo mesa: 42 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm. Fondo baixo mesa: 25 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Escaleiras	Da planta baixa á 1ª planta	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos por tramo: 3 e 10. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Con tabica: Non. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non.
Aseos comúns			Non hai unha cabina de aseo común adaptada.

## Casa Rei

### Centro de información e acollida

Castromil, s/n – Rendal  
15810 Arzúa (A Coruña)  
Teléfono: 981 191 507/ 678 200 644  
Fax: 981 515 481

#### INFORMACIÓN XERAL

Casa rural que pertenceu aos antepasados dos actuais propietarios. Un trato familiar no corazón do mundo rural galego.

#### ACCESIBILIDADE FÍSICA

##### Entorno inmediato ao establecemento

- O establecemento está ubicado nunha zona en lixeira costa, con beirarrúas de acceso amplas e libres de obstáculos nas liñas de paso.
- A zona de aparcadoiro está no exterior da casa e non hai prazas delimitadas, nin reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).

##### Acceso

- A entrada á casa é accesible sen desniveis.
- A porta principal é parcialmente acritalar, abre cara a dentro.

##### Cuarto adaptado

- Nº cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa da casa e o itinerario é accesible.
- A porta do cuarto ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- Permítese a inscrición dun círculo de 1,50 m de diámetro no seu interior e a distancia mínima entre mobles é maior de 1,20 m.
- A cama ten unha altura de 58 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 74 cm de ancho e polo lado esquerdo por un espazo de 90 cm de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis e o percheiro están situados a unha altura de 1,60 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

##### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

##### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de acercamento de 1,20 m polo lado esquerdo. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga está a 73 cm.



- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e outra fixa no lado dereito a unha altura de 49 - 68 cm e cunha separación entre ambas de 70 cm.

##### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 51 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 75 cm de altura.

##### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de máis de 1,20 m. Ten cortina para evitar a fuga de auga.
- O chan da ducha é continuo co recinto e antiescorregadizo.
- A ducha non ten asento nin cadeira de ducha.
- Ten 2 barras de apoio horizontais, unha en cada parede.
- A billa é monomando e está situada na parede accesible a unha altura de 77 cm.

#### ACCESIBILIDADE VISUAL

##### Acceso

- A entrada á casa é accesible, sen desniveis.
- A porta principal é parcialmente acritalar.

##### Cuarto estándar

- Hai 6 cuartos estándar que se atopan na 1ª planta e o itinerario non é accesible xa que é polas escaleiras.
- Existe contraste entre a porta e a parede do apartamento.
- O mobiliario de todas as estancias está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.

#### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

##### Cuarto estándar ('O Curro')

- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Non dispón de internet e a televisión ten decodificador de teletexto.

##### Sinalización

- Só hai sinalización do nome dos cuartos, en grandes caracteres e cor contrastada.

**Atención ao cliente**


- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

⋮

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Comedor / Restaurante	Planta Baixa	Accesible por rampla de 63 cm de lonxitude, 1,10 m de ancho e cun 14% de inclinación	Ancho da porta, de dobre folla: 76 cm cada folla. Altura da mesa: 76 cm. Altura libre inferior: 70 cm. Ancho libre inferior: 69 cm. Fondo libre inferior: 90 cm. Permítese a inscrición dun xiro de 1,50 m de diámetro. Beirís en liñas de paso: Non existen. Non dispoñen de carta en braille.
Sala de Reunións (2)	Planta Baixa	Accesible	Ancho da porta: 1,10 m. Altura da mesa: 80 cm. Altura libre inferior: 64 cm. Ancho libre inferior: 36 cm. Fondo do espazo libre inferior: 78 cm. Permítese a inscrición dun xiro de 1,50 m de diámetro. Beirís en liñas de paso: Non existen.
Escaleiras	Comunica a planta baixa coa 1ª planta	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Os bordos dos chanzos sen sinalización tacto-visual. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: Si.
Aseo Común	Planta Baixa	Accesible	Non hai ningunha cabina de aseo común adaptada.

## Rodeo da Casa

Recto, 3- Val Xestoso  
Monfero, A Coruña  
Teléfono: 676132166  
Web: www.rodeodacasa.com



### INFORMACIÓN XERAL

Foi restaurada sobre unha casa construída no ano 1924, da cal se mantivo a estereotomía principal desta, conservando o encanto dos materiais tradicionais como a madeira e a pedra.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada á casa é chaira e con algún obstáculo pois as beirarrúas son de lousa e hai zonas de herba e terra compacta.

#### Acceso

- A entrada principal ten 1 chanzo de 14,02 cm de suba. A porta é opaca, de dobre folla, mide 80 cm de ancho, permanece sempre aberta.
- A entrada para unha persoa con mobilidade reducida sería dende o aparcadoiro (con zonas de herba e pedra de cantería con desniveis) ata a entrada posterior da casa, cunha pequena cella de 1 cm de suba, a porta é opaca de 80 cm de ancho.

#### Vestíbulo e recepción

- Non hai un posto de recepción definido, e na parte baixa da casa non hai felpudos ou alfombras que obstaculicen o paso.

#### Cuarto adaptado

- Encóntrase situado na planta baixa.
- A porta do cuarto mide 80 cm de ancho.
- Para acceder ás beirarrúas públicas, dende a porta principal do establecemento hai un percorrido empedrado, e unha zona de herba.

#### Acceso

- Dispoñen dunha zona de aparcadoiro público fronte á porta principal do establecemento, sen prazas reservadas para Persoas con Mobilidade Reducida.
- Teñen un aparcadoiro subterráneo, na planta -2, ao que os vehículos acceden por un lateral do edificio e que comunica co resto das plantas por ascensor. Para chegar dende este aparcadoiro ao ascensor as portas teñen un ancho superior a 80 cm. Ten prazas delimitadas pero non reservadas para PMR. No establecemento indican que cando hai Persoas con Mobilidade Reducida facilitanlle a praza máis próxima á porta que accede ao ascensor.
- A porta principal é de madeira, parcialmente acritalar, de dobre follas e en total con ancho libre de paso de 1,82 m. Tras a porta hai espazo horizontal abondo para que unha persoa realice un xiro de 360° en cadeira de rodas. Para acceder a esta hai un corredor empedrado que conforma unha rampla ao final deste, de 3,15 m de ancho, 90 cm de longo e cunha pendente do 36,4%.
- Pola parte traseira do establecemento pódese acceder directamente á zona do spa, que está na planta -1, mediante unha rampla de máis de 7 m de longo, 2,39 m de ancho e unha pendente do 14%. Para acceder ao edificio por esta rampla faise por unha porta de 1,46 m de ancho.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador ten unha dobre altura de 62 cm e 1,10 m, que non permite a aproximación frontal dunha persoa usuaria de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 215)

- N.º cuartos adaptados: 2. A analizada está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 79 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 79 cm.
- A cama ten unha altura de 52 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,14 m de ancho e polo esquerdo de 96 cm.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,47 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 79 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,20 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 1,74 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 74 cm.
- Dispón de barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, a unha altura de 80 cm e 91 cm respectivamente e cunha separación entre ambas as dúas de 68 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 64 cm de alto e 30 cm de fondo. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,14 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,3 m.

#### Ducha

- O cuarto de baño dispón de prato de ducha de 80 cm de longo e 80 de ancho, encaixado entre 3 paredes. Ao prato só se accede pola fronte, cun espazo de aproximación de 1,80 m.
- O prato de ducha ten un chanzo de 3 cm e é antiescorregadizo.



- A ducha ten cadeira ortopédica. Dispón de barras de apoio horizontais, nas dúas paredes laterais ás billas. Están colocadas a unha altura de 98 cm e separadas a unha distancia de 65 cm.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,03 m. A alcachofa non se regula en altura, colócase sobre a billa.

**Aseo adaptado en zona común**

- Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible. Sinalizouse co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA). A porta ábrese cara a dentro e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

**Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,13 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,23 m. O asento está situado a unha altura de 43 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 79 cm de altura e unha fixa no dereito a 78 cm de altura, cunha separación entre ambas as dúas de 65 cm.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 74 cm de alto e 37 cm de fondo. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,02 m e o resto dos accesorios do aseo están a 90 cm.

**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- Para acceder á porta principal dende as beirarrúas públicas hai un percorrido empedrado, no que existen ocós ou cellas no chan.

- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos voados que impliquen risco.

**Cuarto estándar (nº216)**

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A bañeira está a unha altura de 43 cm e ten un biombo de vidro sen sinalizar.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet. Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre” nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estancias e servizos, pero non presentan contraste cromático, e non están complementadas con braille ou altorrelevo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta -2	Accesible con ascensor	Dispoñen dun aparcadoiro subterráneo con 10 prazas. As prazas están delimitadas pero ningunha reservada para Persoas con Mobilidade Reducida (PMR).
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas con 4 patas. Altura da barra da cafetería: 1,10 m. Altura da mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 73 cm. Fondo baixo mesa: 73 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Restaurante/ Buffet almorzos	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas e redondas con 4 patas. Altura da barra de buffet: 76 cm. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 68 cm. Ancho baixo mesa: 1,60 m. Fondo baixo mesa: 1,60 m. Non dispoñen de carta en braille.
Salón Social	Planta baixa	Accesible	Mesa redonda de 4 patas. Altura da mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 64 cm. Ancho baixo mesa: 1,60 m. Fondo baixo mesa: 1,60 m.
Piscina e vestiarios	Planta -3	Accesible por ascensor	Non dispón de grúa de acceso ao vaso. Non dispón de vestiario nin de aseos adaptados.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: entre 96 cm e 1,02 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo da cabina: 93 cm e 1,17 m. Altura dos botóns de mando: entre 88 cm e 1,11 m. Altura do pasamáns: 87 cm. Chan de textura e cor distinta cara á porta: Non. Cabina con sinais sonoros e visuais: Si. Espello na cabina: Si, lateral. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Non.

## Parador de Monforte de Lemos (★★★★)

Praza Luis de Góngora y Argote S/N  
27400 Monforte de Lemos (Lugo)  
Teléfono: 982 418 484  
Fax: 982 418 495  
E-mail: monforte@parador.es  
Web: www.parador.es



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel Parador sitúase na parte máis alta da vila de Monforte de Lemos en pleno conxunto Monumental de San Vicente do Pino, formado pola Torre de Homenaxe, o Mosteiro de San Vicente do Piñeiro e o Pazo dos Condes de Lemos, incluíndo estes dous últimos as instalacións do Parador.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha ampla praza, lastrada, chaira e desdexada de obstáculos.

#### Acceso

- No acceso ao hotel dende a praza onde está situado, hai un chanzo que ten un rebaixe alternativo accesible.
- A entrada principal ten 8 chanzos de 17 cm de altura, cunha plataforma salvaescaleiras alternativa que permite o acceso.
- Tras as escaleiras, hai un chanzo diante da porta que ten unha rampla metálica alternativa.
- Esta mide 1 m de ancho, 1 m de longo e ten unha pendente do 6%. Carece de pasamáns.
- Hai 2 portas de acceso contiguas. A primeira deixa un oco de paso de 94 cm, é de madeira e sempre está aberta. A segunda é corredía automática, de vidro, e deixa un oco de paso de 1,18 m. Entre estas hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,17 m e debaixo non hai un espazo libre que permita a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 210)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 90 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 1,4 m.
- A cama ten unha altura de 52 cm. Accédese a esta por ambos os dous lados, por un espazo superior a 90 cm de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Non dispón de andeis e o percheiro está a 1,95 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,56 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a dentro e mide 91 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1 m de ancho polo lado esquerdo, e pola fronte de 1,5 m. O asento está a unha altura de 46 cm e o mecanismo de descarga a 74 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 80 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 68 cm de altura e 60 cm de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,08 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 82 cm.
- No cuarto de baño hai un teléfono xunto ao inodoro.

#### Ducha

- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o resto do pavimento do cuarto de baño.
- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,80 m de ancho.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 42 cm de altura. Este ten 45 cm de ancho e 45 cm de fondo. Dispón dun espazo libre no lado esquerdo que permite realizar a transferencia.
- A ducha dispón de barras de apoio fixas á parede, a unha altura que varía entre os 80 e 98 cm de altura.
- A billa é termostática e require o xiro de pulso. Está situada a unha altura de 90 cm do chan e a 80 cm do asento. A alcachofa está nunha barra vertical que permite regular a súa altura entre 1,3 e 1,83 m.

#### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado na zona común. Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- É unha cabina independente do resto e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara ao interior e mide 1,03 m de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo de 1,10 m de ancho, e pola fronte de 1,10 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 74 cm.

- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 80 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 50 cm de fondo, que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de 83 cm.

#### ACCESIBILIDADE VISUAL

##### Acceso

- Na entrada principal hai unha escaleira de 8 chanzos de 17 cm. Non está sinalizada tacto visualmente no inicio e no fin. Os chanzos son de pedra, non están sinalizados no bordo e teñen tabica e grandes bocéis.
- Accédese por 2 portas contiguas. A primeira é de madeira, sempre está aberta e diante ten 1 chanzo de pedra e unha rampla alternativa sen sinalizar tacto visualmente. A segunda porta é automática de vidro e está sinalizada co logotipo do Parador, pero non presenta unha cor contrastada que permita a súa doada detección.
- O pavimento existente no acceso é empedrado pero homoxéneo, sen cellas ou grandes resaltes.
- Na recepción e nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

##### Cuarto estándar (Nº107)

- O número do cuarto indícase con números grandes e presentan cor contrastada.

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- Os produtos do lavabo (xabón, xel, etc.) están transcritos ao braille.
- A altura da bañeira é de 46 cm e ten un biombo abatible de cristal sen sinalizar.

#### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

##### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

##### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

##### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,70 m. O tamaño dos caracteres é de 4 cm e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.

##### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Otras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	As prazas de aparcadoiro non están delimitadas no chan e non hai ningunha reservada a persoas de mobilidade reducida.
Restaurante- Buffet almorzos	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas e redondas de 4 patas. Altura barra buffet: 90 cm. Altura de mesa: 73 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 88 cm. Fondo baixo mesa: 88 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible ás mesas do corredor. Non accesible á barra xa que hai 2 chanzos de 17 cm	Altura de barra: 1,12 m. Mesas cadradas con traveseiro. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Non permiten a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
Salóns de reunións (7)	Diferentes plantas	Accesibles utilizando o ascensor	O mobiliario varía segundo as necesidades do cliente.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,11 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 1 m x 1,30 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,08 e 1,20 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Espello fronte á porta: Si. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Si. Altura de pasamáns: 90 cm, a ambos lados. Oco baixo a escaleira protexido: Si. Hai unha alfombra ancorada na zona central das escaleiras.
Piscina	Planta -1, no exterior	Non accesible	Non dispón de grúa de acceso ao vaso. Non dispón de vestiario nin de aseos adaptados.
Ximnasio	Planta -1	Non accesible	Non dispón de vestiario nin de aseos adaptados.

## Hotel EO (H☆☆☆)

Amador Fernández,5  
27700 Ribadeo (Lugo)  
Teléfono: 982 128 750/982 128 751  
Fax: 982 128 021  
E-mail: hoteleo@hoteleo.es  
Web: www.hoteleo.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel está situado nunha das zonas máis privilexiadas de Ribadeo, ao lado do Parador de Turismo, a tan só 150 m do Concello e do parque ou Praza de España. A maioría dos seus cuartos teñen vistas á ría.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chaira, con beirarrúas estreitas e despxeadas de obstáculos.
- Non dispón de prazas de aparcadoiro.

#### Acceso

- Accédese ao hotel por un portal de ferro, que sempre permanece aberto. Tras este hai unha costa pronunciada de baixada ata a entrada principal de 4,5 m de ancho, 9, 3 m de lonxitude e unha pendente 19%.
- Diante da entrada hai ademais un pequeno chanzo de 3 cm.
- No acceso hai 2 portas contiguas. A primeira é de apertura manual de dobre folla, sempre está aberta e deixa un oco de paso de 1,38 m. A segunda tamén é manual e sempre está aberta, e ten un ancho de paso de 85 cm. Entre elas hai un espazo suficiente para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é de moqueta, homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,08 m e non ten unha zona adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

#### Habitación adaptada (Nº 205)

- N.º cuartos adaptados: 2. Están na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 83 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 1,40 m.
- A cama ten unha altura de 54 cm. Accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 90 cm de ancho e polo lado esquerdo, por un espazo de 1,40 m.

- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 60 cm e 1,80m. O percheiro está a 1,5 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama, e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,55 m.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,8 m de ancho polo lado esquerdo, e pola fronte de 1,2 m. O asento está a unha altura de 48 cm e o mecanismo de descarga a 82 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito. Están a 75 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 83 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 56 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,1 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 1,12 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,80 m de ancho.
- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- Ten un asento fixo e abatible situado a 45 cm de altura. Este ten 45 cm de ancho e 45 cm de fondo. Dispón dun espazo de achegamento lateral polo lado dereito de 1,8 cm
- A ducha dispón dunha barra de apoio á esquerda do asento, a unha altura de entre 65 e 84 cm que facilita a realización da transferencia.
- A billa é monomando pero está situada a unha altura de 57 cm enriba do asento. A alcachofa está suxeita nunha barra vertical que permite regular a súa altura entre 1,30 m e 1,85 m.

### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta cun aseo adaptado na zona común. Está situado na planta de recepción e o itinerario é accesible.
- Está dentro da batería de aseos de señoras e non está sinalizado co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a fóra e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,20 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m de ancho polo lado dereito, e pola fronte de 140 cm. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito, situada a 73 cm de altura.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 71 cm de alto e 55 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do aseo están a unha altura media de 77 cm.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- Antes de chegar á porta hai un pequeno chanzo de 3 cm que non está sinalizado tacto-visualmente.
- No acceso hai dúas portas contiguas. Son de apertura manual, parcialmente acristalada e sempre están abertas. Entre estas hai un felpudo correctamente ancorado ao chan.
- O pavimento está enmoquetado e é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Habitación estándar (nº201)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A altura da bañeira é de 52 cm.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Habitación estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Están a unha altura media de 1,52 m pero non seguen un mesmo patrón. A altura dos caracteres é variada e os dos cuartos non son de cor contrastada respecto ao fondo. Tampouco están complementados con información en braille nin en altorrelevo.


### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Buffet de almorzo	Planta de recepción (4ª Planta)	Accesible	Altura da barra: 1,08 m. Mesas redondas con pata central. Altura da mesa: 75cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 50 cm. Fondo baixo mesa: 30 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (2)	Planta 3	Accesible con ascensor	Mesa rectangular. Altura da mesa: 60 cm. Altura baixo mesa: 54 cm. Ancho baixo mesa: 90 cm. Fondo baixo mesa: 50 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1 m. Ancho da porta: 82 cm. Ancho e fondo de cabina: 1 m x 1,30 m. Altura de botóns de mando: 90 cm - 1,17 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Espello: Si, en parede lateral. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Non. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: A un lado, 90 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Piscina	Exterior	Accesible	No dispón de grúa de acceso ao vaso nin vestiarios.

## Hotel Ceao Express (☆☆)

Rúa dos Canteiros – Polígono do Ceao  
27003 Lugo (Lugo)  
Teléfono: 982 209 999  
Fax: 982 209 000  
E-mail: info@hotelceaoexpress.com  
Web: www.hotelceaoexpress.com



### INFORMACIÓN XERAL

O Ceao Express é un hotel moderno e de recente construción, que conta con 40 cuartos e 8 mini suites. A súa excelente situación no Polígono Industrial O Ceao, e máis concretamente no edificio Centro de Servizos San Cristóbal, permite aos nosos clientes ter un rápido e doado acceso, tanto ás principais estradas, como a calquera outro punto da cidade.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha avenida chá, con beirarrúas estreitas e despegadas de obstáculos.
- Non dispón de prazas de aparcadoiro.

#### Acesso

- A entrada principal é accesible xa que no acceso non hai chanzos ou ocios de paso estreito que dificulten a deambulación.
- No acceso á porta principal hai dúas pequenas ramplas que facilitan o acceso, cunha lonxitude de 10 a 13 cm pero cunha inclinación elevada superior á recomendada do 21%.
- A porta principal é automática e de vidro. Ten un ancho de paso de 1,88 m e diante e detrás desta hai un espazo amplo que permite realizar un xiro de 360° coa cadeira de rodas. Hai felpudos correctamente ancorados ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,09 m e non ten unha zona adaptada para usuarios de cadeira de rodas.

#### Habitación adaptada (Nº 101)

- Para acceder ao cuarto, ao saír do ascensor á dereita, hai 3 chanzos, cunha rampla alternativa. Esta mide 4,90 m de longo, 1,23 m de ancho e ten unha inclinación do 10,5%. Dispón de pasamáns de dobre altura a ambos os dous lados e está colocado a 65-94 cm.
- N.º cuartos adaptados: 1. O itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 1,24 m.
- A cama ten unha altura de 49 cm e accédese a esta por ambos os dous lados, xa que hai dous espazos libres superiores a 1 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 9 cm e 1,80 m. O percheiro está a 1,78 m.

- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,42 m.
- O cuarto dispón dun balcón que non é accesible para usuarios de cadeira de rodas xa que ten unhas reducidas dimensións.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara ao interior e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de 1,80 m de ancho e pola fronte de máis de 2 m. O asento está a unha altura de 44 cm e o mecanismo de descarga a 1,05 m.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 68-84 cm e unha fixa en diagonal no esquerdo a 74-100 cm de altura. A separación entre ambas as dúas é de 71 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 63 cm de alto e 40 cm de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,21 m e o resto dos accesorios do baño están entre 65 cm e 1,47 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 75 cm de ancho.
- O prato de ducha ten un chanzo de 6 cm pero é accesible, xa que polo espazo existente e a cadeira de ducha que presenta, pódese realizar a transferencia. O chan é antiescorregadizo.
- A cadeira de ducha ten un asento de 36 cm de fondo e 48,5 cm de ancho.
- A ducha dispón dunha barra de apoio horizontal fixa a unha altura de 1,03 m e doutra vertical a 1-1,45 m.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1 m de altura.

#### Aseo en zona común

- O establecemento dispón dunha cabina de aseo adaptada. Está na primeira planta e o itinerario é accesible a través do ascensor. Está correctamente sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade.
- A porta ten oco de paso de 97 cm de ancho e abre cara ao interior.
- No interior hai espazo abondo que permite a inscrición dun círculo de 1,50 m de diámetro.

**Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado dereito de 75 cm de ancho, polo lado esquerdo de 1,10 m e pola fronte de 1,25 m. O asento está a unha altura de 44 cm e o mecanismo de descarga a 1,05 m.
- Dispón de dúas barras de apoio abatibles colocadas a ambos os dous lados, a unha altura de 67-83 cm. A separación entre estas é de 63 cm.

**Lavabo**

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 40 cm de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. As billas son monomando.
- A altura ao bordo inferior do espello é de 95 cm e está inclinado. O resto dos accesorios do lavabo están entre os 90 cm e 1,07 m.

**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- A porta principal é automática e de vidro. Non está sinalizada axeitadamente con dúas franxas de cor contrastada. Diante e detrás desta hai felpudos correctamente ancorados.
- As dúas ramplas que dan acceso a esta porta non teñen pasamáns nin zócolos de protección. Tampouco están sinalizadas tacto-visualmente.
- Na recepción e corredores o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. O mobiliario está situado correctamente e non hai elementos voados nas liñas de paso que impliquen risco a persoas con discapacidade visual.
- Para acceder aos cuartos, ao saír do ascensor á dereita, hai 3 chanzos, con sinal luminoso, con tabica e cun ancho homoxéneo. Estes teñen unha rampla alternativa

que dispón de pasamáns polos dous lados a unha altura de 67-96 cm.

- Os chanzos e a rampla non están sinalizados tacto-visualmente.

**Habitación estándar (Nº123)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A altura da bañeira é de 51 cm.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Habitación estándar (Nº123)**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao carón da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,91 m. Os caracteres son de 10 x 11 cm e son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelievo.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Restaurante	Planta 1ª	Accesible con ascensor. No acceso hai 2 chanzos con rampla alternativa	Mesas cadradas de 2 patas con traveseiro. Altura da mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 71 cm. Ancho baixo mesa: 60 cm. Fondo baixo mesa: 26 m. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta 1ª	Accesible con ascensor. No acceso hai 2 chanzos con rampla alternativa	As mesas son redondas con catro patas, cuns traveseiros centrais que dificultan o acercamento frontal de persoas usuarias de cadeiras de rodas. Altura da mesa: 75 cm. Altura da barra: 90 m. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións	Planta 2ª	Accesible con ascensor	Altura da mesa: 44 cm. Non permiten o acercamento frontal a persoas usuarias de cadeiras de rodas. Permítese a inscrición dun xiro de máis de 1,50 m de diámetro: Si. O mobiliario está colocado de tal forma que non constitúe un obstáculo: Si. Hai beirís en liñas de paso que impliquen risco: Non.
Escaleiras	Todas as plantas	Dende planta 0 a planta 2ª	Tipo de escaleiras: Interiores. Sinalización tacto-visual no bordo: Non. Chanzos cun ancho igual: Si. Existen boceis: Non. Os chanzos dispoñen de tabica: Si. Ocós baixo a escaleira protexidos: Si. Zócolo de protección: Non. Prolongación de pasamáns: Non. Pasamáns continuo en mesetas: Non.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,16 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo da cabina: 1,07 m e 1,39 m. Altura dos botóns de mando: 1,07 e 1,34 m. Altura do pasamáns: 92 cm. Franxa de sinalización táctil de 1,20 m: Non. Cabina con sinais sonoros: Si. Botóns con números en altorrelievo: Non. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.



## Bi - Terra (Hotel Residencia\*)

Regüela de San Cosme Nº2, Rocha  
27229 Friol (Lugo).  
Teléfono: 982 183 746 / 667 624 860  
Fax: 982 183 746  
E-mail: bi.terra.hotel@gmail.es  
Web: www.biterra.es



### INFORMACIÓN XERAL

Inaugurada en xullo de 2008 trátase dunha casa de arquitectura típica galega duns douscentos anos de antigüidade, rehabilitada dándolle pequenas pinceladas modernas. Dispón de 9 cuartos dobres, todas con baño propio, todo iso situado nun terreo de 8.000 metros cadrados.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O establecemento está situado nun terreo que presenta lixeira costa.
- Dispón de dous edificios. No principal están situados a recepción, os cuartos, os aseos comúns e unha sala de reunións. No outro está a cafetería, o restaurante e outros aseos comúns.
- No recinto existen diferentes camiños que conducen polas diferentes instalacións. Estes presentan unha lixeira inclinación e teñen tramos con chan irregular e de grandes baldosas de pedra, e outros de terra compacta.
- Hai dúas zonas para estacionar os vehículos. Unha está próxima ao edificio da cafetería e a outra está fronte á edificación principal, a 5 m. de distancia da porta principal. Non hai prazas delimitadas no chan e ningunha está reservada para Persoas con Mobilidade Reducida. O itinerario é accesible.

#### Acceso

- O edificio principal ten dúas entradas, pero só é accesible a porta principal xa que a traseira ten 2 chanzos na entrada de 15 cm de altura. Esta porta principal ten un oco de paso de 1,42 m de ancho e é acritalar parcialmente.
- O acceso ao edificio que alberga a cafetería, restaurante e aseos comúns é a través dunha rampla de chan empedrado, de 4 m de longo, 96 cm de ancho e unha pendente do 14%. A porta deixa un oco de paso de 1,21 m e é acritalar parcialmente.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiscorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,02 m e debaixo non hai un espazo libre que permita a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado ('Ladeabajo')

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.

- A porta de entrada mide 90 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro.
- A cama ten unha altura de 56 cm. Accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 95 cm de ancho e polo lado esquerdo, por un espazo de 60 cm.
- O armario non ten porta senón un sistema de cortina de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura de 43 cm e o percheiro está a 1,75 m.
- O interruptor da luz e un enchufe están situados xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao exterior e mide 90 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro non ten un espazo lateral libre de achegamento xa que xunto a el está o lavabo, pero pode realizarse unha transferencia oblicua polo lado dereito. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 77 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 60-76 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 41 cm de fondo. A billa é tipo pomo e necesita do xiro do pulso para o seu accionamento.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,22 m e o resto dos accesorios do baño están a 71 cm.

#### Ducha

- O chan da ducha é antiscorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño. Dispón de biombo abatible.
- Ten un asento fixo e abatible, colocado na parede, situado a 46 cm de altura. Este ten 45 cm de ancho e 41 cm de fondo. Dispón dun espazo de achegamento lateral polo lado esquerdo de 89 cm.
- A billa é tipo pomo e para accionalo necesita o xiro do pulso. Está situado a unha altura de 1,20 m, ao lado do asento.

#### Aseo común adaptado (edificio de cafetería)

- O aseo común adaptado está situado no edificio da cafetería e restaurante. O itinerario é accesible.



- É unha cabina común para ambos os dous sexos e está sinalizado co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a fóra e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,44 m de ancho polo lado dereito, 1,03 m polo lado esquerdo e pola fronte de 1,06 m. O asento está situado a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no esquerdo, situada a 54-69 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 63,5 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,20 m e o resto dos accesorios do aseo están a 1,27 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- O establecemento ten dous edificios, un principal onde están situados os cuartos e a recepción e outro onde está a cafetería e o restaurante. O itinerario entre estes é un camiño cunha lixeira pendente, cun chan irregular, con grandes baldosas de pedra que deixan ocos ou cellas no chan. Tamén hai camiños de area compacta.
- O acceso ao edificio principal pódese realizar por dúas entradas. A principal non presenta desniveis que poidan dificultar o paso pero a situada na parte traseira da casa, ten 2 chanzos de 15 cm. de altura que non están sinalizados tacto visualmente.
- O acceso ao edificio que alberga a cafetería, restaurante e aseos comúns ten unha rampla de chan empedrado que non está sinalizada tacto visualmente no inicio e fin.

#### Vestíbulo e recepción

- Na recepción e nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.

- Hai felpudos que non están ancorados en toda a súa superficie.
- Non hai protección de mobiliario en beiril.

#### Cuarto estándar ('latres')

- O nome do cuarto indícase en letras grandes e presenta unha cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A iluminación é homoxénea.
- As alfombras non están ancoradas ao chan.
- No cuarto de baño o prato de ducha ten un chanzo de 16 cm.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar ('Latres')

- Existe conexión a Internet.
- Non hai TV no cuarto, pero si na sala de reunións con decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados no establecemento.

#### Aseos comúns non adaptados (Edif. principal)

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", pero son de cristal translúcido e poden facilitar a comunicación co exterior.

#### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Só se sinaliza o nome dos cuartos.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Cafetería	Planta baixa	Accesible por rampla	Ancho da porta: 1,21 m. Altura de barra: 1,05 m. Mesas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 64 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille. No interior permítese a inscrición dun xiro de circunferencia superior a 1,50 m.
Restaurante	Planta baixa	Accesible por rampla	Accédese a el atravesando a cafetería, por unha porta de dobre folla cun oco de paso superior a 80 cm. Mesas de 4 patas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 64 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille. No interior permítese a inscrición dun xiro de circunferencia superior a 1,50 m.
Sala de reunións	Planta baixa	Accesible	Ancho da porta: 90 cm. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 75 cm. Ancho baixo mesa: >2 m. Fondo baixo mesa: 1,20 m. No interior permítese a inscrición dun xiro de circunferencia superior a 1,50 m.
Escaleiras (de varios tramos, cun número de chanzos que varía entre 6 e 9)	Planta 0 a Planta 1ª do edificio principal	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: de 6 a 9. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: só a un lado. Pasamáns: só a un lado. Oco baixo a escaleira protexido: Si.

# Hotel Casa Benilde

R/ do Mercado,s/n  
Palas de Rei (Lugo)  
E-mail: info@casabenilde.com



## INFORMACIÓN XERAL

Situado no corazón do Camiño de Santiago, nunha tranquila zona peonil no centro de Palas de Rei, afastada do balbordo da estrada, Hotel Casa Benilde ofrécelle dende 2003 unhas instalacións modernas e acolledoras dotadas de todos os servizos que vostede necesita.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha zona chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

### Acceso

- A entrada ao hotel ten un pequeno chanzo de suba de 6 cm.
- A porta é parcialmente acritalar, de apertura manual e cun ancho libre de paso de 86 e 64 cm cada folla respectivamente. Existe un felpudo sen ancorar ao chan.

### Recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,22 m, non adaptada para persoas usuarias de cadeira de rodas.

### Cuarto adaptado (Nº 25)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 89 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 52 cm.
- A cama ten unha altura de 51 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,30 m de ancho e polo lado esquerdo, por un de 1,51 m.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. Os andeais están situados a unha altura entre 74 cm e 1,90 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredia e mide 78 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de 1,98 m.
- O asento está a unha altura de 50 cm e o mecanismo de descarga a 98 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito a 83 cm de alto.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 74 cm de alto e 44 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,05 m, o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 70 cm.
- O prato da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- Dispón de asento de ducha.
- A ducha non dispón de barras de apoio
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,34 m, é regulable en altura.

### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado en zona común, situado na planta -1, con itinerario accesible, mediante ascensor.
- É unha cabina independente do resto, e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara ao interior e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 87 cm de ancho polo lado dereito e pola fronte de 95 cm. O asento está situado a unha altura de 51 cm e o mecanismo de descarga a 97 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo situadas a 63-77 cm de altura, cunha separación entre elas de 70 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 77 cm de alto e 53 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,03 m e o resto de accesorios a 1 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada ao establecemento ten chanzo de suba de 6 cm de alto, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- As portas non están sinalizadas con franxas horizontais nin co logotipo do hotel, hai felpudo sen ancorar.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (nº24)

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A bañeira ten unha altura de 50 cm, sen barra de apoio.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto e pode programarse como espertador.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre".

#### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1,14 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 96 cm e 1,17 m. Altura dos botóns de mando: entre 1,06 e 1,20 m. Altura do pasamáns: 87 cm. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en altorrelevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso que confirme o rexistro da chamada: Non.
Aparcadoiro	Planta baixa, edificio contiguo	Accesible polo exterior	Numero prazas: 4. Non hai prazas reservadas para PMR.

## Hotel Dario II

R/ Franco, 12  
27003 Lugo  
Teléfono e Fax: 982 203 483  
Email: hoteldario@telefonica.net



### INFORMACIÓN XERAL

Situado na preciosa cidade de Lugo. O hotel ten un carácter familiar no que se combina o trato amable e carcano aos clientes cos mellores e máis modernos servizos.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está nunha zona chaira, con beirarrúas amplas e despexadas de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada ao hotel ten un pequeno chanzo de suba de 5 cm de altura.
- Hai dúas portas, a 1ª é de apertura manual, parcialmente acritalar, de dobre folla, cun ancho libre de paso de 69 e 91 cm respectivamente. A 2ª porta é de vidro, automática e mide 1,20 m de ancho. Existe un felpudo entre ambas as dúas portas ancorado ao chan.

#### Recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,35 m, non adaptado a persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado (Nº 107)

- N.º cuartos adaptados: 1. Están na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 80 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 76 cm.
- A cama ten unha altura de 56 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 52 m de ancho e polo lado esquerdo, por un de 80 cm.
- As portas dos armarios son corredías. Os andeis están situados a unha altura entre 58 cm e 1,80 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 80 m de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de 1,10 m e polo lado esquerdo de 2,10 m. O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito a 62-79 cm de alto e cunha separación entre ambas as dúas de 82 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 50 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,24 m, o resto dos accesorios do baño están á mesma altura.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 2,08 m.
- O prato da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do cuarto de baño.
- Non dispón de asento de ducha homologado.
- A ducha dispón de barra de apoio horizontal a 1 m de altura, situada na parede contraria ás billas.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 1,16 m.

#### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado en zona común, situado na planta 1ª e con itinerario accesible utilizando o ascensor.
- A cabina é independente do resto e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara ao interior e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Otras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleira	Planta baixa e planta 1	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 4 de pedra+5 de madeira. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 20 cm. Fondo da pegada: 28 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si, no tramo de madeira. Zócolo de protección lateral: Si. Pasamáns: a un lado, a 83 cm de altura. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Restaurante	Planta baixa, en edificio anexo ao principal	Accesible polo exterior	Mesas rectangulares con travesa. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 71 cm. Ancho baixo mesa: 81 cm. Fondo baixo mesa: 40 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (3)	Planta baixa	Accesibles	Mesas cadradas de 43 cm de altura que non permiten a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	O aseo non está adaptado para persoas con discapacidade.

## A Casa do Mudo

Senra, 25  
27891 Cervo (Lugo)  
Teléfono: 982 557 689/692 496 878  
E-mail: informacion@casadomudo.com  
Web: www.casadomudo.com



### INFORMACIÓN XERAL

A casa dispón de seis cuartos con baño completo. Así mesmo, contamos con varias zonas comúns dotadas de todas as comodidades e un comedor co estilo típico das casas de aldea galegas.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O acceso ao recinto da casa encóntrase nunha zona chaira e despexada de obstáculos.
- O aparcadoiro está no exterior do recinto. Non ten as prazas delimitadas no chan e non hai unha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). O itinerario ata a casa é accesible.
- A entrada principal dá paso a unha zona axardinada que ten o chan pavimentado e que facilita o acceso á casa. O itinerario é accesible xa que non hai chanzos ou ocios de paso estreitos.

#### Acceso

- O acceso á casa realízase por unha porta alternativa situada na parte traseira, xa que a principal non é accesible ao ter un chanzo de 8 cm sen rampla alternativa.
- Esta porta alternativa ten un oco de paso de 1,15 m, é de madeira e manual de doada apertura. Diante desta hai unha cella de 2 cm de altura.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- A mesa de atención ao público está a unha altura de 84 cm e debaixo hai un espazo libre de 68 cm de altura e 80 cm de fondo que permite a aproximación frontal a un usuario de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 89 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é superior a 1 m.
- A cama ten unha altura de 50 cm. Accédese a esta por ambos os dous lados xa que no lado dereito hai un espazo de 1 m de ancho e no esquerdo 1,1 m.

- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 40 cm e 1,6 m; os caixóns a unha altura entre 20 e 40 cm e o percheiro a 1,8 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado.

- A porta abre cara a dentro e mide 89 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,3 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 90 cm. O asentado está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, situadas a unha altura de 76 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 80 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 82 cm de altura e 60 cm de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa require xiro de pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,2 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 1 m.

#### Ducha

- O chan da ducha é antiescorregadizo e está ao mesmo nivel que o do resto do pavimento, aínda que ten unha pequena cella de 1 cm para evitar o escape de auga.
- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,8 m e un biombo que é abatible e permite a aproximación a esta.
- A ducha dispón na parede das billas dunha barra de apoio en forma de L, situada a unha altura que varía entre os 83 e os 150 cm.
- A billa é tipo pomo, require de xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,3 m. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.
- Carece de cadeira ou asentado de ducha.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- No itinerario de acceso á casa non hai chanzos, mobiliario ou elementos voados que dificulten a deambulación. O pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.
- A entrada principal é polo soportal e no acceso hai un chanzo de 8 cm que non está sinalizado no bordo cunha franxa de pavimento en cor contrastada.
- A porta principal é de madeira e sempre está aberta en horario de atención ao público.
- O mobiliario da casa non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar (nº 2)

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”, nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias.

### Atención ao cliente


- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleira	Planta baixa e superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos: dous tramos de 6 e 5 chanzos. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 19 cm. Fondo da pegada: 28 cm. Con tabica: Non. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: a un lado, a 85 cm de altura. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Comedor salón de almozos	Planta baixa	Accesible	Mesas rectangulares de 4 patas. Altura de mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 1,40 m. Fondo baixo mesa: 80 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións (2)	Planta baixa e 1	Só accesible o situado na planta baixa	Mesa de similares características ás do comedor.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible	O aseo non está adaptado para persoas con minusvalía

# Casa do Pacio

## Apartamentos de Vacacións

Lugar O Pacio s/n- Santa Cristina  
27375 Cospeito (Lugo)  
Teléfono: 982 505 710/ 617 403 572  
Fax: 982 505 710  
E-mail: info@casadopacio.com  
Web: www.casadopacio.com



### INFORMACIÓN XERAL

A Casa do Pacio é unha edificación de aldea construída no século XIX segundo a tradición da zona na que se emprega, moi preto da lagoa de Cospeito, na singular bisbarra galega da Terra Chá ("terra chaira"). O conxunto está formado por dúas vivendas: "A Casa Grande" (no seu primeiro piso sitúanse catro espazosos cuartos dobres e a planta baixa dedícase a espazos comúns: salón, comedor e biblioteca). E na "Casa do Caseiro" sitúanse os restantes cuartos, o individual e dous dobres -un deles adaptado-, así como un amplo salón.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa principal encóntrase nunha rúa con beirarrúas chairas e amplas, totalmente despexadas de obstáculos na liña de paso.
- A entrada ao apartamento onde se encontra o cuarto adaptado, está igualmente nunha rúa despexada de obstáculos e chaira.

#### Acceso

- A entrada á recepción ten un chanzo de 4 cm de altura. A porta é opaca e mide 95 cm de ancho.
- Tamén se accede ao apartamento adaptado dende a zona de aparcadoiro por un camiño de herba e lousa e con chanzo no itinerario de 2,5 cm de altura.

#### Vestíbulo e recepción

- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,07 m, non adaptada para persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Apartamento adaptado

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do apartamento mide 80 cm de ancho e a do dormitorio abre cara ao interior e mide 90 cm de ancho.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de máis de 2 m.

- O dormitorio ten dúas camas individuais unidas, a unha altura de 51 cm e accédese a estas polos dous lados, por un espazo de 55 m e 2 m de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura entre 36 cm e 1,97 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado.

- A porta abre cara ao exterior e mide 90 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 71 cm polo lado dereito e 1,20 m pola fronte que permite facer a transferencia dende a cadeira de rodas de forma frontal. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito situada 65 e 79 cm de altura.

#### Lavabo

- O lavabo é regulable en altura, ten 61 cm de fondo e permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 95 cm e o resto dos accesorios do baño están a 90 cm de altura.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación de máis de 2 m.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- A ducha dispón de asento fixo e abatible en parede, situado a 46 cm de altura e cunhas dimensións de 37 cm de ancho e 45 cm de fondo.
- Non dispón de barras de apoio.
- A billa é monomando e está situada a unha altura de 88 cm.

#### Cociña e comedor no apartamento adaptado

- Están situados na planta baixa do apartamento, accédese por un oco de paso á cociña de 75 cm de ancho e hai 2 chanzos de 22 cm de altura, o que dificulta o seu acceso.

- Na cociña hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, lavalouza, cociña e vertedeiro están a 88 cm de altura, teñen mobles debaixo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.
- Os mandos da cociña requiren o xiro do pulso, o frigorífico ten os andeis e caixóns a unha altura de 20-50 cm.
- Ao comedor accédese por un oco de paso de 80 cm, por unha rampla de 1,10 m de ancho, 1,35 m de lonxitude e o 15,8% de inclinación.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 96 cm de altura, debaixo hai un ancho libre de 69 cm e unha altura baixo a mesa de 74 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada á recepción ten un chanzo de 4 cm de altura, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta é de madeira e abre cara a dentro.
- Tamén se pode acceder ao apartamento adaptado directamente dende a rúa por un portalón traseiro de 1,33 m de ancho.
- Na recepción, nos corredores de circulación o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non

existen elementos en beiril que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (edificio principal)

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos en beiril que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.
- A bañeira ten unha altura de 46 cm e o biombo é de vidro sen sinalizar.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Non hai TV.
- Hai conexión a internet.
- Hai un enchufé ao lado da cama.

#### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleiras	No edificio principal	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 90 cm. Oco baixo a escaleira protexido: Non.
Aseo Común	Edificio principal	Accesible	Hai un aseo común con dimensións axeitadas para un usuario de cadeira de rodas, pero o inodoro carece de barras de apoio.

## A Parada das Bestas

Pidre, 27  
27207 Palas de Rei ( Lugo)  
Teléfono: 982 183 614  
E-mail: info@aparadadasbestas.com  
Web: www.aparadadasbestas.com



### INFORMACIÓN XERAL

Antiga casa de labranza do século XVIII, claro expoñente da arquitectura rural galega. Formada por un conxunto de 3 edificios principais (casa grande, pallero e o tendal do forno) e 2 anexos (hórreo e tulla) ademais dunha eira de mallar, das escasas que quedan en Galicia.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A casa encóntrase situada nunha zona con rúas amplas sen beirarrúas. O pavimento é de terra compacta e está totalmente despexada de obstáculos na liña de paso.
- Ten unha zona de aparcadoiro pero as prazas non están delimitadas no chan e non hai unha reserva para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).

#### Acceso

- O establecemento ten no edificio principal os cuartos estándar, a lareira e unha sala de uso común. O acceso ten o pavimento irregular de pedra e céspede que produce diante da porta desniveis de ata 3 cm. O oco de paso da porta é de 1,35 m.
- No edificio contiguo está situado o apartamento adaptado e diante da porta hai un pequeno chanzo de 3 cm de alto. Esta porta é parcialmente acritalar, de apertura manual e ten un oco de paso superior a 80 cm.

#### Apartamento adaptado

- N.º de apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa.
- A porta do apartamento ten un oco de paso de 76 cm e ademais ten outra folla de 43 cm que aumenta o espazo. A porta do cuarto mide 75 cm de ancho.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é superior a 80 cm.
- No cuarto, a cama ten unha altura de 49 cm e accédese a esta polos dous lados por un espazo superior a 1 m.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura que varía entre 23 e 150 cm.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño

- A porta ten un oco de paso de 78 cm e é corredeira.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo de 1,05 m e pola fronte de 1,50 m. O asento está a unha altura de 51 cm e o mecanismo de descarga está a 74 cm.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible no lado esquerdo, situada a unha altura de 65-78 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 71 cm de alto e 51 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,27 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,03 m.

#### Ducha

- O prato de ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Ten un biombo abatible cunha parte fixa que dificulta a transferencia lateral á cadeira de ducha existente, que está fixa á parede. Non obstante, pódese realizar unha transferencia oblicua xa que diante non hai obstáculos que a impidan e hai unha barra fixa na parede que facilita o acceso.
- A barra de apoio é en forma de L e está a unha altura que varía entre 1 e 1,15 m.
- A cadeira fixa á parede está a unha altura de 60 cm de alto e ten un ancho de 40 cm.
- A billa está situada nunha parede accesible desde a cadeira, é monomando e está a unha altura de 1,18 cm.

#### Cociña e comedor

- Está situada xunto ao salón do apartamento e accédese a este por un oco de paso superior a 80 cm.
- Na cociña comedor hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, cociña, microondas e vertedeiro están a 97 cm de altura e teñen mobles debaixo que non permiten a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.



- A mesa é de 4 patas e permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. Ten 76 cm de altura e debaixo hai un espazo libre de 67 cm de altura e 1,19 m de ancho.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- No acceso ao edificio principal, o pavimento é de pedra con resaltes que deixan desniveis duns 3 cm.
- A porta principal é de madeira e parcialmente acritalar. Abre cara a dentro e non está sinalizada, pero non é necesario xa que a madeira existente presenta cor contrastada.
- No interior dos edificios, os corredores de circulación teñen o pavimento homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar ('Camoteira')

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.

- A iluminación é homoxénea.
- A bañeira é de hidromasaxe e ten unha altura de 60 cm. Non dispón de barras de apoio.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Non hai conexión a internet
- Non hai televisor
- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### Sinalización

- O hotel non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.
- Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aseos comúns	Edificio principal	Accesible	Non están adaptados a persoas usuarias de cadeira de rodas.
Restaurante	Edificio contiguo ao principal	Accesible	Porta con pequeno chanzo de 2 cm de altura. Ancho da porta: 1,43 m. Mesas cadradas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 67 cm. Ancho mesa: 65 cm. Fondo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Piscina	Exterior	Practicable (camiño de céspede irregular)	Non dispón de vestuarios nin grúa de acceso ao vaso.

## A Casa de Piego

Lugar de Martín, 10  
27786 San Acisclo de Valadouro - Foz (Lugo)  
Teléfono: 982 142 148  
Fax: 982 142 169  
E-mail: contacto@acasadepiego.es  
Web: www.acasadepiego.es



### INFORMACIÓN XERAL

A Casa de Piego é unha casa de aldea en plena natureza situada no Concello de Foz e que foi recentemente inaugurada. Contamos con toda a ilusión para poder facelos gozar do mellor servizo sen esquecer as atractivas posibilidades que o ámbito rural no que nos encadramos ofrece a todos os nosos clientes.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O acceso á casa está nunha rúa chaira, asfaltada sen beirarrúas e despexada de obstáculos.
- O terreo conta á súa entrada cunha ampla zona lastrada onde se estacionan os coches. As prazas non están delimitadas no chan e non hai unha praza reservada a Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
- Dende a zona de aparcadoiro ata a casa o pavimento é de grava e presenta unha inclinación que varía entre o 3% e o 19%.
- Diante da casa hai 2 chanzos de 18 cm que teñen unha rampla alternativa. Esta ten un ancho de 1,5 m, unha lonxitude de 1,6 m e unha pendente axeitada do 8,9%.

#### Acceso

- A porta presenta un pequeno chanzo de 4 cm de altura. É de madeira de dúas follas, unha delas é fixa e parcialmente acritalar, e deixa un oco de paso de 1,22 m.

#### Vestíbulo e recepción

- A edificación principal ten dúas portas principais de entrada que van cara ás mesmas zonas, quizais unha máis practicable que outra ao non ter obstáculo ningún (porta traseira da casa).
- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,20 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- A mesa de atención ao público ten unha altura de 83 cm, un fondo de 75 cm e un ancho libre de 50 cm. Está colocado nun corredor e dificulta o paso xa que deixa un espazo libre de 60 cm.

#### Cuarto adaptado ('A Comedeira')

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible, salvando o paso estreito que deixa o posto de recepción.
- A porta de entrada mide 82 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 1 m.
- A cama ten unha altura de 52 cm e accédese a esta polo lado esquerdo, por un espazo libre de 1,50 m de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os caixóns están a unha altura de 30 cm e o percheiro a 1,9 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e deixa un oco de paso de 1,02 m de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,5 m de ancho polo lado dereito. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a 73 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 76 cm de alto e 53 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,2 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 81 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 90 cm de ancho.
- É un prato de ducha cun relevo de 1,5 cm.
- A ducha dispón dunha barra de apoio en forma de L, situada correctamente, na parede lateral á billa. Está a unha altura do chan que varía entre os 88 e os 166 cm.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 90 cm.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A edificación principal ten dúas portas principais de entrada que van cara ás mesmas zonas, quizais unha máis practicable que outra ao non ter obstáculo ningún (porta traseira da casa).
- A entrada ao edificio principal ten 2 chanzos de 18 cm cunha rampla alternativa. Non están sinalizados no bordo cunha franxa de pavimento en cor contrastada.
- A porta é de madeira e está parcialmente acritalar. Non está sinalizada pero non é necesario xa que a madeira presenta suficiente contraste.
- Diante e detrás da porta hai un felpudo que non está ancorado ao chan.
- Nos corredores de circulación o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

### Cuarto estándar ('A Horta')

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de per-

soas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.

- A iluminación é homoxénea.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre"; nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- A casa dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos.


### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleira	De recepción á planta superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos por tramo: 12. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: a un lado a 84 cm de altura. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Comedores (2)	Planta baixa	Accesible por interior e por exterior por rampla	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 65 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 80 m. Non dispoñen de carta en braille.
Salas de reunións (2)	Planta baixa e 1	Só accesible a sala situada na planta baixa	Mesa cadrada de 60 cm de altura que non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
Aseos comúns	Planta baixa	Accesible, xunto a un comedor	O aseo non está adaptado para persoas con minusvalía.

## Casa de Turismo Rural Solariega de Cervantes

San Román de Cervantes, s/n.  
27664 Lugo (España)  
Teléfono: 982 364 915 / 636 310 106  
Fax: 982 364 915  
E-mail: reservas@casasolariegadecervantes.com  
Web: www.casasolariegadecervantes.com



### INFORMACIÓN XERAL

A "Casa Nativa de Cervantes" é un edificio señorial dos séculos XVI-XIX, catalogado por Patrimonio da Xunta de Galicia como Pazo e Casa Grande de Galicia, que pertence á familia Pérez de Temes dende as súas orixes.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- Está situada no ámbito natural e para acceder á casa hai que baixar unha costa pronunciada de máis de 10 m de lonxitude, cunha pendente do 21,2% que está asfaltada.
- Para entrar na casa hai que atravesar un patio empedrado irregular e que presenta unha pendente nalgúns tramos de ata o 14%.
- O itinerario é accesible xa que no caso de Persoas con Mobilidade Reducida (PMR), poden chegar o coche ata o patio da casa para solucionar os desniveis do terreo existentes.
- A casa non dispón de aparcadoiro. Os coches pódense deixar nunha zona próxima, fóra do recinto, onde as prazas non están delimitadas no chan e non hai ningunha reservada para PMR.

#### Acceso

- A porta principal é de madeira, manual de doada apertura e deixa un oco de paso de 1,04 m de ancho. Diante e detrás desta hai espazo abondo para facer un xiro de 1,50 m de diámetro.
- Detrás da porta hai un felpudo correctamente ancorado ao chan.

#### Vestíbulo e recepción

- A recepción está na planta baixa e accédese pola porta principal.
- Hai un pequeno desnivel na entrada, corrixido cunha rampla axeitada do 3,5%.
- No vestíbulo e zona de recepción hai un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é de grandes baldosas de pedra irregulares.
- A mesa de atención ao público ten unha altura de 74,5 cm pero non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

#### Cuarto adaptado

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 81 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,20 m de diámetro. A distancia entre mobles é de 1,13 m.
- A cama ten unha altura de 54 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 91 cm de ancho.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están a unha altura que varía entre 24 e 40 cm e o percheiro está a 2 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao interior e mide 81 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,50 m de ancho polo lado dereito, e pola fronte de 1,5 m. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 90 cm de altura.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 60 cm de alto e 40 cm de fondo que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,14 m.

#### Ducha

- O prato da ducha está igualado co chan e é antiescorregadizo.
- A ducha ten un espazo libre superior a 1,20 m que permite o acceso a esta. Os biombos existentes son completamente abatibles e non dificultan o acceso.
- Dispón dunha cadeira de ducha ancorada á parede, situada a unha altura de 45 cm e cunhas dimensións de 34 cm de ancho e 33 cm de fondo. Carece dunha barra de apoio que facilite a transferencia.
- A billa é monomando e está situada correctamente a unha altura de 1,10 m do chan. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A porta principal é de madeira e manual de doada apertura.
- Nos corredores de circulación o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalía visual.
- No itinerario de acceso ao comedor e aseos comúns, dende recepción, hai un chanzo de 14 cm que non está sinalizado cunha franxa de cor ou textura contrastada.

### Cuarto estándar

- O número do cuarto indícase en letras grandes pero non presenta cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalía visual.
- Non hai elementos voados que impliquen risco.
- No acceso ao cuarto de baño do cuarto hai un chanzo de 16 cm con bocel que non está sinalizado cunha franxa de cor ou textura contrastada.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI
- Dispoñen de información escrita dos servizos prestados no aloxamento.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O establecemento dispón de rótulos que sinalan o nome dos distintos cuartos e están a unha altura media de 2 m. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.
- Os números son de gran tamaño pero non presentan contraste de cor.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Escaleira	Planta baixa e 1ª	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. A escaleira ten dous tramos, o primeiro de pedra irregular e o segundo de madeira. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: a un lado. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Comedor e restaurante	Planta baixa	Practicable con axuda, xa que hai un chanzo de 14 cm	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 78 cm. Altura baixo mesa: 68 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 82 m. Non dispoñen de carta en braille.
Salón de reunións	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 38 cm de altura que non permiten a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
Aseos comúns	Planta baixa	Practicable con axuda, xa que hai un chanzo de 14 cm	O aseo non está adaptado para persoas con discapacidade.

## Casa da Vila

Lugar da Vila, 3  
27430 San Vicente-Pantón (Lugo)  
Teléfono: 982 456 081  
E-mail: reservas@casadavila.com  
Web: www.casadavila.com



### INFORMACIÓN XERAL

A casa é unha antiga casa de aldea rehabilitada na bisbarra de Terra de Lemos, respectando o encanto de antano.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao terreo onde se sitúa a casa é chaira, sen beirarrúas e asfaltada. Dende ela accédese á entrada principal da casa por unha rúa sen delimitar cuxo pavimento é de herba e terra, onde se poden aparcar os coches.

#### Acceso

- A entrada principal ten un chanzo de 2 cm de altura.
- Accédese por 1 porta de dobre folla, de madeira e parcialmente acrítica, que deixa un ancho de paso total de 1,48 m.
- Antes e despois desta hai espazo abondo para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas.

#### Habitación adaptada ('IRIS')

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na planta 0 e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 90 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 2 m.
- A cama ten unha altura de 55 cm, accédese a esta polo lado dereito, por un espazo de 1,8 m de ancho e polo lado esquerdo, por un de 1,5 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Dispón de andel a unha altura de 4 cm e un perchero a 2,1 m de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño da habitación adaptada

- A porta abre cara a dentro e mide 82 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 2 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 87 cm. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 70 cm.

- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito a 65 cm de altura e outra fixa no lado contrario.

#### Lavabo

- O lavabo ten pedestal, polo que dificulta a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,12 m e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 84 cm.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 2 m de ancho. Ten cortina para evitar a fuga da auga.
- O prato da ducha ten unha pequena cella de 2 cm.
- A ducha dispón de barras de apoio e de asento ortopédico.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,1 m. A alcachofa colócase sobre a billa.

#### Bañeira

- O aseo tamén dispón de bañeira, cuxo bordo está a unha altura de 43 cm.
- Non dispón de barras de apoio nin cadeira de transferencia. Dispón de biombo abatible.
- As billas requiren o xiro do pulso e están a unha altura de 59 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal é accesible, con pequeno chanzo de 2 cm, cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza de cor contrastada.
- A porta é acrítica parcialmente.
- Hai un felpudo antes da entrada e outro no vestíbulo, sen fixar ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar ('Diana')

- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- A altura da bañeira é de 42 cm e o biombo é de vidro e está sen sinalizar.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Os cuartos non dispoñen de TV, só en zona de comedor.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Non dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Sinalización

- A casa só dispón de rótulos que sinalan o nome dos distintos cuartos. Os rótulos seguen un mesmo patrón, están a unha altura media de 1,7 m. A altura dos caracteres é de 5 cm, son de cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille, nin en altorrelevo.


### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	O pavimento é de herba e grava. Non hai prazas delimitadas nin reservadas a PMR.
Comedor	Planta -1	Non accesible, por interior escaleira dende recepción e por exterior hai chanzo de suba de 10 cm	Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 77 cm. Altura baixo mesa: 66 cm. Ancho baixo mesa: 67 cm. Fondo baixo mesa: 65 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Escaleira	Da recepción á planta inferior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. N.º de chanzos por tramo: 9+9. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Sí. Con bocel: Sí. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: A un lado, 1,05 m. Oco baixo a escaleira protexido: Sí.

## Apartamentos Casa de Braña

Braña, 10 Veiga de Logares  
27112 A Fonsagrada (Lugo)  
Teléfono: 982 193 450  
Fax: 982 193 450  
E-mail: info@casoadebrana.com  
Web: www.casoadebrana.com



### INFORMACIÓN XERAL

Casa de Braña é un complexo de 5 apartamentos construídos no ano 2005, respectando o ámbito e a tipoloxía arquitectónica da zona, utilizando materiais autóctonos como madeira, pedra e lousa.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao terreo onde se sitúan os apartamentos encóntrase nunha rúa asfaltada, chaira e sen beirarrúas, despexada de obstáculos na liña de paso.
- A entrada principal dá paso a unha zona axardinada que ten o chan pavimentado e que facilita o acceso á casa. O itinerario é accesible xa que non hai chanzos ou ocos de paso estreitos.
- O aparcadoiro está no exterior do recinto. Non ten as prazas delimitadas no chan e non hai unha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). O itinerario ata a casa é accesible.

#### Acceso

- Os apartamentos encóntranse nun edificio, todos con acceso directo ao exterior sen comunicación interna. Chégase a estes por unha beirarrúa pavimentada de amplas dimensións que bordea a casa. O itinerario é accesible.

#### Vestíbulo e recepción

- O acceso á recepción realízase polo exterior do edificio xa que non se comunica internamente cos apartamentos. O itinerario é accesible ata os diferentes apartamentos.
- Na entrada á zona de recepción hai un chanzo de 13 cm sen rampla alternativa.
- A porta é de madeira, parcialmente acritalar e manual de doada apertura. Ten un oco de paso de 90 cm de ancho.
- En recepción existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 98 cm e debaixo non hai un espazo libre que permita a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

#### Apartamento adaptado

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible a través dunha rampla de 1,80 m de ancho, 1,50 m de longo e unha pendente do 14%.
- A porta do apartamento ten un oco de paso de 91 cm de ancho e a do dormitorio é de 80 cm.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 1,25 m.
- A cama ten unha altura de 52 cm. Accédese a esta por ambos os dous lados xa que no lado dereito hai un espazo de 75 cm de ancho e no esquerdo 80 cm.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura que varía entre 18 e 46 cm e o percheiro está a 1,60 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara ao exterior e mide 91 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,5 m de diámetro.

#### Inodoro

- A transferencia ao inodoro hai que realizala de forma oblicua, xa que xunto a este, hai unha parte de biombo fixo da ducha que impide o acceso lateral dende a cadeira de rodas. O asento está a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga está a 75 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo e unha fixa no dereito, situadas a unha altura de 70-75 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 70 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 62 cm de alto e 38 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é de tipo pomo e require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 90 cm e o resto dos accesorios do baño están a 85 cm.

#### Ducha

- O chan de ducha é continuo co resto do pavimento e é antiescorregadizo.



- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1 m de ancho.
- Ten unha barra de apoio fixa horizontal situada na parede lateral á da billa, a 99 cm de altura.
- Non dispón dun asento de ducha.
- A billa é de tipo pomo e está situada a unha altura de 1,01 m. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.
- A ducha ten 2 biombos abatibles que facilitan a aproximación coa cadeira de rodas, aínda que unha pequena parte, situada xunto ao inodoro, é fixa.

#### **Cociña e comedor do apartamento**

- Está situada xunto ao salón do apartamento e o itinerario é accesible.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 89 cm de altura pero teñen mobles debaixo que non permiten a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.
- Os andeis superiores están a unha altura que varía entre 1,35 e 2 m e as inferiores a unha altura de entre 20 e 80 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura que varía entre 26 e 47 cm e o conxelador a 26 cm.
- Non dispón de lavalouza.
- A mesa do comedor é de 4 patas e permite a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas. Ten 77 cm de altura e debaixo hai un espazo libre de 67 cm de altura, 1,07 m de ancho e 60 cm de fondo.

## **ACCESIBILIDADE VISUAL**

### **Acceso**

- No acceso á recepción hai un chanzo de 13 cm que non está sinalizado no bordo cunha franxa de pavimento e cor contrastada.
- A porta é manual de doada apertura, de madeira e parcialmente acritalar.
- Nos corredores de circulación, o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalidez visual.

### **Apartamento estándar (nº 1)**

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalidez visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

## **ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

### **Cuarto estándar**

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

### **Sinalización**

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.

### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

# Apartamentos Turísticos O Castro de Villaosende

Santalla de Vilaosende  
27700 Ribadeo (Lugo)  
Teléfono: 608 475 089/666 455 292  
Web: www.castrodevillaosende.com



## INFORMACIÓN XERAL

O Castro de Villaosende é un conxunto de 3 apartamentos turísticos rurais, con forno de leña e merendeiro compartidos.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- A entrada ao recinto da casa realízase dende unha rúa asfaltada, chaira e sen beirarrúas. Esta dá paso a unha zona axardinada que ten o chan pavimentado e que facilita o acceso á casa. Presenta unha lixeira pendente con tramos cunha inclinación de ata un 9%. O itinerario é accesible xa que non hai chanzos ou ocos de paso estreitos.
- O aparcadoiro é exterior, as prazas están delimitadas no chan e hai unha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). O itinerario ata a casa é accesible.

### Acceso e vestíbulo

- O acceso á casa realízase pola porta principal. Ten un oco de paso de 1,35 m, é de dobre folla, de madeira parcialmente acritalar e manual de doada apertura.
- A porta dá paso a un vestíbulo que distribúe os diferentes apartamentos.
- O pavimento é homoxéneo e antiescorregadizo.
- No vestíbulo hai un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

### Apartamento adaptado

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible.
- A porta do apartamento e do dormitorio teñen un oco de paso de 82 cm de ancho.
- No salón, na cociña e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 90 cm.
- A cama ten unha altura de 55 cm e accédese a esta por ambos os dous lados xa que hai un espazo de 80 cm de ancho.
- As portas do armario teñen tiradores de doada apertura. Os andeis están situados a unha altura que varía entre 30 e 60 cm. O percheiro está a 1,2 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é correída e ten un oco de paso de 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m polo lado dereito e 1,60 m pola fronte. O asento está a unha altura de 48 cm e o mecanismo de descarga a 1,06 m.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e unha fixa no esquerdo, situadas a unha altura de 70-80 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 75 cm.

### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 60 cm de fondo que permite a aproximación frontal da cadeira de rodas. A billa é tipo pomo e require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 87 cm e o resto dos accesorios do baño están a unha altura media de 82 cm.

### Ducha

- A ducha ten o chan ao mesmo nivel que o resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Dispón dun espazo libre de aproximación de 1,40 m.
- O establecemento dispón dunha cadeira de ducha móbil con respaldo.
- A ducha non ten unha barra de apoio pero pola proximidade existente, pódese usar a do inodoro.
- A billa é de pomo e está situada a unha altura de 90 cm. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa

### Cociña e comedor

- Está situada xunto ao salón do apartamento.
- Na cociña e no comedor hai un espazo libre de xiro de 1,5 m de diámetro.
- A cociña, o mesado e o vertedeiro están a 88 cm de altura. Debaixo teñen un espazo libre de 73 cm de altura, 45 cm de fondo e 65 cm de ancho que permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas.

- Os andeis superiores están a unha altura que varía entre 1,70 e 2,1 m.
- Os andeis inferiores están a unha altura de entre 30 e 80 cm.
- Os andeis e caixóns do frigorífico están a unha altura entre 20 cm e 1,03 m. Non ten conxelador.
- Dispón de lavalouza.
- A mesa do comedor é de 4 patas pero hai unha travesa central. Ten 78 cm de altura e debaixo hai un espazo libre de 68 cm de altura, 70 cm de ancho e 40 cm de fondo libre.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada ao recinto da casa realízase dende unha rúa asfaltada, chaira e sen beirarrúas. No itinerario non hai chanzos, mobiliario ou elementos voados que dificulten a deambulación. O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- A porta principal é de dobre folla, de madeira parcialmente acritalar e manual de doada apertura.
- No vestíbulo o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalía visual.

#### Apartamento estándar

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalía visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### Signalización

- A casa non dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Planta 0 (exterior)	Accesible	Non ten as prazas delimitadas no chan e non hai unha reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Escaleira	Dende o recibidor ao apartamento da planta superior	Sen ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Nº de chanzos: tres tramos de 6, 1 e 6 chanzos. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 19 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: a un lado, a 99 cm de altura. Oco baixo a escaleira protexido: Si.

## Hotel Francisco II (★★★★)

R/ Bedoya, 17-Esqu. Buenos Aires  
32004 Ourense  
Teléfono: 988 242 095  
Fax: 988 242 416  
Email: hfranciscoii@wanadoo.es  
Web: www.hfrancisco.net



### INFORMACIÓN XERAL

Elegante aloxamento situado no centro da cidade que dispón de 55 cuartos. O luxoso hotel está equipado con cafetería, restaurante, ximnasio, baño turco, negocio center e peiteado. Tamén dispón de 5 salóns completamente acondicionados para celebrar calquera tipo de celebración ou reunión de traballo.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O entorno encóntrase nunha rúa chaira, ampla e despexada de obstáculos.
- A rúa lateral é inclinada e a entrada ao hotel coincide coa esquina entre ambas as dúas rúas.

#### Acceso

- A entrada principal ten un chanzo de altura variable entre 5 e 20 cm.
- A porta principal é automática, ten dúas follas corredías de 80 cm de ancho cada unha.
- Dispónse dunha entrada alternativa, situada ao lado da entrada do aparcadoiro subterráneo dende a que se accede sen desniveis ata a recepción.
- Tamén pode accederse á recepción e aos cuartos dende o aparcadoiro subterráneo que está comunicado por medio dun ascensor.

#### Vestíbulo e recepción

- Ao cámping accédese a través dunha porta de forxa de apertura manual que permanece sempre aberta en horario de atención ao público.
- A entrada á recepción é a entrada principal ao bar-restaurante e o itinerario é accesible por unha rampla de 40 cm de lonxitude e unha inclinación do 17%.
- A porta abre cara ao exterior e ten un ancho libre de paso de 75 cm.

#### Recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1 m, non adaptado para persoas usuarias de cadeira de rodas.

#### Bungalow (Nº 4)

- N.º apartamentos accesibles: 1. O Bungalow consta de 2 plantas comunicadas con escaleiras sen itinerario alternativo accesible. Na planta baixa encóntrase o salón comedor, aseo, cociña americana e cuarto adaptado e na planta superior o resto de estancias.

- A porta do apartamento ten 3 chanzos cunha rampla como itinerario alternativo accesible de 1 m de ancho, 3 m de lonxitude e unha inclinación do 17%. Dispón de pasamáns no lado esquerdo (de suba) a unha altura de 94 cm.
- A porta abre cara ao interior e mide 82 cm, a súa apertura é con chave. No seu interior existe un espazo de xiro de 360° para unha persoa en cadeira de rodas.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- A porta do cuarto adaptado abre cara ao interior e ten un ancho libre de paso de 77 cm. A distancia mínima entre mobles é de 80 cm.
- O cuarto ten 3 camas, cunha altura de 51 cm e accédese a estas por ambos os dous lados por un espazo de 80 cm de ancho, aínda que poden moverse deixando máis espazo.
- As portas do armario son abatibles e teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura de 60 cm. O percheiro está fixo a 1,56 m de altura.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- A altura da mesa da cociña, o mesado e o vertedeiro é de 84 cm sen espazo inferior libre que permita a súa aproximación. A altura dos andeis e caixóns da cociña é de 1,46 m como mínimo. A apertura do frigorífico está a unha altura de 90 cm.

#### Cuarto de baño do bungalow

- A porta abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de 76 cm.
- No interior non existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten espazo libre de achegamento de 30 cm por ambos os dous lados e de 90 cm polo frontal. O asento está a unha altura de 39 cm e o mecanismo de descarga está a 70 cm.
- Non dispón de ningunha barra de apoio.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 71 cm de alto e 30 cm de fondo. A billa é monomando.

- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 1,20 m.

#### Bañeira

- A bañeira ten un espazo libre de aproximación lateral de 90 cm de ancho.
- A altura do bordo da bañeira é de 45 cm. Non dispón de táboa de transferencia nin barras de apoio.
- A billa é monomando e está situada na parede curta a unha altura de 1,14 m.

#### Aseo adaptado na zona común

- Hai unha cabina de aseio adaptado independente e común para ambos os dous sexos. Está situada no centro do cámping e o itinerario é accesible. É necesario pedir ao persoal a chave.
- Está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta da cabina abre cara a fóra e mide 82 cm.
- Tanto no exterior coma no interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga é un tirador e está a 73 cm de altura.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de entre 59 e 76 cm e outra fixa no lado dereito a 75 cm e cunha separación entre ambas as dúas de 82 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 70 cm de alto e 20 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m ao igual que o resto dos accesorios do aseio.

#### Ducha

- As duchas están situadas en cabinas independentes. A porta mide 70 cm e abren cara ao interior.
- O chan da ducha está igualado co resto do pavimento. Non dispón de barras de apoio nin de cadeira de ducha homologada.
- A altura da billa é de 1,10 m e require o xiro do pulso.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta de entrada á recepción é parcialmente acritalar e abre cara a fóra.
- Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

#### Bungalow estándar

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Bungalow estándar

- O número de bungalow indícase con caracteres grandes e en cor contrastada.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### Sinalización

- O cámping dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Non todos seguen un mesmo patrón pero os textos teñen 3 e 5 cm de altura e son de cor contrastada. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.


#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	Accesible	Ningunha praza está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR), pero non existe problema de estacionamento.
Parcelas	Exterior	Accesibles	Son chairas cun espazo suficiente para o coche, a tenda e a deambulación.
Secadoras e lavadoras	Exterior	Accesible	Altura dos botóns de mando: 1 m.
Bar-Restaurante	Exterior	Accesible	Ancho da porta: 80 cm. Altura barra: 1,10 m. Mesas cadradas de 4 patas. Altura da mesa: 79 cm. Altura baixo mesa: 66 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 60 cm. No dispón de carta en braille. Dispón de aseio adaptado.
Lavadeiros	Exterior	Accesible	Altura: 1 m
Escaleiras	Interior do bungalow	Sen itinerario alternativo	Os chanzos son irregulares xa que a escaleira é tipo caracol. Nº de escalóns por tramo: 7. Solo de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos escalóns: 19 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Altura do pasamáns: 76 cm no lado esquerdo. Oco baixo a escaleira protexido: Si.

# Cámping Municipal Arenteiro

Rúa do Parque Etnográfico, s/n  
32500 O Carballiño (Ourense)  
Teléfono: 988 271 064  
E-mail: camping@carballino.org  
Web: www.carballino.org



## INFORMACIÓN XERAL

Situado no ámbito do Parque Etnográfico Domingo Arenteiro, onde se recuperou un espazo xunto ao río no que toman especial atención os muíños, o seu funcionamento e a industria rural da agricultura galega. O lugar ofrece a posibilidade de practicar unha gran variedade de actividades en contacto directo coa natureza e de praia fluvial. O cámping dispón de 6 bungalows de 2 e 4/6 prazas e 30 parcelas para a acampada ou caravanas.

## ACCESIBILIDADE FÍSICA

### Entorno inmediato ao establecemento

- O acceso á recepción e ao resto das instalacións realízase por unha rúa en costa pronunciada de máis de 30 m de lonxitude, aínda que se pode chegar co coche ata esta.
- O ancho útil de paso da beirarrúa é superior a 2 m e o chan é duro, antiescorregadizo e homoxéneo.

### Acceso

- A entrada ao cámping realízase a través dunha baliza que permanece aberta en horario de atención ao público e abre dende recepción.
- Dende a rúa en costa antes descrita accédese aos aseos comúns e á barra do bar, situada na planta baixa e dende o exterior, por unha rúa paralela accédese á planta superior onde se sitúa o restaurante.
- Ao bungalow accesible accédese a través dunha porta de listóns de madeira e o pavimento pasa a ser de terra.

### Vestíbulo e recepción

- A recepción do público realízase a través dunha xanela do soportal, que está a 95 cm de altura. Fronte a esta existe un espazo libre de xiro de máis de 1,50 m de diámetro.

### Palozas de Arenteiro (Nº 2 "Penedo")

- N.º bungalows adaptados: 2. Está situado nunha parcela previa á recepción e accédese dende a calzada, a través dun camiño de lousas e de terra con céspede.
- Fronte á porta e perimetralmente ao bungalow existe unha pasarela asfaltada.

- A porta do apartamento mide 71 cm de ancho, abre cara ao interior cun manubrio situado a 1,19 m de altura e con chave.
- No interior do Bungalow existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 1 m.
- A cama ten unha altura de 46 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 70 cm de ancho.
- As portas do armario son abatibles e teñen tiradores de difícil manipulación. Os andeis están situados a unha altura entre 13 cm e 1,60 m. O percheiro está a 1,44 m.
- O interruptor da luz está situado xunto á cama.
- A mesa da cociña ten unha altura de 78 cm, baixo esta hai un espazo libre de 70 cm de alto, 60 cm de fondo e 70 cm de ancho.

### Cuarto de baño do bungalow

- A porta abre cara a fóra e mide 78 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento frontal de 1,20 m. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 75 cm de altura.

### Lavabo

- O lavabo dispón de pedestal e ten unha altura de 85 cm. A billa require o xiro do pulso.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,22 m e o resto dos accesorios do baño están a 1 m.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 70 cm.
- O prato da ducha ten un chanzo de 12 cm de altura e é antiescorregadizo.
- Non dispón dun asento de ducha nin de barras de apoio. A ducha dispón de cortina.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 73 cm. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.

### Aseo común adaptado

- Hai 1 cabina de aseo adaptada integrada en cada batería de aseos, unha no de señoras e outra no de cabaleiros e no itinerario hai 6 chanzos cunha rampla como itinerario alternativo accesible cunha inclinación do 10%, unha lonxitude de 2 m e un ancho de 1,20 m.
- O analizado é o aseo de señoras e non está sinalizado co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- Tanto a porta xeral dos aseos coma a da cabina adaptada abren cara a dentro e teñen un ancho libre de paso de 80 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,20 m de ancho polo lado esquerdo. O asento está situado a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 76 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de 56 e 72 cm.

### Lavabo

- O lavabo dispón de pedestal e ten unha altura de 67 cm. A billa é monomando.

### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral e frontal de 1 m
- O chan da ducha está igualado co resto do chan do baño e é antiescorregadizo.
- Non dispón dun asento de ducha. Ten unha barra de apoio horizontal ancorada á parede perpendicular ás billas, colocadas a unha altura aproximada de 70 cm.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 73 cm. A alcachofa non é regulable en altura, colócase sobre a billa.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada á recepción ten un chanzo de 13 cm cuxo bordo non está sinalizado cunha franxa antiescorregadiza e de cor contrastada.
- A porta é de vidro e abre cara a dentro, non está sinalizada con franxas horizontais ou co logotipo do establecemento en cor contrastada.
- Accédese aos apartamentos, subindo unha rúa lateral con costa pronunciada e beirarrúas estreitas por un portal que ten un chanzo de 3 cm. A porta é parcialmente acritalar e abre cara a fóra.
- Na recepción o pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con discapacidade visual.

### Apartamento estándar ('Primeiro A')

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- A TV ten un sistema multimedia que permite a comunicación con recepción e ten decodificador de teletexto.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Non todos seguen un mesmo patrón pero os textos teñen 3 cm de altura e son de cor contrastada. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior	En costa	Ningunha das prazas dispoñibles está reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Cociña	Interior bungalow	Accesible	O mesado, o vertedeiro e os fogóns están a unha altura de 90 cm sen espazo baixo os mesmos que permitan a súa aproximación. Altura dos andeis e caixóns: 80 cm-1,60 m.
Cafetería	Planta baixa	Rúa de acceso en costa pronunciada: 19% de inclinación	Altura barra de cafetería: 1,10 m. Mesas cadradas de 4 patas. Altura de mesa: 79 cm. Altura baixo mesa: 68 cm. Ancho baixo mesa: 75 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm. No dispoñen de carta en braille.
Restaurante	Planta 1ª	Accesible dende a rúa a través dunha rampla do 17% de inclinación	Mesas cadradas de 4 patas e redondas. Teñen as mesmas características que as de cafetería.

## Apartamentos As Casiñas da Avoa Carlota

Freas da Canda, s/n. Estr. Cea-Oseira  
32137 Piñor de Cea (Ourense)  
Teléfono: 633 239 004/693 649 626  
E-mail: info@casascarlota.com  
Web: www.casascarlota.com



### INFORMACIÓN XERAL

A natureza, a historia e a cultura danse a man en Piñor. Merecen especial mención as pozas, onde se traballa o liño, repartidas por varias aldeas do municipio. Entre os seus encantos naturais destacan as súas augas, os distintos ríos e regueiros que surcan estas terras, creando pintorescas imaxes. O aloxamento dispón de 4 apartamentos, o chamado "Os Pinochos" está adaptado para persoas de mobilidade reducida, consta dun salón-cociña e habitación con aseo.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O entorno onde se sitúan os apartamentos é unha paraxe sen asfaltar.
- A entrada accesible é pola parte traseira da casa, a través dun patio cunha porta de forxa que ten un ancho libre de paso de 1 m e que conduce a un soportal con pavimento regular, homoxéneo senocos nin chanzos.
- Non dispón de Aparcadoiro, o vehículo pode estacionarse na rúa colindante xunto á porta de acceso traseira.

#### Acceso

- A entrada ao apartamento realízase por unha porta que abre cara a dentro e ten un ancho libre de paso de 86 cm. Ábrese con chave, antes e despois da mesma existe un espazo de 1,50 m de diámetro para realizar as manobras de xiro dunha persoa en cadeira de rodas.

#### Apartamento ('Os Pinochos')

- N.º apartamentos adaptados: 1. Está na planta baixa e o itinerario é accesible dende o patio.
- No salón e no dormitorio existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro. A distancia mínima entre mobles é de 1 m.
- A porta de acceso ao dormitorio é corredía e ten un ancho libre de paso de 76 cm.
- A cama ten unha altura de 57 cm e accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo de 1 m de ancho.
- As portas do armario son abatibles 90° e teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis están situados a

unha altura de 52 cm. O percheiro está fixo a 1,90 m de altura.

- O interruptor da luz está situado xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de 76 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento polo lado esquerdo de 1,20 m e de 90 cm pola fronte. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga é de presión e está a 90 cm.
- O inodoro dispón dunha barra de apoio abatible a cada lado, situadas a 81 e 97 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 67 cm.

#### Lavabo

- O lavabo permite a aproximación frontal dun usuario en cadeira de rodas, a altura libre baixo este é de 82 cm e o fondo de 50 cm. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,10 m e o resto dos accesorios do baño están a 1 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación frontal de 1,08 m de ancho.
- O chan da ducha está ao mesmo nivel que o resto do pavimento do cuarto de baño e é antiescorregadizo.
- Non hai unha cadeira ou asento de ducha homologado.
- Ten unha barra de apoio vertical situada na parede longa das billas a unha altura de 1,25 m. Non hai un asento de ducha homologado.
- A billa require o xiro do pulso e está situada a unha altura de 1,17 m. A ducha ten cortinas para evitar a fuga de auga.

#### Cociña e comedor

- A cociña está integrada no salón do apartamento.
- Na cociña hai un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.
- O mesado, cociña e vertedeiro están a 80 cm de altura, teñen mobles debaixo polo que non permiten

a aproximación frontal de usuarios de cadeira de rodas.

- Os andeis dos armarios e o frigorífico están a unha altura de 70 cm.
- A mesa ten unha altura de 80 cm e debaixo existe un espazo inferior libre de 77 cm de altura, 70 cm de ancho e 70 cm de fondo.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### **Acceso**

- A porta é parcialmente acritalar e abre cara a dentro.
- No apartamento o pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes. Non existen elementos voados que impliquen risco para persoas con minusvalía visual.

#### **Apartamento estándar**

- O número do cuarto indícase con grandes caracteres e en cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con minusvalía visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- A iluminación é homoxénea.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### **Cuarto estándar**

- A TV dispón de decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

#### **Sinalización**

- O aloxamento dispón de rótulos que sinalan a situación das diferentes estancias. Non dispoñen de información en braille nin en altorrelevo.

#### **Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

## Hotel Augusta Spa Resort II (H★★★★)

R/ Padriñán, s/n  
36960 Sanxenxo (Pontevedra)  
Teléfono: 986 727 878  
Fax: 986 727 060  
E-mail: reservas@augustasparesort.com  
Web: www.augustasparesort.com

### INFORMACIÓN XERAL

Situado a 600 m da célebre Praia de Silgar, a 250 m do centro urbano e a 600 m do Pazo de Congressos, o Augusta Spa Resort está encravado nunha tranquila zona verde residencial dende a que contemplar os mellores atardeceres de Sanxenxo.

A súa privilexiada orientación permitiralle gozar dos raios do sol durante o temperán amañecer ata o solpor, dando brillo e luz a todos os seus xardíns.

Os nosos máis de 16.000 m<sup>2</sup> (entre os nosos 2 edificios, separados 60 m) dedicados por enteiro ao relax e goce da Cultura da Auga sitúannos como o maior e máis completo centro Spa de Galicia.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa onde se encontra o establecemento é ampla, despexada de obstáculos e está en lixeira pendente.

#### Acceso


- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- A porta principal é de vidro, automática, corredía e cun ancho libre de paso de 1,35 m. Antes e despois desta hai espazo abondo para facer un xiro de 1,50 m de diámetro coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,06 m, non adaptado para usuarios de cadeira de rodas, xa que non permite a aproximación frontal a este.

#### Cuarto adaptado (Nº 220)

- N.º cuartos adaptados: 2. Está na 2ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada mide 76 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é superior a 1,25 m.
- A cama ten unha altura de 55 cm. Accédese a esta por ambos os dous lados por un espazo libre de 80 cm de ancho.
- As portas dos armarios son corredías. Os andeis e caixóns están a unha altura que varía entre 20 e 60 cm e o percheiro está fixo a 1,80 m.



- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,60 m.
- Existe unha zona con sofá cama que non é accesible xa que hai 3 chanzos de 18 cm de altura. A terraza ten un chanzo de 17 cm.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e mide 80 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,10 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de 1,20 m. O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 80 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo a unha altura de 80 cm.

#### Lavabo

- O lavabo ten un espazo inferior libre de 67 cm de altura e 54 cm de fondo, que permite a aproximación frontal dunha persoa en cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do baño están entre 79 cm e 1,50 m.

#### Ducha e Bañeira

- O baño dispón de ducha e bañeira.
- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,15 m. Ten un biombos abatible.
- O chan da ducha é continuo co resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón dun asento de ducha homologado.
- Hai 1 barra de apoio na parede lateral ás billas, a unha altura de entre 90 cm e 1,16 m.
- A billa é monomando e está a unha altura de 1,20 m.
- A bañeira está a unha altura de 52 cm. Ten unha barra de apoio situada a unha altura de entre 60 e 80 cm.
- Non dispón de asento ou táboa de transferencia.
- As billas son monomando e están a unha altura entre 70 cm e 1,50 m.



### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 cabina de aseo adaptada para cada sexo. Están situadas na planta 1ª e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- É unha cabina integrada nos aseos comúns e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta xeral e a da cabina miden 78 cm de ancho e ambas as dúas abren cara a dentro.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 98 cm de ancho polo lado dereito e pola fronte de 1,07 m. O asento está situado a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga a 80 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado esquerdo a unha altura de 80 cm.

### Lavabo

- O lavabo ten un espazo libre inferior de 62 cm e un fondo de 55 cm. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,13 m e o resto dos accesorios do aseo están a 1,50 m de altura.

## ACCESIBILIDADE VISUAL

### Acceso

- A entrada principal é accesible, sen desniveis.
- A porta principal é de vidro, automática, corredia e está sinalizada con franxas horizontais de cor contrastada.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Tampouco existen elementos voados que impliquen risco.

### Cuarto estándar (Nº 221)

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con cor contrastada.
- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.
- O baño dispón de prato de ducha con chanzo.

## ACCESIBILIDADE AUDITIVA

### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet por WIFI e a TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre", nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,70 m.
- O tamaño dos caracteres é de máis de 1,5 cm e presentan unha cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelevo.

### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadeiro		Accesible	Hai 1 praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). Non está sinalizada co SIA.
Restaurante-Cafetería -Buffet	Planta 1ª	Accesible a cafetería	Para acceder á zona de restaurante e buffet hai 3 chanzos de 18 cm de altura. Altura da barra de cafetería: 1,10 m. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho mesa: 70 cm. Fondo mesa: 70 cm. Dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións	Planta 1ª	Accesible con ascensor	Ancho da porta: 80 cm. Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 69 cm. Ancho baixo mesa: 1,40 m. Fondo baixo mesa: 24 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Ancho da porta: 80 cm. Altura do botón de chamada: 1,20 m. Ancho e fondo de cabina: 1,07 x 1,39 m. Altura dos botóns: entre 1,06 e 1,20 m. Altura do pasamáns: 90 cm. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non e visuais: Si. Botóns en altorrelevo e braille: Si. Botón de emerxencia con testemuño luminoso: Non.
Escaleiras interiores	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 18 cm e fondo: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo: Non. Pasamáns: Si.
Piscina-Spa	Planta 1ª	Accesible por corredor do 10,5%	Non dispón de grúa de acceso ao vaso nin de vestiarios adaptados.

## Hotel Carril (H★★★★)

R/ Lucena, s/n  
36610 Carril- Vilagarcía de Arousa (Pontevedra).  
Teléfono: 986 511 507  
Fax: 986 509 612  
E-mail: reservas@hotelcarril.com  
Web: www.hotelcarril.com



### INFORMACIÓN XERAL

O hotel encóntrase nunha situación inmillorable, en pleno paseo marítimo, polo que todas as súas instalacións gozan de excelentes vistas sobre a Ría de Arousa. Dispón de 29 confortables cuartos dobres, individuais, familiares e suite, algunhas delas con vistas ao mar e todas dotadas coa máxima comodidade: aire acondicionado, internet, minibar, caixa forte, etc. Se desexa desprazarse, recomendámoslle que visite Cambados a 10 Km., Pontevedra a 20 Km., O Grove a 25 Km. e Santiago de Compostela a 30 Km.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- A rúa de acceso é chaira, ampla e despexada de obstáculos.

#### Acceso

- A entrada principal do hotel ten 6 chanzos de 15 cm de altura e xunto a eles existe unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- A rampla de acceso mide 10 m de lonxitude, 1,60 m de ancho e ten unha inclinación do 10,5%. Dispón de pasamáns polo lado esquerdo (de suba) a unha dobre altura de 70 e 99 cm, é continuo pero non está prolongado ao inicio nin ao final.
- A porta é de apertura manual.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador ten unha dobre altura de 75 cm e 1,05 m. Baixo este non existe un espazo libre que permita a un usuario en cadeira de rodas a aproximación frontal.

#### Cuarto adaptado (Nº 101)

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 76 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360° coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,45 m.
- A cama ten unha altura de 50 cm e accédese a esta polo lado dereito por un espazo de 1,20 m de ancho e polo esquerdo de 95 cm. Hai alfombras non ancoradas correctamente ao chan.
- As portas dos armarios son corredías de doada apertura. O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,56 m.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta é corredía e ten un ancho libre de paso de 72 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1 m de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,20 m. O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 78 cm. Dispón dunha barra de apoio fixa vertical no lado dereito e outra barra abatible no lado esquerdo a 58 e 77 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 70 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 55 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 46 cm e o resto dos accesorios do baño están a 80 cm de altura.

#### Ducha

- O cuarto de baño dispón de ducha, cun espazo de aproximación lateral de 1,50 m.
- O chan da ducha está igualado co resto do pavimento do baño e é antiescorregadizo.
- Ten un asento situado a 44 cm de altura e cunhas dimensións de 40 cm de ancho e 35 cm de fondo.
- A ducha dispón dunha barra de apoio en forma de "L", no lado contrario ás billas e a unha altura de 70 cm e 1,30 m.
- A billa require o xiro do pulso e encóntrase a 95 cm de altura. A alcachofa é regulable en altura e está a 1,10 m como mínimo.

#### Aseo adaptado na zona común

- Está situado en planta -1 e o itinerario é accesible utilizando o ascensor. Hai unha cabina adaptada, independente e común para ambos os dous sexos. Non se sinalizou co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a fóra e ten un ancho libre de paso de 77 cm.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 1,18 m de ancho polo lado dereito e pola fronte de

1,40 m. O asento está situado a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 77 cm.

- Ten unha barra de apoio abatible no lado dereito e outra fixa no lado esquerdo, a 56 e 73 cm de altura e cunha separación entre ambas as dúas de 90 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 74 cm de alto e 45 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1 m e o resto dos accesorios do aseo están entre 50 cm e 1 m.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A entrada principal do hotel ten 6 chanzos de 15 cm de altura e xunto a eles existe unha rampla como itinerario alternativo accesible.
- Os chanzos son do mesmo tamaño, sen bocel nin tabica e os seus bordos non teñen unha franxa antiescorregadiza de cor contrastada. Conta con pasamáns a ambos os dous lados.
- A porta principal é automática, parcialmente acritalar e sinalizada con franxas de cor contrastada.
- O mobiliario do vestíbulo está distribuído de forma que non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Non existen elementos en beiril que impliquen risco.

#### Cuarto estándar (Nº112)

- O número dos cuartos indícase en grandes caracteres e con contraste de cor.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Existe conexión a Internet. Dispón de información escrita dos servizos prestados.
- A TV ten decodificador de teletexto e hai un enchufe ao lado da cama.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de "ocupado ou libre" nin banda libre inferior que permita ver se hai alguén dentro deste.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das estancias e servizos, presentan contraste cromático e non están complementadas en braille ou altorrelevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadeiroiro	Planta -1	Accesible con ascensor	Existe 1 praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR).
Restaurante/ Buffet	Planta baixa	Accesible	Mesas rectangulares e redondas con pata central. Altura barra buffet: 80 cm. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 73 cm. Ancho baixo mesa: 1,20 m. Fondo baixo mesa: 45 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Mesas redondas con pata central. Altura de mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 25 cm. Non dispoñen de carta en braille. Altura de barra de cafetería: 1,10 m Mesas redondas con pata central.
Salón Convencións	Planta -1	Accesible con ascensor	Colocan o mobiliario en función do evento. Altura de mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 71 cm. Ancho baixo mesa: 1,95 m. Fondo baixo mesa: 91 cm. Colocan o mobiliario en función del evento.
Piscina	Exterior	Practicable con rampla	Non dispón de grúa de acceso ao vaso. Non dispoñen de vestiarios nin de aseos adaptados. A rampla mide 1,35 m de ancho, 1,32 m de lonxitude e ten unha inclinación do 14%.
Escaleira	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Altura dos chanzos: 17 cm. Fondo da pegada: 30 cm. Con tabica: Si. Con bocel: Non. Zócolo de protección lateral: Non. Altura de pasamáns: 1,04 m, a un lado. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible ata a porta	Altura dos botóns de chamada: 1,20 m. Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,07 x 1,40 m. Altura dos botóns de mando: entre 90 cm e 1,08 m. Altura do pasamáns: 1 m. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros e visuais: Si. Botóns con números en altorrelevo e braille: Si. Botóns de cor contrastada: Si. Botón de emerxencia cun testemuño luminoso: Si.

## Hotel Balneario Louxo A Toxa (H★★★★)

O Grove (San Martiño)  
36991 Illa A Toxa (Pontevedra)  
Teléfono: 986 730 200  
Fax: 986 732 791  
Web: www.louxolatoja.com  
E-mail: hotel@louxolatoja.com

### INFORMACIÓN XERAL

O Hotel Louxo está situado na Illa da Toxa, un verdadeiro paraíso pola súa tranquilidade, o seu clima, as súas augas medicinais e as súas múltiples actividades deportivas e de ocio. Un lugar ideal para unhas cómodas vacacións rodeadas de todo luxo de detalles e un trato cordial.

Na planta baixa sitúase a recepción, cafetería, aseos comúns, restaurante-buffet, salóns sociais e balneario. Nas plantas superiores están os cuartos.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- O hotel está situado nunha rúa chaira, con beirarrúas amplas e despeixadas de obstáculos.
- O pavimento é duro, antiscorregadizo e homoxéneo.
- O aloxamento posúe aparcadoiro na planta baixa, dispón de 2 prazas adaptadas sinalizadas co SIA, Símbolo de Accesibilidade Universal.

#### Acceso

- A porta de acceso é acritalar parcialmente, de doada apertura e cun oco de paso de 1,77 m.
- O espazo anterior e posterior a esta é horizontal e permite a inscrición dun xiro coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- Situada na planta baixa con itinerario accesible
- O pavimento é homoxéneo e antiscorregadizo

#### Cuarto adaptado (Nº 124)

- N.º cuartos adaptados: 2. Están na primeira planta e o itinerario é accesible utilizando o ascensor.
- A porta de entrada ten un ancho libre de paso de 80 cm.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro para facer un xiro de 360º coa cadeira de rodas. A distancia entre mobles é de 1,32 m na súa parte máis estreita.
- A cama ten unha altura de 50 cm e accédese a esta polo lado esquerdo por un espazo de 2,50 m de ancho.
- As portas dos armarios son corredias de doada manipulación. Os andeis están situados a unha altura mínima de 50-70 cm.



- O interruptor da luz e os mecanismos de control están situados xunto á cama.

#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e mide 85 cm de ancho. No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo de achegamento polo lado esquerdo de 84 cm. O asento está a unha altura de 42 cm e o mecanismo de descarga é un tirador e está a 77 cm.
- Dispón dunha barra de apoio abatible no lado dereito a unha altura de 40 e 77 cm e unha fixa no lado oposto, a separación entre elas é de 77 cm.

#### Lavabo

- Debaixo do lavabo hai un espazo libre de 75 cm de alto e 40 cm de fondo. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello e do resto dos accesorios do baño é de 82 cm.

#### Bañeira

- O aseo está equipado con bañeira, a altura superior do bordo é de 43 cm.
- Dispón de asento de baño homologado para realzar as trasferencias.
- A bañeira está equipada con 2 barras verticais colocadas na parede perpendicular ás billas, a unha altura de 60 cm.

#### Aseo adaptado en zona común

- Situado na planta baixa con itinerario accesible, está sinalizado na porta da cabina co SIA.
- A porta ábrese cara a fóra e deixa un oco de paso de 83 cm de ancho.
- No interior existe un espazo reducido que permite facer un xiro de 1,50 m de diámetro.

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento pola fronte de 1,50 m de ancho e polo lado esquerdo de 1,02 m.
- Ten 2 barras de apoio; unha abatible situada a 93 cm-1,10 m de altura no lado esquerdo e unha fixa a 92 cm e 1,37 m no lado dereito e cunha separación entre ambas as dúas de 59 cm.

### Lavabo

- O lavabo dispón de pedestal e non permite a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura dos accesorios do baño é de 77 cm.

### ACCESIBILIDADE VISUAL

#### Acceso

- A porta é manual e parcialmente acritalar.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocos nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.

#### Cuarto estándar (nº 108)

- O número do cuarto indícase en letras grandes e en cor contrastada.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual.
- Existen felpudos e alfombras correctamente ancorados en toda a súa superficie.

### ACCESIBILIDADE AUDITIVA

#### Cuarto estándar

- Dispoñen de conexión a Internet.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.

- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

#### Aseos comúns

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”; nin unha banda libre inferior que permita ver se hai alguén no seu interior.

#### Sinalización

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e o tamaño dos caracteres é adecuado para a súa correcta visualización. Non están complementados con información en braille nin en alto relevo.

#### Atención ao cliente

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Ximnasio/ Piscina	Planta baixa	Accesible	O oco de paso dos corredores é de 1,20 m. Ancho da porta: 77 cm.
Cafetería	Planta baixa	Accesible	Ancho de porta: 1,57 m. Mesas redondas con pata central. Altura de mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho baixo mesa: 70 cm. Fondo baixo mesa: 35 cm.
Restaurante/ Buffet almorzos	Planta baixa	Accesible	Mesas cadradas de 4 patas e redondas. Altura de mesa: 74 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 79 cm. Fondo baixo mesa: 79 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Sala de reunións	Planta baixa	Accesibles	Altura de mesa: 75 cm. Altura baixo mesa: 70 cm. Ancho baixo mesa: 80 cm. Fondo baixo mesa: 70 cm.
Ascensor (3)	Todas as plantas	Accesible	Altura dos botóns de chamada: 1,23 m. Ancho da porta: 79 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,50 x 1,43 m. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns con números en alto relevo: Si. Botóns con números en braille: Si. Botóns de cor contrastada: Non.
Escaleiras	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non.

## Hotel Parador de Tui San Telmo (H★★★★)

Avda. Portugal S/N  
36700 Tui (Pontevedra)  
Teléfono: 986 600 300  
Fax: 986 602 163  
E-mail: tui@parador.es  
Web: www.parador.es

### INFORMACIÓN XERAL

O Hotel da histórica cidade de Tui, fronteiriza con Portugal, reproduce fielmente un pazo rural galego, nun ámbito montañoso e fluvial.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

- Accédese á zona axardinada do hotel dende unha rúa asfaltada, chaira sen beirarrúas e despexada de obstáculos.
- O itinerario dende o aparcadoiro ata o hotel é por unha zona asfaltada de grande amplitude e cunha lixeira pendente, nalgúns tramos do 6%. Na zona de entrada hai unha pequena cella de 2 cm para salvar a beirarrúa.

#### Acceso

- A entrada principal ten un desnivel no chan dunha inclinación axeitada do 2,9%.
- A porta principal é parcialmente acritalar, manual de doada apertura e mide 1,10 m de ancho. Antes e despois desta hai espazo abondo para facer un xiro de 1,50 m de diámetro coa cadeira de rodas.

#### Vestíbulo e recepción

- O mostrador de atención ao público ten unha altura de 1,15 m. Non ten unha zona adaptada a persoas con minusvalía.

#### Cuarto adaptado

- N.º cuartos adaptados: 1. Está na 1ª planta e o itinerario é accesible.
- A porta de entrada mide 88 cm de ancho.
- No dormitorio existe un espazo libre de 1,50 m de diámetro. A distancia entre mobles é superior a 1 m.
- A cama ten unha altura de 49 cm. Accédese a esta por ambos os dous lados xa que no lado dereito hai un espazo de 90 cm de ancho e no esquerdo 1,30 m.
- As portas dos armarios teñen tiradores de difícil apertura. Os andeis e caixóns están a unha altura que varía entre 15 e 75 cm e o percheiro a 1,80 m.
- O interruptor da luz e o teléfono están situados xunto á cama e os aparatos de control de temperatura están a unha altura de 1,48 m.



#### Cuarto de baño do cuarto adaptado

- A porta abre cara a fóra e mide 90 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,50 m de diámetro

#### Inodoro

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,40 m. O asento está a unha altura de 40 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio abatible no lado esquerdo a unha altura de 76 cm e unha fixa vertical no lado dereito do inodoro, a unha altura de entre 20 cm e 1,17 m. Ambas as dúas teñen unha separación de 60 cm.

#### Lavabo

- O lavabo ten pé e dificulta a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 89 cm e o resto dos accesorios do baño están entre 86 cm e 1,15 m.

#### Ducha

- A ducha ten un espazo libre de aproximación lateral de 1,8 m.
- O chan da ducha é continuo co resto do pavimento e é antiescorregadizo.
- Non dispón dun asento de ducha homologado.
- Hai 1 barra de apoio horizontal na parede lateral ás billas, a unha altura de 91 cm.
- A billa é monomando e está integrada nun panel de columna hidromasaxe, a unha altura de 1,64 m.

#### Aseo adaptado en zona común

- O hotel conta con 1 aseo adaptado na zona común. Está situado na planta baixa e o itinerario é accesible.
- É unha cabina independente do resto e está sinalizada co Símbolo Internacional de Accesibilidade (SIA).
- A porta ábrese cara a dentro e mide 88 cm de ancho.
- No interior existe un espazo libre de xiro de 1,20 m de diámetro.

**Inodoro**

- O inodoro ten un espazo libre de achegamento de 90 cm de ancho polo lado esquerdo e pola fronte de 1,10 m. O asento está situado a unha altura de 41 cm e o mecanismo de descarga a 73 cm.
- Ten unha barra de apoio fixa no lado dereito e unha abatible no esquerdo. Están a unha altura de entre 70 cm e 1,03 m e cunha separación entre ambas as dúas de 78 cm.

**Lavabo**

- O lavabo ten un pé central que dificulta a aproximación frontal dun usuario de cadeira de rodas. A billa é monomando.
- A altura do bordo inferior do espello é de 1,28 m pero está inclinado e permite a súa correcta utilización. O resto dos accesorios do aseo están a 93 cm de altura.

**ACCESIBILIDADE VISUAL**

**Acceso**

- A porta principal é acritalar parcialmente e é manual de doada apertura. Diante desta, hai un felpudo correctamente ancorado ao chan.
- O pavimento é homoxéneo, sen ocós nin resaltes.
- O mobiliario non obstaculiza a circulación de persoas con discapacidade visual. Tampouco existen elementos voados que impliquen risco.

**Cuarto estándar (Nº009)**

- O número do cuarto indícase en letras grandes e con cor contrastada.

- O mobiliario está distribuído de maneira que non constitúe un obstáculo para a circulación de persoas con discapacidade visual. Non hai elementos voados que impliquen risco.

**ACCESIBILIDADE AUDITIVA**

**Cuarto estándar**

- Existe conexión a Internet por cable e WIFI.
- A TV ten decodificador de teletexto.
- Hai un enchufe ao lado da cama.
- Dispón de información escrita dos servizos prestados.

**Aseos comúns**

- As portas dos aseos non teñen un sistema de peche cun sinal visual de “ocupado ou libre”; nin unha banda libre inferior que permite ver se hai alguén no seu interior.

**Sinalización**

- O hotel dispón de rótulos que sinalan a situación das distintas estancias e servizos. Os rótulos seguen un mesmo patrón e están a unha altura media de 1,70 m.
- O tamaño dos caracteres é de 4 cm e presentan unha cor contrastada respecto ao fondo. Non están complementados con información en braille nin en altorrelev.

**Atención ao cliente**

- Ningunha persoa de atención ao cliente coñece a lingua de signos.

Outras estancias	Ubicación	Tipo de itinerario	Características destacables
Aparcadoiro	Exterior		Hai 1 praza reservada para Persoas de Mobilidade Reducida (PMR). Mide 2,5 m de ancho e 5 m de largo. Está sinalizada co SIA.
Restaurante e Cafetería	Planta 0	Accesible	Altura da barra de cafetería: 1,11 m. Mesas cadradas. Altura de mesa: 76 cm. Altura baixo mesa: 72 cm. Ancho mesa: 76 cm. Fondo mesa: 90 cm. Non dispoñen de carta en braille.
Salón Buffet Almorzos	Planta 0	Accesible por unha rampla de 1,8 m de ancho, 3,2 m de largo e cunha pendente do 4%	Altura de barra buffet: 91 cm. Mesas cadradas con patas no centro que dificultan a aproximación. Altura de mesa: 71,5 cm. Altura baixo mesa: 69,5 cm. Ancho baixo mesa: 78 cm. Fondo baixo mesa: 20 cm.
Sala de reunións	Planta 0	Accesible	Mesas rectangulares. Altura de mesa: 56 cm. Altura baixo mesa: 51 cm. Ancho baixo mesa: 61 cm. Fondo baixo mesa: 80 cm.
Ascensor	Todas as plantas	Accesible	Ancho da porta: 80 cm. Ancho e fondo de cabina: 1,06 x 1,20 m. Altura dos botóns: entre 1,12 e 1,61 m. Espello fronte á porta: Si. Pasamáns: Non. Chan de textura e cor distinta fronte á porta: Non. Cabina con sinais sonoros: Non. Botóns en altorrelev: Non. Botóns en braille: Non. Botóns de cor contrastada: Si. Cabina con sinais visuais: Si. Botón de emerxencia con testemuño luminoso: Non.
Escaleiras	Todas as plantas	Con ascensor alternativo	Tipo de escaleira: Interior. Chan de textura e cor distinta en inicio e final: Non. Con tabica: Si. Con bocel: Si. Zócolo de protección lateral: Non. Pasamáns: a un lado a 90 cm de altura. Oco baixo a escaleira protexido: Si.
Piscina	exterior		Non dispón de grúa de acceso ao vaso nin de vestiarios adaptados.

## Hotel Bosque Mar (H\*\*\*)

Reboreda, 23  
36988 O Grove (Pontevedra)  
Teléfono: 986 731 055  
Fax: 986 730 512  
E-mail: info@bosquemar.com  
Web: www.bosquemar.com



### INFORMACIÓN XERAL

O Hotel Bosque Mar encóntrase no lugar de Reboreda, idealmente situado a 300 m da praia e a 3 Km do Grove e da Illa da Toxa. Dispón de 48 cuartos, 12 estudos e 9 apartamentos. No marabilloso xardín situado entre os dous edificios que compoñen o hotel, sitúanse dúas piscinas, unha exterior e outra cuberta climatizada, a cal dispón de jacuzzi.

O Hotel Bosque Mar dispón así mesmo de aparcadoiros e garaxe privados, cafetería e salóns sociais climatizados. O seu prestixioso restaurante conta cunha exquisita cociña orixinal, tradicional e moderna, onde se combina a gastronomía galega coa internacional.

### ACCESIBILIDADE FÍSICA

#### Entorno inmediato ao establecemento

